

TEXTOS LITERARIOS SOBRE A COSTA DA MORTE

por

Xosé María Rei Lema



SEMINARIO DE ESTUDOS COMARCAIS
PARA A PROMOCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
DA COSTA DA MORTE

©Xosé María Rei Lema
ISBN: 978-84-694-4012-4
DL: C 1112-2011
IMPRIME: Tórculo Artes Gráficas S.A.

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohíbe a reprodución, plaxio, en todo ou en parte dunha obra literaria, artística ou científica sen a preceptiva autorización.

A realización desta obra foi posible grazas ó Proxecto Singular “Percorrendo Vieiros da Costa da Morte”, aprobado pola Deputación da Coruña.

INTRODUCCIÓN

“A Costa da Morte non ten uns límites físicos, ten uns límites emocionais. É como o reino antigo de Artur. Tampouco tiña fronteiras. Tiña un centro, Camelot. E alí onde houbese un cabaleiro loitando no nome do rei Artur, ata alí chegaba o seu reino. O mesmo sucede con nós, hai un centro, Camelle ou Arou, os portos máis pobriños, máis abertos ao océano. E dende este centro alí onde haxa un mariñeiro que sinta o mar bravo, ata aló chegará a Costa da Morte. Algúns din de Malpica a Fisterra, pois de Malpica a Fisterra. Outros ata A Coruña, pois ata Coruña... porque os límites non son físicos, son límites de emoción”.

XELUCHO ABELLA

Case 300 anos de textos literarios dedicados á Costa da Morte, de 1728 a 2010, compoñen a base desta publicación. Poesía, narrativa e teatro en diferentes linguas (galego, castelán, portugués, inglés, italiano), textos que falan desta terra, que como ben dixo Xelucho Abella ten uns límites emocionais máis que físicos, pero que nós consideramos a partir da súa habitual configuración (comarcas de Nemancos, Terra de Soneira e os catro concellos do oeste de Bergantiños). A distribución dos textos é cronolóxica, e dentro das entradas do mesmo ano distribuímolas seguindo unha orde alfabética dos seus autores.

Compoñen o corpus desta obra 156 entradas, que se corresponden con 167 textos de 130 autores. Desas 156 entradas, 95 son textos poéticos, 60 son narrativos e 1 é dramático; do mesmo xeito, 129 están escritos en galego, 18 en castelán, 6 en portugués, 2 en inglés e 1 en italiano. Como en toda antoloxía a escolla ten moito de subxectiva, pero consideramos que neste corpus aparece ben representado todo o territorio da Costa da Morte, e nel ofrécese un amplo percorrido pola literatura dos tres últimos séculos, considerando dende a escrita máis culta ata a popular.

O lector poderá atopar aquí a visión que 130 escritores teñen sobre a Costa da Morte, ou polo menos dalgún anaquinho desta terra, tanto de autores nativos

dela coma de forasteiros que a coñeceron e souberon apreciar, como espero que aprecie o lector esta recolleita.

Que lles preste.

XOSÉ MARÍA REI LEMA
Febreiro de 2011

ANTONIO RIOBOO E SEIXAS [Santiago de Compostela, 1685 - 1763]

La barca más prodigiosa [Santiago de Compostela: Imprenta de Andrés Frayz, 1728]

XII

Donde el Monarcha de la Esphera ardiente,
Urna erige espumosa el grande Occéano,
Es el Árt habro, o Néreo preeminente,
(Aora Finisterrae) al Reyno Cano,
Término, y Valla, en donde el continente
Finaliza habitable de lo humano;
Pues de su luz en pálidos desmayos,
Fixa allí el non plus-ultra de sus rayos.

LXXII

En este Puerto aquesta Imagen mía,
Dexarás reducida al breve espacio
De este recinto, cuya mansión fría,
De mis glorias será Sacro palacio,
Por defensa la ofrezco de Mongía,
Mientras luciere el Celestial topacio,
Hasta que más capaz Templo a su bulto
La erija, ardiente religioso culto.

GEORGE BORROW [East Dereham, 1803 – Oulton Broad, 1881]

The Bible in Spain [Londres: John Murray, 1843]

(...) This last was Corcuvion; the first, if I forget not, was called Ria de Silla. We hastened on to Corcuvion, where I bade my guide make inquiries respecting Finisterra. He entered the door of a wine-house, from which proceeded much noise and vociferation, and presently returned, informing me that the village of Finisterra was distant about a league and a half. A man, evidently in a state of intoxication, followed him to the door. "Are you bound for Finisterra, Cavalheiros?" he shouted.

“Yes, my friend”, I replied, “we are going thither.”

“Then you are going amongst a flock of drunkards (*fato de borrachos*),” he answered. “Take care that they do not play you a trick.”

We passed on, and striking across a sandy peninsula at the back of the town, soon reached the shore of an immense bay, the north-westernmost end of which was formed by the far-famed cape of Finisterra, which we now saw before us stretching far into the sea.

Along a beach of dazzling white sand we advanced towards the cape, the bourne of our journey. The sun was shining brightly, and every object was illumined by his beams. The sea lay before us like a vast mirror, and the waves which broke upon the shore were so tiny as scarcely to produce a murmur. On we sped along the deep winding bay, overhung by gigantic hills and mountains. Strange recollections began to throng upon my mind. It was upon this beach that, according to the tradition of all ancient Christendom, St. James, the patron saint of Spain, preached the gospel to the heathen Spaniards. Upon this beach had once stood an immense commercial city, the proudest in all Spain. This now desolate bay had once resounded with the voices of myriads, when the keels and commerce of all the then known world were wafted to Duyo.

“What is the name of this village?” said I to a woman, as we passed by five or six ruinors houses at the bend of the bay, ere we entered upon the peninsula of Finisterra.

“This is no village”, said the Gallegan, “this is no village, sir cavalier, this is a city, this is Duyo.”

So much for the glory of the world! These huts were all that the roaring sea and the tooth of time had left of Duyo, the great city! Onward now to Finisterra.

(...)

ROSALÍA DE CASTRO [Santiago de Compostela, 1837 – Padrón, 1885]
La hija del mar [Vigo: Impr. de J. Compañel, 1859]

Capítulo II Teresa

El embravecido mar de Finisterre lanzaba sus verdes y espumosas olas contra los peñascos que rodeaban el antiguo santuario de Nuestra Señora de la Barca.

Un sol de invierno, claro, pero frío, iluminaba aquellas montañas que, ya graníticas, ya arenosas, tienen siempre ese aspecto desolado y salvaje de las comarcas estériles, en cuya tierra no brotan jamás ni arbustos ni verdura; y un silencio lleno de sordos y misteriosos rumores se extendía doquiera alcanzase el oído.

El cielo estaba sereno; pero el cielo que cubre aquellos tristes paisajes no es de ese azul tranquilo en que el alma se espacia cuando nuestra mirada se alza hasta él, porque si allí hay días de sol y de calma, es una calma inquieta y zozobante en la cual no se respira con libertad, pues aquella mar de tornasoles sombríos comunica a la misma atmósfera sus turbados y glaciales vapores.

La niebla densa y de un olor acre que de ella se levanta a la hora en que sale el sol, apaga las hermosas tintas de la mañana y cubre como un sudario aquella desnuda tierra que semeja una tumba.

Allí no se escucha más que el silbido del viento y de unas olas siempre en lucha y que amenazan tragar los pequeños pueblecillos que se extienden a la orilla, como abandonados despojos de quien nadie se cuida.

(...)

ROSALÍA DE CASTRO [Santiago de Compostela, 1837 – Padrón, 1885]
Cantares Gallegos [Vigo: Impr. de J. Compañel, 1863]

6

(...)

As de Camariñas visten
cal rapaciñas gaiteiras,
saias de vivos colores
polo pescozo de perna,
lucindo o negro zapato
enriba de branca media;
chambras feitas de mil raias
azuladas e vermellas,
con guarniciós que lles caen
sobre a rumbosa cadeira.
Para tocar o pandeiro
non hai coma tales nenas,
que son as camariñanas
feitas de sal e canela.

As de Cé, ¡Virxe do Carme!,
¡qué cariñas tan ben feitas!
Cando están coloradiñas
no ruxe-ruxe da festa,
cada mirar dos seus ollos
fire como cen saetas.
Nin hai mans tan ben cortadas,
tan branquiñas e pequenas
como as que amostran finxindo
que non queren que llas vexan.

Son as de Laxe unhas mozas...
¡Vaia unhas mozas aquélas!
Sólo con velas de lonxe
quítaselles a monteira,
porque son vivas de xenio,
aunque son rapazas netas.
Bailadoras... n'hai ningunhas
que con elas se entrometan,
pois por bailar bailarían
no cribo dunha peneira;
mais, en tocando a que recen,
en rezar son as primeiras...
Dan ó mundo o que é do mundo,
dan á igrexa o que é da igrexa.
[...]

¡Bendita a Virxe da Barca!
¡Bendita por sempre sea
miña Virxe milagrosa
en quen tantos se recrean!
Todos van por visitala,
todos alí van por vela
na súa barca dourada,
na súa barca pequena,
donde están dous anxeliños,
dous anxeliños que reman.
Alí chegou milagrosa
nunha embarcasón de pedra.

MÁXIMO LEYES POSSE [A Torre-Sarces-Laxe, 1855 – A Estrada, 1899]
Sacar o aire [*Galicia Humorística* nº 2 e 3, Santiago de Compostela, 30·1 e 15·2·1888]

O pobo de Laxe durmía a perna solta nunha das tempradas e mimosas noites do mes de Santiago. Eran as doce xa sonadas e ouvíanse ó lonxe as destempradas voces dos mariñeiros que dunha a outra *dorna* se chamaban, o ruído dalgún chicote ó ferir a tersa superficie do mar i o berrido agudo e sobresalente dos biluricos que revoloteaban sobre dos penedos, namentres que encontra da terra, o ladrido dos cas de palleiro, verdadeiros vixías das eiras e dos eidos, recorrían tódolos tonos da escada cromática.

A lúa fundira no mar seus corno, as estrelas, como esmorecidos candiles, salpicaban de puntos de luz o anchuroso espazo.

Arrecendía a atmosfera coas sales do mar e cos perfumes do agro.

O paisaxe amostrábase, polo tanto, o máis coquetón, adozado e petimetre que poidera maxinar inda o namorado máis descontentadizo.

Hai noites incitantes, provocativas, en que ferve o sangue, i o corazón latexa apasionado, i o lábeo sospira, i a fantasía fólgase con todo o máis ideal, romántico e novelesco.

E como decía a célebre novelista española Ánxela Grassi “hai horas fatales prá muller”, horas en que a razón se perde i o amor rúbese do corazón á cabeza en oleladas de sangue.

Tal lle socedía á Delores, rapaza de quince primadeiras, moura como os pecados, leda como o domingo de Páscoa e namoradiza como calquera estudante do Seminario sin vocación.

Delores era lembrada na longa comarca de Bergantiños pola súa xentileza e donaire; tiña unhos ollos mouros mui espresivos, máis espresivos que os instrumentos dese nome que vende D. Xan Salmonte na vila de Santiago.

Servía Delores nunha casa de Laxe como *niñera*, i anque era casa de pan e porco e nada nela lle faltaba, empreso sospiraba pola súa aldeíña do garrido val de Traba, onde tiña o seu risoño lar, seus pais, i o que é máis gordo, digo o máis delgado (porque o era) seu noivo...

Delores ergueuse nesa garrida noite de vrau xa preto de romper o día, porque tivera noticias de que Antón de Lourenzo viría a vela de *ocultis* á vila de Laxe.

(...)

ANTONIO LÓPEZ FERREIRO [Santiago de Compostela, 1837 – 1910]
A Tecedeira de Bonaval [Santiago de Compostela: *El Pensamiento Gallego*, 1894; A Coruña: Andrés Martínez Ed., 1895]

A victoria de Fisterra

Ó fin, o que tanto se temía en Galicia e que tanta alarma metera en Santiago, o que tanto receaba o Conde de Castro, chegou de súpeto. O día 13 de xullo apareceu nas nosas costas a armada francesa, composta de vintecinco naos ben armadas e equipadas. Veu recorrendo tódolos nosos portos e saqueando o que encontraba á man. Fondeou entre Muros e Fisterra e, entre outras falcatruadas nesta última vila, por non deixar nada atrás ata arramplou con tódalas mantas que había no Hospital, facendo o propio noutros portos. O peor foi cando puxo en terra toda a xente de armas, que pasaba de catro mil homes, mentres en toda Galicia a penas había soldados que puidesen chamarse tales, polo poucos e mal armados que, en xeral, estaban. Causou isto tal alarma que nin no mesmo Santiago se encontraban seguros da invasión. Ó Conde de Castro todo se lle volvía mandar avisos e máis avisos a D. Álvaro de Bazán que, no intre que estaba fóra o Emperador, quedara por Capitán Xeneral do mar Océano, e á sazón achábase en Laredo arrombando unha escuadra para mandar a Flandes.

Colleu D. Álvaro con vintecatro naos que lle quedaran, e o 18 de xullo virou a proa en dirección ás costas de Galicia. Daba gloria o ver con que pompa as nosas naos sulcaban a extensa saba das augas.

Ó amencer do día 25 deu vista a nosa armada á vila de Fisterra. A inimiga achábase diante de Muros dispoñéndose a saquea-lo porto se non lle aprontaban os doce mil ducados que pedían. Os muradáns xa ofrecían oito mil, pero nisto descóbrense as dúas escuadras e ó descubrirse e dispoñerse ó combate foi todo un. Aquilo non foi combate, foi unha manda de raios que caeu sobre as naos francesas e as desbaratou aínda non en dúas horas. (...)

EDUARDO PONDAL [Ponteceso, 1835 – A Coruña, 1917]

O dólmen de Dombate [A Coruña: Imp. y Lib. de E. Carré, 1895]

Aínda recordo, aínda,
cand'eu era estudante,
garrido rapacete
que ben regerse sabe,
cand'iba pra Nemiña
a estudar o arte
do erudito Nebrija
e do boo Villafañe,
e iba acabalo, ledó,
cal soen os rapaces.

Pasado Vilaseco,
lugar batido do aire,
no alto da costa d'Ures,
de montesía canle;
pasado Vilaseco,
indo p'la gandra adiante,
ja vía desde longe
o dolmen do Dombate.

Deixando Fonte-Fría
cara o lado de Lage,
e levando o camiño
de San Simón de Nande,
pol'o chan de Borneiro
de cautivos pinales,
cuase pasaba arrentes
do dolmen de Dombate.

Quedaba o misterioso
fillo d'outras edades
ca súa antiga mesa,
cas súas antigas antes,
no seu monte de terra,
non alto e ben roldante,
povoado en redondo
de montesío estrame,
de pequenas queiroas
e de toxos non grandes,
como calada esfinge
que, sublime, non fale;

como náufrago leño
de soberbio cruzamen,
lanzado sobr'a praya
por pontente oleage,
que de pasada rota
mostre rudas señaes,
e mostre aberto o flanco
por glorioso combate,
e con linguage mudo
das súas glorias fale.
¡Canto, ay, mudar pode
longa e vetusta idade!

Entonces eu deixando
ambas rendas flotantes,
pensoso iba cuidando,
pla Viqueira salvage,
nos nosos ja pasados,
nos celtas memorabres,
nas súas antigas glorias,
nos seus duros combates,
nos nosos vellos dolmens
e castros verdexantes.

E despois a Nemiña,
ou que fose ou que tornase,
ó vel-o desde longe,
indo pla gandra adiante,
sempre ledó escramaba:
“¡O dolmen de Dombate!”.

Agora que pasano
meus anos jogorales,
agora que só vivo
de tristes suidades,
que cumpro con traballo
meu terrenal viage
e qu'a miña cabeza
branquea a grave idade,
aínda recordo, aínda,
o dolmen de Dombate.

ENRIQUE LABARTA POSE [Baio, 1863 – Barcelona, 1925]
Millo Miúdo [Pontevedra: Impr. de la Viuda e Hijos de Carragal, 1896]

¡¡¡Probe gaitero de Baio!!!

(...)
Pasou o tempo e Xan sempre,
cavilando e cavilando,
pensou en deixar a terra
cansado de tocar tanto.
E unha mañanciña cedo
moi despaciño e calado,
sin decir nada á ninguén,
marchou d'o lugar de Baio...
¡Prá buscar aló n'Amérecas
montóns d'ouro imaxinarios!
E mirando dende lonxe
ô marchar, aló entr'os campos,
aquelas casas branquiñas

â sombra d'un campanario,
testigos mudos que foran
d'alegrías e traballos,
d'os seus primeiros amores
e d'os seus primeiros anos,
alimpándos'as bagullas
“¡adiós... –díxolles...- que marchó!”
E collendo a súa gaita,
meteuna baixo d'o brazo...
¡I a gaita sonou de seu
quizais outro adiós mandando!
¡Probe Xan! ¡Probe Xaniño!
¡Probe gaitero de Baio!
(...)

FRANCISCO SUÁREZ SALGADO [Beba-Mazaricos, 1862 – Brión, 1910]

“Un encanto” [*El Eco de Galicia* nº 218, Buenos Aires, 10-11-1897]

Todos en la comarca miraban con cierta pavora, mezcla de superstición y curiosidad, un grueso peñasco que erguía su informe silueta á corta distancia del camino vecinal que vá de Puente Oliveira á Dumbría. Los *alquiladores* de Santiago que conducían y guiaban sobre los lomos de tísicos rocinantes, los viajeros que iban á Corcubión y Finisterre, solín detenerse al llegar á la empinada cuesta de Olveiroa, para decir al señorito: “*¿Bosté ve ese penedo? Elle á pedra do encanto. Ahí dis qu' hay unha mina*”.

Efectivamente era la creencia popular, quien sabe desde qué tiempo.

Pero como todo tiene su término en la vida, había llegado también de rasgar el velo del misterio que envolviera el mencionado peñasco, durante tantas generaciones.

Administraba entonces los intereses espirituales de la inmediata parroquia de Corzón, un sacerdote amigo mío, francote, campechano, excelente mozo él y tan buen cantor que, cuando entonaba el “*autus es*”, como dicen los paisanos, todos abrían tamaña boca de admiración, exclamando: “*Non coma D. Gorgorio, non canta ningún crego n’a redonda*”.

Continuaba el tal D. Gregorio (que así se llamaba en castellano y lleva por apellido Rodríguez Maceira, vivo aún, si no fallan mis cálculos) entre sus feligreses, un zapatero, (excuso decir que era de Noya,) muy *leído y escrito*, según los habitantes del Puente.

Este discípulo de San Crispín, nombrado D. Pepe, por más señas, en sociedad con el albañil del lugar, adquiriera un libro de *brujerías*, no sé de quién ni por qué medios, merced á cuyas revelaciones, contaban seguros descubrir el *encanto* y apoderarse de los tesoros encerrados en las entrañas del célebre peñasco. Mas para realizar sus planes, era precioso el ministerio de un sacerdote, pues hartos se sabe que sin su concurso no pueden llevarse á cabo semejantes empresas, en opinión del vulgo.

(...)

PEPE DE XAN BAÑA [Varilongo-Sta Sabiña-Sta Comba, 1872 – La Habana, 1945]

“A Soneira” [*El Eco de Galicia* n° 901, La Habana, 28·10·1899]

Dez anos que non te vexo
terra de Dios bendecida;
jaínda quen sabe os que faltan
miña adourada Galicia!

Pasarei moitos traballos
e nunca un carto terei,
pro mentras viva, Soneira,
dela non me hei de esquecer.

Non sei canto dera hoxe
por ver os soutos queridos
i alí no Campo da Folga
contemplarte un anaquiño.

Pedra Maor e Gontalde,
Mira, Zas e Teixidón
i outros pobos que onte foron
lembranza do meu amor.

Aqueles longos pinales,
aqueles agros de trigo,
aqueles herbales verdes
i aquelas leiras de millo.

As igrejas levantadas,
as erguidas chemineas,
e todo o que son nos ventos
campanas e fumaredas.

Os ovelleiros con frautas
por antre os pinos tocando,
i os labradores facendo
montes encima dos carros.

Todo me lembra, aldeíñas,
algo que tece un amor,
que deixa espiñas no peito
e chagas no corazón.

O cuco dun pino noutro
sempre co seu cuquear,
i a perdiz polos regueiros,
polo valo o pasallás.

As hortas cheas de froito
ó lado das corredeiras,
onde se enchen de mazás
e peras os que ten gortexas.

Preséntanme aquela terra
con toda a gracia que ten,
con homes de honra mui limpa
e nenas dinas de crer.

N’hai mulleres máis bonitas
dendes de Cruña a Padrón,
nin mozos máis arrogantes,
de máis fama e máis valor.

Elas, de corpo delgadas,
e de moi salentes peitos
e de cadeiras ben gordas,
e de larguchos cabelos...

Nosa Señora da Barca,
miña Santa milagreira,
non me saquedes a vida
antes de ver a Soneira.

EVARISTO MARTELO PAUMÁN [A Coruña, 1853 – 1928]

“As aigas” [Revista Gallega nº 266, A Coruña, 15·4·1900]

Entr’os penedos de Trava
teñen as aigas os niños;
nos árbores das cidades
solo vexo paxariños.

Solo vexo paxariños;
é o fidalgo de Boaña
está afeito á ver as aigas
sobr’os penedos voando.

Sobr’os penedos voando,
altas, maxestosas, negras,
sobindo é baixando as áas
como quen se despereza.

Como quen se despereza
aló nos aires pousada
riba dos hirtos penedos

de Pasarela ou de Trava.

De Trava ou de Pasarela
según os mira ó fidalgo
dend’os seus Pombal antigo
ou torres de Vimianzo.

Ou torres de Vimianzo
ou o seu Pombal antigo;
sempr’as aigas é ó fidalgo
vense alí cal bos amigos.

Vense alí cal bos amigos;
na ciudá non s’han de ver;
son tan floxiñol-os aires,
que non se tiveran ben.

VÍCTOR CASTRO RODRÍGUEZ [Negreira, 1879 – Ferrol, 1942]
 “Nosa Señora da Barca” [*Almanaque Gallego*, Buenos Aires, 1903]

Dempois de pasar tres anos
 lonxe, moi lonxe da terra,
 soidades sufrindo a oito,
 cheio de dôres e penas
 por mor d’uns amores malos,
 por mor d’unha mala nena
 que me fadou c’uns ollíños
 mais brillantes qu’as estrelas
 y unha boquiña fermosa
 com’unha rosiña fresca...
 Dempois de padecer tanto
 por esa moza tan meiga,
 pol-a cal morro d’amores,
 pol-a cal a vida dera...
 Dempois de tantas soidades,
 gracias a celestial Reina
Nosa Señora da Barca,
 volvín par’a miña terra.

Volvín, e de amores choro,
 pois a miña amada, aquela
 por quen respiro no mundo
 e por quen morro de pena,
 non me mira nin me quere
 y-o meu cariño desprecia,
 y-e que non ten corazón
 ou ten-o igual que a coberta
 branca da vosa capela,
 que, según o cantar di,
ten-o tellado de pedra.

Non me quere, non me quere,

y-eu que morro por ela
 non podo abrandar con nada
 o seu corazón de pedra.
 Non me quere Virxen Santa,
 e por eso cheio de pena
 a os vosos pes hoxe veño
 pra qu’esa moza me queira.
 Trocádelle o corazón
 n-outro que mais brando sea,
 n-un mais rico en sentimentos
 pra que’o meu amor comprenda,
 que por facerme feliz
 e pra sacarme de penas
ben o podía ter d’ouro
 en vez de tel-o de pedra!

Facede, Virxen bendita,
 porqu’esa muller me queira,
 porqu’outra vez nos seus ollos
 rayolas de amores vexa,
 e que me diga a sua boca,
 com’unha rosiña fresca,
 aquelas dóces mentiras
 qu’outro tempo me dixera
 e qu’inda levo na y-alma
 e recordo con tristeza.
 Podía feliz facerme,
Virxen Santa, se quixera,
 e tenme cheio de dores,
 e tenme morto de pena
 sin ter compasión de min...
 que estou morrendo por ela!

SALVADOR GOLPE [Oza dos Ríos, 1850 – 1909]

“Un rogo” [*El Eco de Mugía* nº 71, Muxía, 13·9·1903]

Miña groriosa
Virxe da Barca:
xa qu'en Galicia
botache o áncora.

Fai que s'amainen
as duras rachas
que tanto acoran
á miña Patria.

Fai que s'esperten
da probe España
os mariñeiros
que han de salvara.

Fai que o teu barco
con eles vaya

¡sempre contigo!
contra os piratas...

Contra os caciques
que sin entranas
fan sempre aos debles
derramar bágoas;

Que aos probes rouban
o pan que ganan
e contra os fortes
cobardes gaban...

¡Virxe groriosa
tripula a Barca
quero ir contigo
contra os piratas!

VICTORINO ABENTE [Muxía, 1846 – Asunción, 1935]

“Lembranzas” [Carré Aldao, E.: *Literatura Gallega*; Barcelona: Ed. Maucci, 1911]

Eu sinto melancónico consolo,
cando despartan os recordos meus,
vendo a Pena do Paso e o alto Bolo
de Domingo de Deus;
Pedra de Vela, Sala do Perello,
así chamada, porque en tempo antigo
contan que de ese alcume un xastre vello,
para coser, alí buscaba abrigo.
Os montes do Corpiño e o Pequeno,
Furna de Richinola e os Malatos,
onde cando era neno,
xogaba cos demáis a os tumbagatos;
a perigosa Pedra de Xaviña,
as pedras do Carreiro,
as areas de Cova, Cruz, Esteiro,
e a fonte de Pedriña;
a Pedra de abalar tan venerada,
pois da Virxen da Barca o nome ten,

e donde vese á xente arrodillada
que de lonxe a cumprir promesas ven.
A Buitra, que de cote está bruando,
o Vilán, xigantesco penedal
que polo mar esténdese, arredrando
os tombos que lle tira o temporal;
e outras lembranzas máis veñen á mente
cando hai vaga de mar e romper vexo
a Guieira, o Corpiño de Chorente
e a costa de Merexo.
De xeito que non hai no meu Muxía
currunchos nin petoutos,
que, sexa moito ou pouco,
non me lembren os feitos de outro día;
e dende que pisei a terra amada,
de cote vendo estou
cos ollos da miña alma asoedada,
os encantos do tempo que pasou.

FRANCISCO TETTAMANCY [A Coruña, 1854 – 1921]

“Á pedra da Virxe da Barca” [Carré Aldao, E.: *Literatura Gallega*; Barcelona: Maucci, 1911]

Pedra d'embade, xigantesca mole
 admiración da terra;
 que altar n-outroza consagrado fuches
 pol-o varudo celta;
 e que inda agora, a tradición seguindo
 das místicas leendas
 ves de xionllos, ao teu pe, creente
 a familia galega
 na busca de remedio pra os seus males
 pol-a virtú qu'encerras...

Pedra movente, que abalando xemes,
 a fe dos mais alentas,
 c'os teus doces renxires cadenciosos
 se o vento te arranda,

que se viran en ledas armonías
 cando as ondas s'encrechan
 do teu veciño, o maxestoso Océano,
 e bican tuas beiras...

Deixa de novo qu'este bardo escuro,
 non as áureas ringleiras
 se non homildes e sinxelos versos,
 a che ofrecer se atreva,
 cando en notas de ouro compre solo
 loubar tua grandeza
 xa que á tí quixo honrarte a Santa Virxe
 sentándote na terra
 onde fincou e mais garimos tivo
 o valeroso celta.

FAUSTINO LASTRES PAZOS [Camariñas, 1884 – ?]

[*Vida Gallega* nº 55, Vigo, 20·04·1914]

Muxía

Entr'aspuma do mar, sempre mecida,
 pol-a furia do vento, sempre azoutada,
 simboliza á barquiña, qu'ala perdida,
 p'ola virxe é os ánxeos, vay tripulada.
 Dunha raza valente, forte, é arriesgada,
 Com'o mar que á combate, alí é nacida;
 é c'o afán dos seus fillos, alí é morada,
 de fermosas mulleres, cheas de vida...
 ¡Ouh Muxía! de lonxe, eu te saludo;
 miña vila segunda qu'o peito marca,
 de meu pai adourado pirmeiro escudo.
 Tempro santo que atraes toda comarca;
 pol-a llama da fé que avivar pudo,
 ó abalar d'a tua pedra, é a tua Barca...

Camariñas

Ten un conxunto, de perfeución tan cheo,
 de virtú, é de beleza tan galana,
 que abofellas non sei si alá no ceo,
 poidía haber outro tanto, é no' e “macana”.
 Atesoura á muller camariñana,
 pro traballo, é o deber tan bo desexo;
 é tan guapa, tan boa, é tan ufana,
 que mellor qu'ela haxa ¡non ó creo!
 Sempre verdes seus campos olorosos,
 como alfombra se tende antr'as casiñas,
 que as arrullan pinares rumorosos,...
 E agachando alá n'o fondo suas peniñas...
 con parrandas é bailes animosos,
 pasa á vida cantando ¡Camariñas!

EVARISTO MARTELO PAUMÁN [A Coruña, 1853 – 1928]
Landras e Bayas [A Coruña: Tip. d'El Noroeste, 1919]

As Torres de Vimianzo
(Recordos e soedades)

I

¡Xa fai moitos anos o señor fidalgo
xentil cabalgaba n'un pedrés garrido,
eu, rapáz ainda, á forza de espora
no meu faquinete, ben pequeno e vivo,
de par me sostiña; meu pai seu cabalo
sentado levaba, paso de camiño;
detrás noso paxe, Ramón Crus e Sánchez,
trota no seu faco mercado en Verdillo.

Era a mañá hermosa de apacible outono
voaban chiando bandos de estorniños,
as arans fedellan entre pola é pola
nas suas encaixes de vidrados fios,
o sol non queimaba, e un maino ventete
traguíamos vida no aroma dos pinos.
Pasamos á esquerda da Pedra da Folga,
chegamos á ponte, da altura do río;
“Evaristo me dixo meu pai, ten coidado,
que inda en noso estamos, se escorre no sitio
ese pequeneiro tan propio do dono,
a ágoa non coñece, e á baños non vimos”.

Recollín as rendas, axustei as pernas,
faleille, ao Pasaxeo, que andaba endeciso,
meu pai pasou diante; detrás d'él de cola
po-l-o noso orden, e con ben seguimos
petando nas pedras con bon triquitraque
doce ferraduras a paso batido.

¡Boa ponte aquela, pois non ten amparos,
e ou ela baixouse, ou subiu ó río,
e ninguén se cóida, que compre remedio,

ou tense por proba para peregrinos
se teren bon anxel, ou ter mala fada,
mais cruces á rentes d'alí non as vimos!

Do Pombal saíramos cando alboreaba,
tras do río Sarces, o verde Matío,
fumegando quedan, os carros xa cantan;
nos á Vimianzo, cara ás torres imos,
é vamos á velas, que xa traspuxemos
do val tan formoso os penedos irtos.
¡Dios mío, Galicia! ¡Canto á Dios lle debes!
co as tuas milleiras, e prados e pinos,
chans, castros, penedos, que agora suspenden
agora aloumiñan, xa feros, xa rindo.

Meu pai tivo a renda, tendeu a man dreita
e amostroume ao lonxe po-l-o sol ferido,
na cume d'un castro un bulto revoltado
de alméas, e teitos de verde vestidos,
que a min somelloume pinal, ou toxeira,
“Ahí tés nosas torres, salúdaas, meu fillo.
Ahí nosos Laras, Castros e Moscosos,
nosos aborixens de sangue queridos,
antigos señores de canto estás vendo,
e moitas mais terras dos seus señoríos,
alí foi seu niño, seu lar, seu refuxio;
co-o sangue que dimos, moeran muiños
desque Santiago, que invoca un Moscoso,
cerrou por España co á crus en Clavixo”.

(...)

EMILIO WALDOMAR [Corcubión, 1875 – ?]

“Corcubión” [*Nerio* nº 2, Corcubión, 15·7·1920]

A los pies de la colina que se eleva hacia Occidente,
A la vera de un camino que serpea sonriente
Y a la orilla de azul lago donde moran las Ondinas,
Reclinada en la Pradera, sobre alfombra de esmeraldas,
Aromosas madre selvas y de agrestes flores gualdas,
Bajo un cielo envuelto en tules de celajes y neblinas,
Está el Hada del ensueño en vigilia misteriosa,
Arrullada suavemente por la fronda rumorosa,
Donde anidan los cantores de celestial armonía;
Es la villa a quien Natura prodigó su gran favor;
Es el pueblo que hoy añora un pasado de esplendor
Y conserva entre sus joyas el blasón de la hidalguía.

JOSÉ CAMPOS NÚÑEZ [Camariñas]

“Camariñas” [*Nerio* nº 8, Corcubión, 15·1·1921]

Un mar de azules aguas, anchuroso,
que allá en la lejanía besa el cielo.
Pinares y pinares que del suelo
semejan un tributo portentoso.

Paisajes multiformes: la floresta,
el valle, la colina,
la ermita con su vieja cruz enhiesta,
la playa blanquecina...

Y allí de la Natura, exhuberante,
atesoró sus dones y sus galas,
un grupo de casitas en dos alas

parecen sonreír al viandante,
en forma que entre el mar y las campiñas
quietud brinda al alma, Camariñas!

FRANCISCO SÁNCHEZ GARCÍA [Modillós-Curtis, 1874 – Santiago, 1936]

“Brumas viaxeiras” [*El Eco de Galicia* nº 1102, Buenos Aires, 28·2·1922]

(...)

¡Irmanciños desterrados!

¡Meus irmaus aventureiros!...

¡Lobos de mar de Malpica,

de Muros, de Sardiñeiro...

Corcubión ó lombo as negras vistiduras do argonauta,
aínda que n’acoe as carnes con estopas, nin cerellos,
corre a vosco non buscando velociños que refuga;

chega a vosco paxariño libertado o sol dos tempos...

Leva a lus dos lars nativos na esmeralda dos seus ollos;

leva a firme vos da raza no biquiño cantareiro;

e na i-alma-sagro nume,

que ó mar canta e canta ó cerro-

leva as gaias docedumes da liriña queixumosa,

que rousadas maus pulsano co’as puntiñas dos seus dedos;

leva o rimo receñado dos mars fondos;

leva a estrofa mimosiña das valgadas e os outeiros...

Corcubión leva o’s ausentes

o saudo miragreiro

que na ergra dos ensoños;

foi forxando o sentimento:

as subrimes lembranzas,

feitas áscuas e aleteios;

o arelar frebil do pobo,

en amores sempre alceso;

e pregarea maternas,

lus na i-alma e mel nos beizos;

os trasgolos da meniña,

pol-o ausente ben morrendo...

Corcubión leva nas prumas

os arrufos mariñeiros;

a valente fe dos campos,

reafincada en titáns membros:

leva a vos de Finisterre, de Muxía, de Cée, Carnota...;

leva a vos dos lars galegos;

esa vos mimosa e doce-

nume cérneo-

que ha dicirvos, irmanciños,
 meus irmaus aventureiros:
 Vos vivides de recordos;
 vivimos nos de remembros;
 a patrea e pra vos o todo;
 pra nos a patrea o primeiro.
 (...)

LOIS FERNÁNDEZ GÓMEZ

“De Camariñas á Ponte do Porto” [*A Nosa Terra* nº 177, A Coruña, 15·1·1923]

(...)

Xurde de súpeto n’un pequeno castro, o Castelo de Cereixo. Vense as suas almeadas torres entre pinos i-eucaliptos, coma axexando os seus arredores, o mesmo que se inda temesen unha acometida ao xeito d’os tempos medioevás. A rentes do Castelo vese a Capela, e máis abaixo, n’a mesma beira do rio, hai un hórreo de pedra, grande, moi grande. Dempois hai unhas casas perto d’unha rampiña.

É o porto de Cereixo.

Aparece ao lonxe o esceario magnífico d’a Ponte do Porto. Morren n’o senso total-as sensacións, e as potencias d’a i-alma fúndense n’a ledicia acuciante de ollar.

Corta o rio a ponte, romántica, de catro ollos, que ten n’as cabezas, coma non astrevéndose a pasaren, unhas casiñas brancas. E, n’unha e outra banda, a visión vizosa d’os campos verdes, e os outeiro cubertos de pinos, que agardan o sacrificio, non lonxano cecáis.

Pasan, pol-a banda dereita, moitos carros cangados con “rolla” de pinos, e n’a mesma beiriña van facendo pías co’eles en agarda d’as gabarras qu’os levarán a Camariñas para seren alí embarcados n’os barcos qu’os carrexan a Denia ou Xixón. E as augas d’o rio pasan murnuante, amodiño, mollando as pías de “rolla”, coma se quixeran darlles un bico de despedida.

(...)

PABLO DELLA COSTA [Buenos Aires, ? – 1922]

“El labriego de Vimianzo” [*Caras y Caretas* nº 1326, Buenos Aires, 1-3-1924]

Antonio Jiménez saltó del bote a la escalera del antiguo puerto de pasajeros con el espíritu conturbado. El botero le alcanzó el pequeño y casi vacío baúl que trajera de su pueblo, en el que la madre amorosa había puesto, además del escaso ajuar, un escapulario, una estampa de la Virgen y un libro de devociones. Cogió el baúl, se lo echó al hombro, recorrió toda la extensión del muelle, y cuando llegó a tierra firme, frente a las casillas del resguardo, en el Paseo de Jubo, y enfilando con la vista la calle de Cuyo, puso en el suelo su carga, se sentó sobre ella y hundió la cara en las palmas de las manos, apoyando los codos sobre las rodillas. Estaba entre jubiloso y triste. En el fondo de los ojos tenía la imagen de la madre ausente; en el fondo del alma tenía puesta su esperanza en la tierra de promisión a la cual acababa de llegar. Era una mezcla de lágrimas furtivas y de sonrisas leves, luminosas, como relámpagos de una dicha futura, que pasaban veloces como alondras por su espíritu joven y fuerte en el ansia de una conquista soñada allá, en el viejo terruño, en adorada aldea de Vimianzo, donde estaban sus mayores vegetando sobre el pedazo de tierra que cultivaban con el escaso empeño que dicta la ley de la costumbre y el hábito de vivir. [...]

Hubo necesidad de empeñar la tierra que poseían para poder comprar el pasaje de tercera del futuro millonario, amén de agregar las pocas pesetas que se habían ahorrado con ingentes sacrificios durante el último año. Muchas eran las esperanzas paternas y muchos eran los anhelos de Antonio. Está bueno que el tío Joaquín, que se había establecido en América desde hacía algunos años, no había logrado ponerse rico, pero el tío Joaquín no era un hombre serio, puesto que todo se lo gastaba, o, más bien dicho, lo tiraba, en francachelas, holgorios y amoríos fugaces. No le pasaría lo mismo a Antoñico, que era bueno, juicioso, amante de sus padres, y con tales condiciones del vástago primogénito contaban cuando se decidieron a empeñar la tierra y a desprenderse de los escasos duros que poseían, en aras de una dicha mejor en tiempo no lejano. Cuando, entre lágrimas y estrechos abrazos, los padres lo dejaron en las lindes de Vimianzo, antes de darles la espalda en dirección al puerto de la Coruña, Antonio les dijo dulcemente:

-¡Padrecitos míos, está lejos la América, pero yo estaré siempre al lado de vosotros, porque sois el alma de mi alma!... (...)

GONZALO LÓPEZ ABENTE [Muxía, 1878 – 1963]*Buserana* [A Coruña: Imprenta Lar, 1925]

(...)

De súpeto nasceu en min o desexo de contemplar dendes do outeiro da Carrúa o encaixe d'escuma da miña irta e dura ribeira. Sin determe pillei un pau do meu irmán e botéime pol-a porta pra fora.

Crucei o adral e sobín pol-a vella calzada de seixos brancos sen pensar no cemeterio que â miña dereita acochaba as misteriosas lendas de difuntos aparecidos e marmulaban salmodias da Santa Compañía.

Enriba, no cume do outeiro, pareime sorprendido; un feixe de lus feriume a vista, e aos poucos segundos outro lóstrego deslumbroume. Era a primeira vez que vía o faro novo do cabo Vilán. Había aínda moi poucos días que s'estrenara. D'antes o faro vello semellaba unha estreliña caendo no mar; agora era un ollo potente que xiraba fulgurando raiolas acesas.

Os destellos eléuticos corrían pol-o lombo do mar inmenso. Perto do cabo rebrilaba a fervenza das Quebrantes vixiando a entrada da ría, e a branca rompente dibuxaba as sinuosidades da costa monxiana. Aló embaixo palpexabran as luciñas da vila en que eu nacera, e na banda do sul adiviñábase a medoñenta punta da Buitra e o forte Cachelmo amostrando nas suas entranas abertas a boca negra e temerosa da furna da Buserana.

(...)

TERESA JUEGA [Laxe, 1885 – Melide, 1979]“A Lage” [*El Compostelano*, Santiago de Compostela, 19·1·1926]

Ruge bravío el mar, que con estruendo,
rompe sus olas sobre el duro risco,
y llena con sus aguas esas furnas,
de salvaje belleza, y negro abismo.
Y se estrellan las olas con locura,
entonando los mares ese himno,
de cantos en que vibran angustiosos,
notas de espanto, de tremante ritmo.

Más... también en su playa encantadora
sabe arrullar con su rumor dulcísimo,
y mansamente en tiernas meodías,
rima cadencias de brillante stilo.
Y extasiada oiría de tus olas,
de la poesía el armonioso deeo,
y enagenada contemplar quisiera,
de esas tus ondas, el vaivén tranquilo.
Costa, te llama de la muerte el vulgo,

para mi costa de la vida has sido,
pues el arrullo de tu mar en calma,
llegó a mi cuna en misterioso trino.
Y es a ti, pueblecillo marinero,
al que mis versos con el almaritmo,
y es a tu mar, que elevo mis canciones,
en las que encuentro pasional ahinco.
Y aunque pareces muerto para el mundo,

y nadie te recuerda... no te olvido
que guardar en tus muros Lage amado
¡un nombre que en el pecho llevo escrito!
Y a tu mar, y a tus muros, y a tu tierra
y a tu playa, yo envuelvo en mi cariño
y, es una ansia que llevo en las entrañas,
¡el volver a admirarte pueblo mío!...

RAMÓN SUÁREZ PICALLO [Veloi-Sada, 1894 – Buenos Aires, 1964]
“Aturuxos en el mar” [Céltiga nº 25, Buenos Aires, 10·1·1926]

Aunque los buques que realizan el tráfico de hombres y mercancías entre el Puerto de Buenos Aires y las inhóspitas costas del Sur, llevan flameando a su tope la bandera azul y blanca de la Nación Argentina, sus tripulantes, representan, por las diversas nacionalidades donde vieron la luz primera, todas las latitudes del “mapa-mundi”.

[...] Sólo una sección –la de cubierta: peones de descarga y marineros, contra maestre inclusive,- daban sensación de uniformidad racial. La tajante “jota” fenicia y el fino silbido de la “ese”, indicaban su tierra de nacimiento: Eran todos de Finisterre, el viejo promontorio, erguido en la costa gallega, que milenios ha, alumbró el camino seguido por el abuelo Breogán, cuando llevó a sus celtas a poblar la verde y gloriosa Eirim.

Aquellos hombres, rudos como su costa natal, que en Deseado, en San Julián, en Santa Cruz y en Gallegos, trabajan 10 o más horas, batidos por las olas, mientras el termómetro marca una temperatura de varios grados bajo cero, no son, no pueden ser de otro sitio, que no sea la bravía costa a la que nuestros abuelos bautizaron con el nombre de “Costa d’a Morte”.

-¿De dónde es usted? –pregunta el capitán al postulante que solicita plaza para desempeñar la dura tarea.

-De “Fisterre”, señor.

-Pase a firmar el rol, -es la respuesta, si hay vacante,

E se nón, nón.

Los fisterranos forman en el buque una institución, un mundo aparte. Comen y duermen en el rancho de proa, sin ninguna intervención extraña. Puede

haber en la cocina el más rico y variado menú, que por eso ellos no dejarán su tradicional “caldeirada” de “peixe”, fresco o salado, con el galleguísimo rustrido de ajos, aceite y pimentón, cuyo recendente olor provoca más de una vez el apetito de los pasajeros de primera, que por no perder la “posse”, prívanse de solicitar una parte del enxebre yantar que de muy buen grado catarían.

La solidaridad más absoluta adquiere entre ellos el carácter de dogma. Una injuria a uno es una injuria a todos, que nunca queda impune. De ahí que los de las otras secciones del buque llamen a los fisterranos tribu o kábila. ¡Solidaridad ancestral, metida en el alma de la Raza! ¡Solidaridad, cultivada en mil noches tormentosas, cuando los elementos desencadenados amenazan esnaquizar la débil dorna, la frágil trainera, contra las piedras trágicas de Ximela. Y sacan de sus casas a todos los habitantes de la aldea costera, y con olímpico menosprecio de la propia vida, lánzanse sobre el mar furioso, atentos tan sólo a la salvación de los hermanos en peligro! ¡Solidaridad acariciada en noches de equinoccio por la miraria sinfonía del mar batiendo y rebatiendo en los “cóns” abruptos del Cabo Fisterrano!

(...)

JOSÉ MAS [Écija-Sevilla, 1885 – Madrid, 1941]

La Costa de la Muerte [Madrid: Cía. Íbero-Americana, 1928. Traducción ao galego: Santiago de Compostela: Edicións Lea, 1998]

(...)

Recordaba os naufraxios máis célebres que ocorreran desde A Coruña a Corrubedo, toda esa zona que os mariñeiros sinalaron con raia negra e que eles mesmos, demostrando a súa desconfianza, a nomean con este título tan lúgrube e estremecedor: A Costa da Morte.

Pero Hadrián, furioso protestaba desta denominación, evidentemente inxusta e caprichosa. ¿Costa da Morte? ¡Un raio! ¡Costa da vida! Se caían alí máis buques ca noutro sitio debíase moitas veces á inexperiencia dos capitáns e outras ao whisky e ao asente. Estas dúas bebidas fixeran embarrancar máis barcos cás néboas ou os baixíos das costas, con tanta inxustiza odiada. ¿Pois e os barcos vellos que se perdían debido a ordes secretas da casa armadora? Un piloto ou patrón sen conciencia e con desexos de facer diñeiro actuaban de

cómplices. Os baixos da costa, coa súa mala fama, encubrían o delictivo e o seguro cobrábase sen dificultade ningunha. Entón comprendíase todo o miolo deste refrán mariñeiro do vello pescador: “Barco encallado, capitán rico”.

Ademais, -seguía dicindo Hadrián, indignadísimo- contade as embarcacións que pasan por quí todos os anos, e veredes que non hai tantos naufraxios. Todos os meses, centos e centos de barcos veñen orientarse e tomar rumbo á altura de Fisterra. Serven as nosas costas de guía para que se orienten todos os buques. O faro de Fisterra é unha estrela nova coa que non contaba o navegante doutras épocas. ¡E aínda falan mal desta costa! Son uns desagradecidos. ¿Costa da Morte? ¡Costa da Vida, Costa da Vida! ¡Había que ser xustos, carallo!

(...)

MANUEL CAAMAÑO DEVESA [Laxe, 1879 – Montevideo, 1928]
 “¡Fisterráns!” [*Alborada* nº 35, Buenos Aires, VI-1928]

Sodes os lobos do mar
 c-as vosas pequenas lanchas
 e conocédel-as canchas
 onde as raeiras largar.
 Cando salís a peixar
 pol-o tempo da langosta,
 recorredes tod-a costa
 de Galiza e máis d-Astúreas,
 pasando muitas penúreas
 e sempre c-a vida esposta.

A perdel-a, ¡fisterráns!,
 que sodes vos quen eu canto,
 por atrevervos a tanto,
 sempre unidos coma irmáns.
 Dormides todos n-os plans,

baixo as tillas, na umedá;
 mais esto nada será
 cotexado c-ô elemento
 medoño do mar ou vento
 cando ruxe a tempestá.

Rompe a rota enlouquecida
 baixo as gadoupas do Norte,
 e, cara a cara c-a morte,
 disputás a vosa vida,
 que a podés contar perdida
 se sufrís un accidente...
 Eísí o dí tod-â xente
 que de vos se lle oi falar:
 ¡Que sodes “lobos do mar”
 e non têdes precedente!...

GONZALO LÓPEZ ABENTE [Muxía, 1878 – 1963]

Nemancos [A Coruña: Editorial Nós, 1929]

O meu mar

Unha nube de chumbo a tapar todo o ceu;	¡O mar que eu vexo,
Borraxeira e orballo que revoan no ar;	nestes días de inverno,
Os inxentes penedos, xa tristes de seu,	gris, abalante,
Espallando queixumes con dorido fungar;	inquedo, forte e rexo,
Os montes envolveitos na brétema sutil;	a cólera a roubar do fondo do averno
E as bocas desdentadas das furnas no cantil.	e a bater nas orelas, escumante
	de rabia e de furore, nun épico loitar!

Escumas, ardentías,
 Atruxante balbor,
 E, cal apocalípticas porfías
 De cíclopes, vestiglos e xigantes
 Das vellas e varís mitoloxías,
 Os ecos trepidantes
 Do líquido elemento bruador.

¡O mar!
 ¡O meu mar!

Este mar que derruba coas paredes das hortas,
 Desfaise contra os cons e sobe polos cabos;
 Que corre polas rúas ribeiranas e tortas
 Antre as casas homildes dos mariñeiros bravos.
 Este mar belicoso que a costa brava asedia,
 Que as ondas esnaquiza nunha branca ferverza
 E en escumas de prata no cantil as destrenza...
 É o gran creadore dunha eterna traxedia.

Muxía

Brandamente deitada no medio da ribeira
 e ollando cara o ceo, acouga silenciosa
 a branca e melancónica e doce compañeira
 dos outos penedás da brava costa nosa.

Tecelana de ensoños, fábrica na almohada
 as randas milenarias dos albos areales
 que treman milagreiros, na mañán encalmada,
 nos reflexos azús dos mariños cristales.

E nos días de inverno, cando a fera tormenta
 desatada en furores enrabexada alenta,
 envolta no mantelo de vaporosa bruma

satisfeita sorríe e soña adormecida
 no leito mol e morno que a iauga remexida
 ofrécelle con tombos e folerpas de escuma.

RAMÓN OTERO PEDRAYO [Ourense, 1888 – Trasalba-Amoeiro, 1976]

“O pinal de Tella” [*Correo de Galicia* nº 1202, Buenos Aires, 3·2·1929]

(...)

Buño. Trullada atilares de rapazas, nos domingos. Unha moriña rube o outo levando algús cacharros dos que se fabrican eiquí. Outra industria galega sin potencia. Como Dena, ou Niño-d-Aguia. Outra hora. No interior un mariñeiro fala de Laxe. Despoixa, a esquerda un vago locir d’augas e outro locir de casa grande, pechada, branca. Unha emoceon. Ponteceso e a casa de Pondal.

Seguimos car’unha Fisterra. Delor de non andar a pé, adispacio, agardando por’unha cea de arriero nos pretils da ponte do Anllons. Dinantes a lanza de luz d’un faro destacou un letreiro: Tella. Figura que toda a noite puxose negra de pinos.

Os ollos engarranse as puntiñas das bombillas das casas pois Corme ainda non ten alomeadas as rúas. Na rúa Real tertulias das tendas. E de mil escuridades misteriosas xurden estadeas de faroles que levan os veciños, e pobo a noite un petar de cocon, un falar garimoso xa cantareiro e un solene bruar do mar.

Toda a noite soñamos co ela. A fonda-bar limpa e deserta. N’hai cartos na xente do mar tan rumbosa. Longas latricadas c’o patrón. Chega a mañán mollada e tépeda apalpando a modiño com’unha cega pol’a costa penedo. Corme. Lembra un nome do país de Gales, hai un pouco das illas Arán amadas pol’as páxinas de Synge n’iste arredamento da Galiza oficial. Igoal que Cariño, Corme non ten autoridades, nin señoritos, nin porto. Son tres mil e pico, arredor de catro mil habitantes, criadores de riqueza, de fero vivir d’enerxía. Teñen os rapaces os ollos lavados pol’as cristas das olas. O pobo naceu e vive nas rocas, sin praya. As fermosas casas mariñas, de grandes balcos alegradas por bolas de vidro, franqueanse as canellas esporentes e moitas agoantan en certas marcas os golpes de mar com’os penedos cobertos de percebes. Eiquí edúcanse mariñeiros dos millores do Oceano. Patrós no Cantábrego, pescadores de esponxas no Levante. Síntese un mais preto do mundo que n’unha vila con estaceón do ferrocarril. Meu patrón ouviu falar o céltigo en Cardiff. Poder fixador do chan galego: iste home alicantino –“que desde Oriente a Levante – es sin disputa Alacant – ha millor terra del mond”- capitán de cabotaxe, e de altura, intelixente e esprimentado gustou os licores de todol’os portos pra fixar os corent’años sua felicidade n’iste labio salgado de brava costa. Fumando cigarriños, sentados n’unha pedra, cóntame hestoreas do largo. Por frente branquexan as casas de Laxe. (...)

MATÍAS M^a ESCARIZ [Buenos Aires, 1881 – Cangas, 1945]

“O panillo” [*Vida Gallega* nº 444, Vigo, 31·3·1930]

Para saber o que é Galicia,
coma en ela se traballa
hai qu’ir a Camariñas
as xuntas d’a panillada.
Hay que visitar a Ponte
d’o Porto qu’alí lle chaman:
Xaviña, Ozón e Moraime,
Muxía, a O e Cereixo
e camiñando n’a volta
den a vila de Malpica
hastro cabo de Fisterre;
Alí veredes n’as Xuntas
rapazas moi resaladas
sentadas n’o chan c’almohada
en redor d’un tallo postas,
batendo o son d’o ala la la
os panillos d’o encaixe.
A máquena d’este arte,
d’este arte mullereiro,
non ten rodas, nin palancas;

componse de duas canas
entre pallas encrayadas,
de trigo ben sazonadas
envolveitas n’unha funda
de lenzo ou d’outra xarga.
Ten o frente un cartonciño
con moita cencia furado
onde se fan os prendidos
c’os panillos torneados;
unha bursa pra cravar
os alfileres dourados
e unha astilla n’o remate.
¡Canta troula nas Xuntiñas!
¡canta alegría n’as nenas!
¡cantos contiños d’amores,
de parrandas e de festas
marmurando alí se falan,
facendo c’aqueles dedos
pontillas de mil maneiras.
(...)

FEDERICO GARCÍA LORCA [Fuente Vaqueros, 1898 – Viznar, 1936]

Seis poemas galegos [Santiago de Compostela: Editorial Nós, 1935]

Romaxe de Nosa Señora da Barca

¡Ai ruada, ruada, ruada
da Virxen pequena
e a súa barca!

A Virxen era pequena
e a súa coroa de prata.
Marelos os catro bois
que no seu carro a levaban.

Pombas de vidro traguían
a choiva pola montana.
Mortas e mortos de néboa
polas congostras chegaban.

¡Virxen, deixa a túa cariña
nos doces ollos das vacas
e leva sobre teu manto
as frores da amortallada!

Pola testa de Galicia
xa ven salaiando a ialba.
A Virxen mira pra o mar
dende a porta da súa casa.

¡Ai ruada, ruada, ruada
da Virxen pequena
e a súa barca!

EDUARDO PONDAL [Ponteceso, 1835 – A Coruña, 1917]

Queixumes dos pinos y Poesías inéditas de Eduardo Pondal [A Coruña: Academia Gallega / Imp. Zincke Hermanos, 1935]

En nacín en agreste soedade,
eu nacín cabo dun agreste outeiro,
p'ronde o Anllóns, con nobre magestade,
camiña ó seu destino derradeiro.
Eu non nacín en vila nin ciudade,
mas longe do seu ruído lisongeiro:
*eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponte-Ceso.*

Uns naceno na mágica Granada,
outros naceno en Málaga famosa,
os outros en Sevilla nomeada,
os outros en Valencia deleitosa;

uns na garrida Cadis, ben soada,
en Barcelona os outros, populosa:
*eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponte-Ceso.*

Amabre Ponte-Ceso, anque pequena,
agreste certamente, mas garrida,
cando deixar a mundanal faena
teu bardo e for pasado desta vida,
non t'esquezas de quen, con faz serena,
dixo a toda ciudade fementida:
*“Eu nacín cabo de pinal espeso,
eu nacín na pequena Ponte-Ceso”.*

ÁLVARO CUNQUEIRO [Mondoñedo, 1911 – Vigo, 1981]

Rogelia en Finisterre [Madrid: Revista Vértice, 1941]

Escena III

ANTONIO ¡Buenas tardes!

D. AGUSTÍN ¡Buenas, buenas! ¡El testigo! ¿De qué puedes dar testimonio?
¿La viste? ¿Entiendes su lengua? ¿La tocaste? La inscribiremos.
No padecerá ley civil. Venga, venga el nombre. *[Se sienta al
escritorio, abre un gran libro, se dispone a escribir]*

MANUEL Se llama Rogelia.

D. AGUSTÍN ¡Rogelia! No es nombre del país.

- ANTONIO Se llama así.
- D. AGUSTÍN ¡Perfectamente! ¡Rogelia! ¿Apellidos?
- MANUEL No tiene.
- D. AGUSTÍN ¿No tiene? ¿Cómo que no tiene?
- MANUEL No tiene. En su país no se usan. Se llaman hijos de padre y nada más.
- D. AGUSTÍN ¡Todo clarísimo! ¿Y edad?
- MANUEL Treinta años.
- D. AGUSTÍN ¿Quién lo asegura?
- ANTONIO Lo atestiguo yo.
- D. AGUSTÍN ¿En qué te fundas?
- ANTONIO Puedo jurar que tiene treinta años.
- D. AGUSTÍN Ya lo firmarás, ya. ¡Treinta años! ¿Soltera? ¿Casada? ¿Viuda? ¿Quién asegura eso?
- ANTONIO Casada.
- D. AGUSTÍN ¿Casada?
- ANTONIO Sí, casada. Usa anillo con la fecha.
- D. AGUSTÍN ¿Y el marido?
- ANTONIO No hemos preguntado.
- D. AGUSTÍN ¡Allá vosotros! ¿Cómo llegó a Finisterre?
- MANUEL Viajaba en el “Nuestra Señora”, que naufragó contra los *cons* de la farola. Se salvó a nado. Es el único náufrago que cayó en la parte de acá.
- ANTONIO Desnuda la encontramos en la playa, blanca como una muerta. La llevamos al almacén y le hicimos cama en una doma vieja. Juan la cuidó y ahora pasean al sol. Yo recuerdo los tiempos de antes de la maldición cuando Finisterre no era el cabo del mundo y mi madre bailaba con mi padre en la romería de San Andrés. Finado el paso, mi madre se apoyaba en el hombro de mi padre, como Rogelia en Juan. A Rogelia las sayas le van cortas y así parece su hermana.

(...)

RAMÓN REY BALTAR [Padrón, 1889 – Gerli-Arentina, 1969]

“Finisterre” [*Alborada* nº 118, Buenos Aires, X/XII·1942]

¡Punta avanceira d’Europa
vixía de mariñeiros,
onde chegaron os homes
que detrás do sol correron,
alcendidos d’inquedanzas
i-ensombrisos de misterios!

Cal xigante fabuloso,
érguese ante o mar inmenso,
que con furia redoblada
golpea o seu duro peito.

No seu corazón estalan,
de terras lonxanas, ecos,
cancións que levan as ondas,
cancións que levan os ventos.

Dend’os seus acantilados
nos días craros, sereos,
vese o mar inacababre,
fulxente, como un espello,
i-ondulante, como serpe
enorme, que ven de lexos,
tan lexos, que semellara
chegar dos confíns do ceo;
e nas tardes lumiosas,
tardes de paz e sosego,
os ollos pasmados miran
cómo o sol se vai metendo
pouquiño a pouco nas augas,
que se tinxen de bermello.

Contemprando tal milagre,
que o ánimo deixa suspenso,
ao par das gaivotas, voan,
cara o infindo, os pensamentos,
vibra d’emoción a i-alma
i-unha oración sobe aos beizos;
oración d’amor e gloria,
que xurde en todol-os peitos.

Mais non sempre en bós espritos
vencen no loitar eterno.
A veces a morte chega
co seu dôroso cortexo,
deixando na costa brava
tristes e fondos lamentos.

A lus, entón, xa non loce,
de néboa todo é cuberto,
brúa o mar enfurecido,
airado asubía o vento...
¡Apartaivos, navegantes!
¡Trunfan as forzas do inferno!

¡Finisterre! ¡Finisterre!
¡Remate d’un mundo vello!
¡Atalaia d’esperanzas,
aonde chegaron no antergo
aqueles homes que tiñan
unha estrela por guieiro!

XOSÉ COLLAZO [Baio, 1880 – Buenos Aires, 1962]

“Adeus Val de Vimianzo” [*Alborada* nº 119, Buenos Aires, I/III-1943]

(...)

Imaxes daqueles días
na miña mente repaso,
dos aires de Vimianzo,
da lúa e das estreliñas.

Coma unha alfombra de seda
déitanse as verdosas veigas,
nunha arumosa pradeira
de Cambeda a Pasarela.

Lémbrome cal se onte fora
as veces que eu contemplaba,
tan celeste panorama
dende a praza a Ponte Roda.

Era aquela rúa imán
donde cal virxes diviñas,
polo lunar van á vila
tódalas mozas do val.

Haber n-hai no mundo ceibo
unha vila tan xentil,
nin mozas coma en Tedín,
O Cárcel e Tras Outeiro.

Rosas hainas na Valiña,
Casais, A Toxa ou Irroa.
Son coma a Nosa Señora
ou coma a santa Lucía.

Xamais deixo de sentir
das de Calo: hai que ter tino,
pois fan perder o sentido
as frores daquel xardín.

Pensaba eu: ¡bonitas son!,
pro hai que lembrar decote
que todas beben na fonte
que don Xoán ameigou.

(...)

EUGENIO MONTALE [Xénova, 1896 – Milán, 1981]

Finisterre [Lugano-Suíza: Collana di Lugano, 1943]

Su una lettera non scritta

Per un formicolío d'albe, per pochi
fili sui cui s'impigli,
il fiocco della vita e s'incollani
in ore e in anni, oggi i delfini a coppie
capriolano coi figli? Oh ch'io non oda
nulla di te, ch'io fugga dal bagliore
dei tuoi cigli. Ben altro è sulla terra.

Sparir non so né riaffacciarmi; tarda
la fucina vermiglia
della notte, la sera si fa lunga,
la preghiera è supplizio e non ancora
tra le rocce che sorgono t'è giunta
la bottiglia dal mare. L'onda, vuota,
si rompe sulla punta, a Finisterre.

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS [Taramancos-Noia, 1935 – Noia, 1992]

“Poema da lua e do mar” [*Tapal* nº 6, Noia, VIII·1952]

O mar arrulou a lúa
unha noite de luceiros
sebor da miña fulúa...

A lúa morreu de medo:
deixou o mar de Fisterre
cheo de sangue marelo!...

Soñaba sonos marelos
de veira-mares incertos
onde pregan pinos vellos...

EMILIO LEMA [Reboredo-Salto-Vimianzo, 1900 – Buenos Aires, ?]

“A Vimianzo” [*Alborada* nº 157, Buenos Aires, VI/IX·1953]

Vimianzo é vella vila
de espírito rexo e fidalgo.
¡Inda fala seu castelo
das grandezas do pasado!

Col se foron os casiques
que, por piedá, non nomeamos,
han de pasar os de agora
e terán de ser xugados.

De un pasado i un presente
que os fortes fillos libraron,
pesi a praga dos casiques,
desde Castela mandados.

Pois ten de vir a xusticia
pra condenar os malvados
e premiar os nobres fillos
da fidalga Vimianzo.

A inda sopran malos ventos
nas terras de Vimianzo,
¡pero despóis da tormenta
teñen de vir días calmos!

ANTÓN ZAPATA [Laxe, 1886 – Buenos Aires, 1953]

A roseira da soidade [A Coruña: Editorial Roel, 1954]

A Costa da Morte

Antigamente os celtas, de prodixioso nume,
chamáron-a, en brigántigo, “País dos Silenzosos”,
pois vêndo ao sol poñerse, coidaban que o seu lume
íá quentar s ánimas dos antenados nosos.

Os bardos e os druídas, até ao facho Néreo,
ían pelegrinando ao vîr a lúa chea;
e xunto ao rexo dolmen, unxidos de mistéreo,
ceibaban os seus pregos â Hora da Estadea.

No fondo d-eses tempos, inda hoxe, ao mariñante
–se a costa medoñenta do Nerio olla por diante-,
rexúrdelle o relembro dos nosos antenados:

¡seméllan-lle seus faros, n-as nutes tenebrales,
phantásticos ciriales
que aluman a marfoxa dos probes afogados!...

A Vila de Laxe

Ao pé da “Arca grande”, e sobre a pedra dura,
a filla ben querida dos ártabros, laxesa,
espéllase n-as ondas tranquiás, coor turquesa,
pieitando os seus cabelos de ourífica finura.

De pesca e mariñeira têm a lanzal feita,
e, de outo señorío, tamén prestanza acesa:
pol-o abolengo, pode ser céltica princesa,
pois n-ela de Altamira, o embrema ainda figura.

No vran, as súas praias son leitos de puntillas
enonde a siesta dormen as peixadoras quillas
sin lembrar nortadas, trebóns e furacáns;

e cando na invernía o mar morde os cantiles,
e afonda lanchas e homes, e tira cós petriles...
¡a branca vila enlóiase pol-ôs mortos laxeiráns!

MANUEL CANOSA PUENTE [Muxía, 1894 – Buenos Aires, ?]

“Muxía” [*Alborada* nº 166, Buenos Aires, XII·1956]

(...)

Cal moitos no mundo anduven
antre a inxusticia penando
e decote relembando
as cousas boas que tuven;
i outos soños que non poden
realizar pra ti, Muxía,
co agarimo e fidalguía
de que eras merecedora;
soñando sempre coa hora
de verte de novo, un día.

Muxía dos meus amores,
vila das brancas casiñas,
das mozas churrusqueiriñas
con panos de lindas frores;
dos tempos, pra min millores,
da infanza por sempre ida;
da miña ilusión perdida
por un vieiro sin meta,
dos meus soños de poeta
que eran luz da miña vida.

Canta cousa venerada
pasea miña memoria
e marca na miña historia
unha páxina sagrada.

Chegan da infanza pasada
nun constante desfiar
todo o que soupe alegrar
miñas horas de pequeno
e, de antre os xogos de neno,
xurde a pedra de abalar.

Pois eu, Muxía, quixera
que foses o mesmo que antes,
sin ceviles vixilantes
nin ruas de limpa acera;
que o novo se desfixera
pra o tempo vello voltar,
cando eu iba a paseiar
i as, mozas, con doce arrollo
decíanme: adiós Manolo,
pra invidarme a palicar.

Mais debo marchar, Muxía,
porque m-o impón o destiño
volvendo pol-o camiño
da veira da tua ría;
levarei con alegría
o teu recordo por norte
e quixera tel-a sorte
coma a ilusión máis sentida
de que onde nacín â vida
tamén me levase a morte.

XOHANA TORRES [Santiago de Compostela, 1931]

Do sulco [Vigo: Galaxia, 1957]

Fisterre

Terra que te anordestas, Fisterre,
 agulla nesas redes, nesas augas,
 Fisterre que teces remuíños.
 Fuches esganado corpo que creceu. Adiantouse
 cal pasadoiro longo, entre os peixes, nos paus dos pataches.
 Déronche nacre e pérolas.
 E tamén mouchos. Mouchos parideiros de morte:
 Corpos irtos, fedentos, heroes, si,
 vomitados nas covas onde choupa con eles o mar do teu fastío.

Enxiva da península, prisioneira na ucha dun menhir,
 tiveche moito tempo a lealdade, o fastío do facho.
 Agora choras... Encólleste... Non quedan xa sereas
 nin reiseñor sequera, cabo do teu oído.

(Di: ¿É preguiza aquilo polo que o teu leme
 non randea searas nin mapoulas?)

Fareche o tempo mendrugo de miñoca. Ou cónchega
 coas caveiras de tanto homiño morto.

Ai, Deus, aquel rapaz que quixen, está pois augacento
 pra levedar a broa do Fisterre sinistro.

GERARDO DIEGO [Santander, 1896 – Madrid, 1987]

Ángeles de Compostela [Madrid: Giner, 1961]

Andar a pie el camino de Santiago,
 camino por la tierra a Finisterre,
 y andarle andando a dos porque no yerre
 el ciego amor, la ciega flor de un lago,

es pisar sobre estrellas, sobre un vago
 azar de nebulosa que abra o cierre
 según el polvo de astros nos destierre
 o nos descie en remolino aciago.

La cándida pareja toda amores
 va recitando versos, va midiendo
 para no perder rumbo los fulgores,

las letanías que se van fundiendo,
 poesía en boca y boca, ajenas flores,
 suyas a besos de un amor creyendo.

TEODORO MORGADE [Baio, 1915 – A Coruña, 1935]
Cartafol [A Coruña: El Ideal Gallego, 1963]

Ti e mais eu atopámonos
mar de Fisterre
todo cortado de silenzos
convulso en arelas de pedra dura
morno de tantos luceiros
no teu van deitados
coa verde sangue
en algas realizada, ti mar
prenitude d'espellos vivos!

I eu cos meus ollos

en dóres divididos,
sonámbulos de transparencias,
esposos dunha sangue
parada,
cantiga de terra anerga, en
adolescencia de meridianos!

Mar amigo
cata meus ollos fríos
dunha sede de ondas
salgados de infandos.

JOSÉ ÁNGEL VALENTE [Ourense, 1929 – Madrid, 2000]
Breve son [Madrid: Editorial Ciencia Nueva, 1968]

Mar de Muxía

Quien pudiera andar
sobre las aguas verdes
de este mar.

Y por el aire gris
quién pudiera, mar grande,
dejarse ir.

Mar de Muxía
que en su barca de piedra
me llevaría.

XOSÉ SESTO [Pontevedra, 1909 – Caracas, 1998]
Xogos Froræes do Idioma Galego en Buenos Aires [Buenos Aires: Ed.
Nós, 1969]

A soma do Fisterre

A soma do Fisterre
carón do mar Atlántico, mar noso,
augas con arroases e vieiras,
alfaiadas de illas e rendadas de cons,
nos loiros areales agarimo;

ergueitas como muros en fervenza
martelando os roquedos;
espello de gaivotas, de nubens e de ceos;
o mar das tebras
i o mar ñoto cara ós pobos do leste,

pra nós a gran aserrada
 en ronseles de sol atardecido
 berce das saudades do futuro;
 o mar isa gran forza,
 a auga diste mar, diste mar que nos
 cingue,
 a meirande laboura de cíclopes ferreiros
 onde o sol se margalla pra aceirarse
 en cósmicos runxidos de catástrofe

mescolanza de sangue
 i a brasa máis acesa,
 i onde se durme
 a tomar xenio para alumar ao día;
 eiquí, veira do mar-alén,
 nós, os galegos, tiñamos xa unha terra.
 (...)

HANS CHRISTIAN ANDERSEN [Odense, 1805 – Copenhagen, 1875]
Uma visita em Portugal em 1866 [Lisboa: Nova Lisboa Gráfica, 1971.
 Tradución de *Et Besøg i Portugal 1866*, 1868]

(...)

As ondas erguíam-se altas. Perguntei ao capitão se viriam a tornar-se ainda maiores, quando entrássemos no Mar de Biscaia. –Creio que sim –respondeu ele. Mas para a tarde, quando nos encontrávamos um pouco mais ao norte, as ondas começaram a descer. Pude assim mover-me mais firmemente e dar uma volta pelo barco. Mencionei já a sua extensão, o imenso compartimento-caserna no fundo, a cozinha, a copa, a maquinaria e os enxames de passageiros em baixo e em cima. Nos varandins, de cada lado da sala de jantar, estavam sentados em bancos e cadeiras senhoras e cavalheiros conversando, lendo, ocupados em pequenos trabalhos de costura ou coisas semelhantes. No abismo das máquinas, onde brilhava o fogo por baixo das caldeiras, moviam-se trabalhadores seminus. Se se entrava no “outro lado”, era difícil passar por entre os grupos de viajantes espalhados na cobertura, por entre as muitas coisas dispersas, macacos em gaiolas, catatuas balançantes e papagaios, um enxame de crianças, uma confusão e um ruído como numa praça de mercado.

Não me aventurei ainda a subir ao ponto mais alto, à cobertura ligada por pontes e escadas, de onde são dadas as ordens de comando e sinais e um grande relógio indica as horas exactas. Este marchava com rapidez e não menos rápido seguia o nosso navio a vapor. Contudo, só lá para a tarde conseguimos alcançar uma distância em que se podia ver o Cabo Finisterra que, em breve, quando o sol começou a pôr-se, perdeu os contornos nas trevas da noite. Reuníamo-nos agora, em demasiado número, na vasta sala de jantar, bem dispostos todos, todos alegres, especialmente as crianças tagarelando e gritando. (...)

DORA VÁZQUEZ [Ourense, 1913 – 2010]

Bergantiñá [Ourense: Edit. La Región, 1971]

(...)

Gostábanlle moito as historias dos santos, e interesábase por saber cousas do San Adrián. Marixuana contáballe canto sabía asegún baixaba con eles cara a estrada, onde tiñan que agardar o coche que as levaría hastra Malpica.

[...]

-E, ¿por qué lle chaman San Adrián do Mar? –preguntou Monchiño, que era todo ollos e ouvidos, a Marixuana en voce baixa.

Ela ollóuno, estranada da súa pregunta. O rapaz discorría... ¡Gracias a Deus, non era parvo, non...!

-Hai unhas rochas moi grandes que baña o mar, -díxolle- e nunha delas vese o barco onde o santo apareceu un día. Nun coto outo erguéronlle unha capela, e hastra ela vai a procesión pola beira do mar, dende a igrexa. Os dous santos van a hombreiros levados por os romeiros. Saen moi cediño, e á tardiña devólvenos á igrexa.

Marixuana sorríase ao ver os dous pares de ollos dos seus fillos, cravados coa atención nela. Brillábanlles as meniñas, felices e contentos por a excursión.

Un vivísimo desexo acodíulle no intre:

-¡Si o seu pai os vira...! –salaióu-.

Chegaron ao pobo, situado a orelas do mar, formando un cóvado con unha amprísima praia, á hora exacta de emprenziar a misa. A eirexa estaba ateigada de xente de todos os lugares. No altar, non estaba San Adrián nin a muller. Xa os levaran en procesión á súa capela, ao espuntar a aurora.

(...)

VÍCTOR LUIS MOLINARI [Buenos Aires, 1904 – 1980]

“Finisterre” [*Alborada* nº 178, Buenos Aires, IV·1973]

He visto el mar.

Profundo como tu ser entrañable
y tu desesperanza.

Sereno como tu espera
y tu justicia.

Limpio como tus ojos
y tus manos.

Rabioso como tu impaciencia
y tu dolor.

Verde como tu esperanza;
rojo como tu sangre;
negro como tu desventura.

He visto el mar.

El mar sin límites
 más allá del límite y de la ola.
 Más allá de la emigración
 y de tu angustia.
 Más allá de la calcinada ventura de tus
 muertos.

He visto el mar.

El mar de Rosalía y el de las legiones
 del César.

El mar de las madres y de tus lágrimas.
 El del trabajo y el de la lucha.
 El de la ida
 y el del regreso.

El mar de siempre:
 El de la eternidad inmutable.

El que seguirá esperándonos
 por los siglos de los siglos
 hasta el encuentro final.

Que así sea.

XOÁN BERNÁRDEZ VILAR [Marín, 1936]

Un home de Vilameán [Montevideo: Edicións do Patronato da Cultura Galega, 1976]

(...) Apenas tomou posesión dos seus estados, Fonseca II reducía a simbólico o cargo de Pertigueiro Maior de Santiago, que viña sendo vinculeiro dende facía moito tempo na familia de Ianes de Moscoso, aquel antigo pretendente á Mitra que conseguira atraer prá súa causa o primeiro Fonseca. Cáseque ao mesmo tempo ún dos capitáns arcebispaes detía na vila de Muxía, propiedade de Bernal Iañes de Moscoso, a ún dos seus criados.

A resposta non se podía facer agardar. O feudal caíu con vinte homes sobre o capitán do arcebispo e, a pesares de levar ése con el trinta soldados, predeuno. Don Alonso de Fonseca II descansaba mentras tanto na súa residencia de Noia, fuxindo dos calores de Compostela, custodiado por douscentos dacabalo.

Antes de que alborexara o día caía Moscoso sobre a vila ao mando de cincuenta escudeiros e cincocentos peóns. Sin armar barullo algún espalláronse éstes polas empedradas rúas e arrodearon a residencia do prelado. O feudal entrou nela e collendo ao arcebispo pola barba sacouno da cama.

-Arcebispo –díxolle- Si vós me tivérades preso como eu vos teño a vós, ¿qué me fariades?

-Don Bernal, si eu vos tivera preso, como vós me tendes a min, cortaríavos a cabeza.

O feudal soltou unha forte gargallada.

-Non, non vos vou dar ese gusto. Por ser vós un prelado non vola vou cortar. O que sí vos podo asegurar é que ides ter tempo pra arrepentirvos de canto fixéchedes e dixéchedes.

Don Alonso de Fonseca II, trinta arcebispo de Compostela, ficou nunha xaula da fortaleza de Vimianzo. Era o outono do ano 1464, cando o recién estrenado prelado contaba apenas vintecatro anos de idade.

(...)

XAVIER SEOANE [A Coruña, 1954]

A caluga do paxaro [A Coruña: autoedición, 1979]

Finis Terrae

Os penedos do canto medran en Fisterra	mortecina,
cal comezo do algareo dos infernos	alto
o home feble no veña:	descenso
a forza de baterse, o viño aquí está quente	o penedo do canto é unha arañeira
ah grolos	
imposibles do alén,	toda naveganza imposibel
caída	alén desta sospeita

NÉLIDA PIÑÓN [Vila Isabel-Rio de Janeiro, 1937]

O calor das coisas [Rio de Janeiro: Ed. Francisco Alves, 1980]

Finisterre

(...)

Olhei-o firme, fique tranqüilo, padrinho, hei-de salvar-me à custa dos próprios escombros. Por isso vim à Ilha, recolher força e origem, terei então vida por tempo ilimitado. Abraçou-me outra vez. Te introduzi à natureza desta terra, à comida dos ancestrais, mesmo aos mariscos te introduzi, e a que mais devo levar-te para que abandones a Ilha pródiga e cheia de fontes? Verá

que me faço forte entre a gente do meu povo, e com a memória dessas pedras, desses arbustos. Vamos agora almoçar, ele comandou.

Primeiro, os siris alerta, patas movediças que me ameaçavam levar às costas vermelhas, ao Finisterre. Resisti a que eles me expulsassen da sala só porque haviam habitado primeiro as pedras amarradas à Ilha. Por vingança, esmaguei-lhes as patas, suguei seus tentáculos. No entanto, eram miúdos e inofensivos. A dor maior seria alimentar-me dos centolhos, eles, sim, gigantes dos mares de Sinbad, povoando a costa espanhola para alertar o espírito de Ignacio, obscurantista e mago. Ocupavam os centolhos o centro da mesa, cedilhes meu lugar e, ao mais robusto da espécie, disse, querendo te convido a bailar a valsa dos quinze anos. (...)

MANUEL RIVAS [A Coruña, 1957]

Libro do Entroido [A Coruña: Edicións do Rueiro, 1980]

O Cemiterio dos Ingleses

É case unha obriga dicir algo da beleza mais nin eu nin vós estamos en Brañas Verdes, entre Cabo Vilano e Tosto, entre Arou e Camariñas. Hai chuvias das sete cores e mire ao lume do mar caravase nos ollos do [raposo, a cópula do garañón e a égoa, o intre do mascato na sombra da lubina, o turbante da néboa nos camiños onde aventa a inquedanza de Hölderlin viaxeiro.	Se cadra, no verán, dous ou tres de nós pensemos en ir a Brañas Verdes, onde mirei os fuciños da vaga bicar xuncos. Se o facemos, se dous ou tres de nós imos aló pensaremos se cadra en non voltar. Na outra face das dunas hai pequenos oasis con herba de namorar i estrela da xunqueira.
--	---

(...)

XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO [Lugo, 1954]

Herdo e alucinación en Fisterra [Madrid: Akal, 1981]

7

Outros dirán Breogán, terra a agromar a mañá e a profecía,
e nós, e nós na rúa insólita inzando o beizo da irmandade, o beizo da cibdá Fisterra
a chegar redimida polo mar, polas xerfas dos ronseles das gamelas irmandiñas, como
[cando vaza e xunta area unha vaga de vagar,
e outros dirán e nós
que houbo un día-xericó, Fisterra, cibdá fortificada polo mar,
o noso, o noso.

VÍCTOR F. FREIXANES [Pontevedra, 1951]

O triángulo inscrito na circunferencia [Vigo: Galaxia, 1982]

(...)

Don Xoán Manuel sabía destas cousas e de moitas máis, que grande parte delas as deixou por escrito, principalmente tocante a don Bartolomé. Así chegaron, andando os anos, a Quinteiro Malvido. Se cadra o navegador, cando tal escribiu e mandou ós derradeiros pilotos do Señorío polos mares do mundo, xa sabía de certo o fin irremediable da vella cidade dos devanceiros, patria do Primeiro Navegatem berce da liñaxe renovada. El tiña claves e sabencias que nós non temos e nas que tampouco Quinteiro, malia o seu grande esforzo, chegou caletar. Non se pode abranguer en catro anos o que foi a vida enteira dun home. E aínda máis un home tan sobranceiro e excepcional. Poida que andando o tempo, lector, cheguemos ter noticias de don Bartolomé por camiños que agora nin sospeitamos, e tamén dos homes do Triángulo, ciscados polo mundo adiante, portadores da Memoria. Esta non é máis ca unha parte da Historia. Sempre é así: debaixo da auga está todo o volume do iceberg. ¿Qué relación existiu de certo entre Vilanova de Alba e as outras cidades do océano, aquela vella e fermosísima cidade de Duio, por exemplo, hoxe enterrada na area entre o cabo da Nave e Fisterra, nos mares do fin do mundo? ¿Qué novas e deslumbrantes lecturas se poden aínda facer do Baldaquino de Caldas, dos símbolos todos da iconografía do mar, fontes secretas, documentos ignorados? Duio morreu de morte matada denantes de aparecer Compostela, pero enfrentada xa ós primeiros poderes da

Terra, os homes do primeiro Corpo Santo (que nunca chegou por mar). Pero ben puidera ser –e estou cada día máis certo- que a antiga cidade da Fisterra, aquela dos fermosos pazos e velvederes, depositaria da primeira Alianza que moitos anos despois renovou nas rías o primeiro Mariño do ano mil, o fillo da sirea, ben puidera ser, digo, que Duio e Vilanova de Alba, por exemplo, fosen a mesma cousa, dous asentamentos distintos da mesma aventura do mar, última resistencia, distintas expresións dos vellos paraísos. Coincidencias hai abondo, e os feitos cadran. (...)

MANUEL MARÍA [Outeiro de Rei, 1929 – A Coruña, 2004]

Versos do lume e do vaga-lume [Ourense: Galiza Editora, 1982]

Fisterra

Ceguei a Fisterra, alí onde
o sol esmaiado e silandeiro
morre no mar como umha bágoa.
Todo o peso da lenda
cai no meu corazón:
tal umha pedra
no escuro noitébrego dum poço.
Olho pasar o vento
puríssimo e despido:
a sua voz é laio arrepiado

na imprecisa névoa do meu ser.
Cheguei até Fisterra,
fim do mundo:
aquí
o tempo imobiliza-se
e a vida começa a sua
inexorável conta cara atrás.

MANOEL RIVEIRO LOUREIRO [A Coruña, 1933 - 2009]

VV.AA.: *A gran novela e outras narracións* [Sada: Edicións do Castro, 1982]

O Pau

(...)

Pero, ¿porqué vos dá tanto que falar o feito de que O Pau, o noso Pau, veña sendo un remo? Mais, ¿porqué?, eso é o que eu pergunto. Porque sabendo que o meu apelido, que os mais de vós levades, é Xoubanova... Eu coido que

ben se ve, e mais vese de lonxe. Claro, ben sei: vós sempre déchedes creto a eso que se ten dito de que eu nunca vira o mar, ¿nonsí? Xa sabía eu, xa, que tal era o que pensades. E logo a teima que lles teño aos coches, aínda por riba, sen querer montar neles... Pois non vos hai tal, anque eu sempre deixei que o crérades así, como vós quixérades. ¿Que nunca vin eu o mar? He, he, he... Evos ben chusca esa crencia, abofé que a é. Si, home, si; claro que si. Cóntovolo agora, xa. Mais deixádeme sentar ben ao xeito, e mais mollar un pouco a palleta. Veña acá esa xarra, que ei baixar un grolo dese Ribeiro fresquí e gorenteiro. Aaaahhhh... este é un consolo prá ialma e un respiro pra o corpo, que de tanta parola xa tiña a lingua enxoita e a gorxa rechumida. Bota, bota mais, rapaz, que o vaso é cativo prá miña sede. E mentras non dea en peneque todo vai ben.

Pois si, miña xente: o mar tenme mollado moito alá en Muxía, onde eu nacín. Alí funme criando de neno e rapaz até ir dando en mocete. Ai si; souben calar, souben. En Muxía, si señor. Qué Costa da Morte nen hostias benditas, ¿de onde centella sacaches ti eso da Costa da Morte, ¡Boh, caralladas! Aquelo é Muxía e mais nada, a dos pescos e maruxos e a da Virxe da Barca; a da Pedra de Abalar e a dos... ¿Que xa non abala? ¿Que a Pedra xa non...? ¿Que a fendeu unha chispa? E logo... ¿E a ti quen cho dixo? Boh, quen vos faga caso... moi sabichón es ti cos teus periódicos. Como eso de lle chamar Costa da Morte, mira que... Home si, o mar alí bate moito, mais eso de lle chamar así é moito de mais. Lembro, lembro ben como batían os vagallóns mesmo ao pé da nosa casa. Eu sempre lle tiven medo ao mar. Moito medo lle tiña, moito, aínda a pesares de ser fillo de mariñeiro, que pescos foron, que eu saiba, tódolos meus devanceiros. Tamén eu andiven ao mar, a remo ou a vela, dende ben neno. ¡Ai, o mar, o mar...! Aquel mar aberto, sempre témero e aínda máis nas noites de trebón, cando as petadas do salseiro no pé da casa facíanme callar o sangue no corpo... Lembro ao meu pai, nos días de temporal, labrando na madeira co seu coiteliño afiado. Moito sufría eu co mal tempo, moito sufría, mais vendo ao meu pai enredado nese labor acougábame moito, pois cando menos tíñamolo na casa e alí estabamos todos capeando o temporal en terra. (...)

CRISTINA AMENEDO [San Martiño de Porto-Cabanas, 1925]

Mar aberto [Sada: Ediciós do Castro, 1983]

As tres Sisargas

Estades ahí, illas Sisargas, as tres: ten o seu niño ben apousado
a Sisarga chica, nosa nenez bendita; nunha cunchiña feita de nacre
o belo Atalaxeiro dende tódolo ollamos que brila á noite baixo o estrelar.
na xuventude coa arela infinda;

i a gran Sisarga, dura experiencia
da vida feita que vai pasando.

Alcende o faro, lume do ceio.
Berra a serea da gran Sisarga.
Que a néboa e moita no mar aberto
i as almas treman na escuridá.

I o mar da vida, o bravo mar,
bate por sempre nas illas tres;
bate co abrete hastra o luar,
mentras de espuma sempre guindado
se encontra o cabo San Adrián.

E no mar alto, van as tres illas
moi lediceiras, ben arredadas.
Mais coa marea baixa da vida,
soio unha illa rube do mar.

Unha gaivota moi branca e leda
vai revoando sobor do mar,
do mar da vida, do mar das illas,
que alí a gaivota da nosa alma

I as tres Sisargas, as tres en unha,
ollan moi quedo no fin da noite
pra esa gaivota moi branca e leda
que derradeira vai revoar.

DARÍO XOHÁN CABANA [Roás-Cospeito, 1952]

A fraga amurallada [Ourense: Limbo, 1983]

Oleiros de Buño

A terra informe –pero sempre amante-
é polas vosas mans alba de gloria,
disco solar e cálida memoria
de arbóreo verde e blésima queimante.

Saúdo en vós as xeracións pasadas
e as que han de vir despois de nós finarmos;
saúdo en vós as formas recobradas.

A curva lenta que na volta encerra
castrexa gracia coma outeiro dondo,
évos nas lisas mans o saber fondo
de milenaria imposición da terra.

Saúdo en vós o lar e mais o forno,
e mentres ó redor do sol xirarmos,
non deixe de xirar o voso torno.

MIGUEL A. MATO FONDO [Ponteceso, 1953]

VV.AA.: *De amor e desamor* [Sada: Ediciós do Castro, 1984]

Em Corme hai noites infindas
e umha dor de antiga estirpe
Em Corme.

Olhos feridos de mar
procuram distancias
e hai coitelos salgados
nos peitos dos velhos patrons

Este é o canto dos salseiros
que o vento aferrollhou
nos mastros:

“Marinheiro
cantor das tavernas
quem chorará em Corme
longos siléncios amantes?

Só ti conocías os segredos
das furnas
Só ti eras quem de gobernar a gamela
nas frias águas do Osmo.

Nas rosas do Océano
nos ventres das mulleres de Corme”.

JUAN ANTONIO POSSE [Soesto-Laxe, 1766 – San Andrés del Rabanedo-León, 1854]

Memorias del cura liberal don Juan Antonio Posse... [Madrid: C.I.S., 1984]

(...)

No pude contar a mi madre lo que había sucedido con su prima sino por medio de mi hermana, que se entendían por señas. Pasé todo el mes de septiembre y más de la mitad de octubre en mis paseos acostumbrados de la mar, y bañándome frecuentemente. Había pasado la romería de Nuestra Señora de la Barca, que se celebra el domingo infraoctava de la Natividad de la Virgen, y me habían invitado a verla. No quise, hasta que, estando el catalán en una facturía y almacén de sardina que tenía en Merejo, cerca de aquel Santuario, me resolví a pasar a verle. Salí, pues, hacia mediados de octubre, tomando al Sudoeste hasta la puente del puerto, que dista dos leguas de mi casa. De aquí a Merejo hay más de otra en baja mar, y fuí preguntando por el camino que me conducía lejos de la ribera en llena mar. La casa o almacén está a la orilla del mar, donde está la ría de Camariñas y Muxía, que es una vasta ensenada que forma el mar. Al día siguiente se me preparó un

bote y tomamos a Muxía, donde mi guía sacó el Mayordomo del Santuario, que nos acompañó en persona. Este era cabalmente marido de una amiga mía de Laje del año 90, que se había casado en esta villa, mas en la actualidad estaba en Santiago. El templo está al Norte, distante de esta villa como medio cuarto de legua sobre los peñascos del mar, donde llega algunas veces. [...] La tradición del país es que Nuestra Señora ha venido navegando por los mares y aportó a aquel sitio, donde edificaron este templo los antepasados de dicho señor para alimentar la devoción de los fieles. Al Nordeste hay una entrada de mar desde el Cabo Villano hasta este de Muxía, que forma la gran ensenada o golfo donde está Camariñas, en que hay un castillo, según dicen, y otros pueblos de menos consideración.

(...)

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN [Ourense, 1938]

Arnoia, Arnoia [Vigo: Xerais, 1985]

“La Burla Negra”

(...)

O ceo estaba escuro e neboento; unha chuva escasamente fría, pro constante, aparecía un día e duraba dous ou tres sen escampar; os prados facíanse numerosos á beira das calzadas que seguía a caravana; lentos carros tirados por bois de cornos en forma de lira cruzábanse connosco, guiados por homes graves que calzaban galochas. Foi entón que a vereia de pedra desembocou no Occidente Absoluto: ou sexa o mar.

O mar era unha enfermidade gris, alí. Era un alento de liberdade que chamaba por min. As ondas escachaban contra docas de pedra escurecida e as gavotas chirlaban de continuo. Era a maré baixa e regresaban as gabarras carregadas de carromeiro para esterca-las leiras. Sobre a masa parda das olgas voaban bandadas de mosquitos, e os tripulantes barallaban e dicían cantigas ó amarraren as barcazas e descarregaren o argazo. Estabamos no porto de Fisterra, alí onde a nación dos Carnotáns desde tempo inmemorial exercía a fonción de embarcar as caravanas dos Tigummei, que se transformaban en espertos navegantes e partían en convois de sete e oito navíos en dirección ó outro mundo, a través do océano tenebroso, para non voltar xa máis. Alí despedínme dos Sen Nome e agradecínlle-la súa xenerosa e discreta hospitalidade. Vinnos partir nas súas naves, cos camelos e as mercadorías

nas bodegas profundas, e sentín un grave amor por aquel pobo que persigue sempre o curso do sol e que me transportara a través de tanto e tanto país sen me pedir nada en troco e sen me facer xiquera unha pregunta.

En Fisterra, un cheiro picante enchíame os narices cando, ó crepúsculo, me sentaba na beira do malecón e ollaba para o fondo das augas. Soupen que o consello de Brandaberis non fora outro que o de proseguir por mar o meu regreso á Casa Pequena de Arnoia. (...)

CARLOS PENELAS [Buenos Aires, 1946]

Finisterre [Buenos Aires: Francisco Coubet Ediciones, 1985]

Fisterra

Sobre las aguas
poblaban el silencio cantos marineros.
Alto y demorado, el bosque,
parece renunciar al cielo y a los dioses
junto a la niebla.
Las huestes del rey Breogán
rezan desde la punta de Riazor
con las voces del recuerdo y la quietud.
Inmóviles los ojos y las manos
descubren el horizonte intacto de las velas.

La espuma de la aurora los sorprende
con ancestrales cascos.
Los hórreos ocultan la piedad de la piedra.

MARÍA XOSÉ QUEIZÁN [Vigo, 1939]

O segredo da Pedra Figueira [Vigo: Tintimán, 1985]

(...)

Tiñan que atravesar a Costa da Morte, o temido lugar onde o Sol morría cada día, caendo exhausto entre as bravas ondas, canso do seu camiñar. Os da barca sabían que o maior perigo que os agardaba era navegar sobre o Sepulcro Solar sen quedaren á vez sepultados.

No lusco e fusco as rochas do litoral adoptaban formas estrañas e fantasmagóricas, de animais deformes e ameazadores dominando toda a beleza do entorno. O impulso das ondas dáballes incluso movemento a aquelas moles aristadas. A xerfa formaba neve levadiza aos seus pés. Os contornos do litoral, desfigurados, aparecían como estadeas aos ollos da xente da nave.

Unha brétema branquecina avanzaba polo horizonte, inmensa coma un tropel, coma un velo celeste que logo os deixou envoltos, atrapados como unha tea de araña sen fíos. O mar e o ceo, confundidos, grisallos, confinaban aos navegantes. Lazo sentiu coma se o mundo fose un globo, un ovo que os resumise.

O peor era saber que os xigantes montañeses, as penas ariscas que protexían aos adoradores do Sol, estaban alí, tan perto. Sentiron como o Sepulcro Solar se resistía a ser navegado. Naqueles cabos onde remataba a terra, as ondas facíanse máis bravas, o mar ruxía como un tigre e axitábase como unha manada de xabaríns desbocados. Era a Costa da Morte onde morría o Sol cada día e onde os navegantes que tentaban chegar alí afogaban con el, precipitábanse nos abismos xunto ao rei Sol.

O medo apoderouse da xente da barca. De cando en vez, algo tropezaba coa nave producindo uns golpes secos, opacos, acentuados polo silencio mortal que os rodeaba. Co temor, o ruído resoaba dentro dos seus propios corpos, pam, pam, unha e outra vez. A néboa non deixaba ver nada pero tampouco ninguén ousaría indagar que seres producían os golpes nos costados do barco, que, na obsesión, identificaban coa machada do sepultureiro preparando a cova onde quedarían acompañando ao Sol coma súbditas sacrificadas para seguir ao rei no alén.

(...)

Dictinio del Castillo-Elejabeytia [Ferrol, 1906 – Heidelberg, 1987]

O espello das brétemas [Sada: Edicións do Castro, 1987]

Agosto en Laxe

1

Agosto e casi sempre leve brétema
vaga por esta ría
veándolle o contorno,
dando á tona unha côr indefinida.

Despóis de longa ausencia
volvín con homildade a ser cantiga
na que eu e a terra somos
como a espuma e o mar, a luz e o día.

2

Foi en Laxe, cara a Corme
e perto de Ponteceso
onde tocaron as gaitas
a alborada daquel tempo.
A Señora da Atalaia
sorriunos dende seu tempo

e as ondas da maina ría
berilos che ofreceron
porque deche nome a todo
anque viña doutro ceo
e abrollaron ao teu paso
labercas e xasmineiros.

3

Doces días de Laxe tan tranquiños,
aves de noroeste:
entráchedes en nós ata o máis fondo
e xa connosco os levaremos sempre.

Vemos chegalas barcas e partir
e pular e brilar na lonxa os peixes
ou rubimos na tarde a Santa Rosa
ou falamos coas vagas en Camelle.

Francisco X. Fernández Naval [Ourense, 1956]

Pabellón habitado [Ferrol: S. C. Valle Inclán, 1987]

**Fisterra. O teu cabelo longo e desfiado misturábase co mar. Perto de nós
un numeroso bando de zarrapicos reais contemplaba o solpor dende a
atalaia das rochas**

O sol
coma un abano
vaise poñer polo cabo do mundo.

Solpor a contratempo
un mes de mar e amor
e a terra semella un longo verso

escrito en ouro
nunha rendición sen límites.

O sol
tenra vítima da tarde
vaise axionllar
no ara dos teus ollos.

CÉSAR ANTONIO MOLINA [A Coruña, 1952]

El Fin de Finisterre / O Fin de Fisterra [Ferrol: S. C. Valle Inclán, 1988]

Epigrama

O final en Fisterra buscas pero nada do final en Fisterra entontras. Un barco lentamente atravesa o horizonte, un avión a reacción circuncídanos. ¿Cántos mentidos finais xacen entre os [seus perigos?	Resto do fin. ¡Ouh mundo sen constancia! E un coche calado, coma cola de cabalo, cae ¿onde?
Isto non é o final, senón o principio. ¡Que soberbia de ser o que un foi! O fin de Fisterra o só monumento Que, ó fin, tan só Fisterra vence.	quixera verte en vilo asíndote á miña branda man.

XOSÉ H. RIVADULLA CORCÓN [A Coruña, 1962]

“Muxía: a cidade do mar no país do vento” [*Luzes de Galiza* nº 10-11, Sada, 1988]

Muxía é a pel dunha fermosa virxen negra, e o seu corpo é de terra-pedra e o mar son os seus ollos que na noite a virxen negra arrínca-se facendo-os extenderse imundando a [terra,	non existe o mar e a terra, existe a terra-mar, e os homes son peixes nadando na inmensidade e os peixes son homes bebendo nas tabernas, e os fillos do mar e das mulleres saen a navegar nas suas gamelas vogando como Caronte lles ensinou, e penetran coas suas redes no corazón do mar, e o mar se aferra a vida e loita con eles, faí soprar un vento poderoso que toca todas as cousas dotando-as de alma, e toca os cabelos das mulleres e penetra en eles enroscando-os e fecundando-os, e as mulleres paren novamente, e paren un subtil vento fiminino e poderoso cun arrecendo forte de salitre, e as mulleres o bautizan co nome de liberdade.
e as mulleres mollan os seus pes en el, que silencioso sube polas suas pernas, e no misterio da noite as fecunda, e ao chegar o inverno a virxen negra desperta do seu soño e vai de porta en porta oficiando de parteira, é a madriña de todos os pequenos que nascen nesas noites frías, e o mar sentido a chamada de pai brama e se levanta poderoso sobre a costa, e perdemos o concepto de fronteira,	

XOÁN BABARRO [Calvelo de Maceda, 1947]

O dragón de Gondomil [Vigo: Ir Indo, 1989]

VI. En busca da pedra filosofal

(...)

Despois da visita da vila que máis sabe de naufraxios houbo un primeiro intento de seguirmos por Arou e a pista que bordea a beiramar; pero alguén desanimou ós pais con comentarios sobre o firme e por esa razón quedamos coa gana de continuar pola exuberante esencia da Costa da Morte.

Desandámo-la pista cara á Ponte do Porto, pasamos pola traballadora Xaviña e detivémonos en Camariñas diante as casas que lle serven de fachada. Polas rúas, o impaciente e musical tequelear das incansables palilleiras; as vivendas, en conversa íntima de porta en porta, e no porto, o sonoro gurgutar das lentas e esculturais gaivotas outeando horizontes de sardiña. A animada comida de restaurante sosegáranos coa visión da calmada ría.

De camiño cara ó faro detivémonos para subir a pé deica a ermida da Virxe do Monte: ós nosos pés unha chaira cristalina espallándose infinitamente e Muxía, humilde ante a valentía da Buítra e a altiveza do Vilán, acenándonos coas torres do santuario.

Máis adiante, a visión desde o cabo resulta sobrecolledora: as desacougantes furnas alá nos profundos, as escarpadas costas sementando penedos na ribeira e a inmensa redondez do temido Atlántico.

Despois de vérmolo faro do Vilán debiamos percorrer parte dunha pistaña que festonea polo monte coa intención de chegarmos á Praia do Trece e alí visita-lo cemiterio dos ingleses, onde repousan os náufragos do Serpent. (...)

MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO [Cospeito, 1958]

“Ofélia en Fisterra” [*Luzes de Galiza* nº 14-15, Sada, 1989-1990]

Digamos nos teus ollos un crepúsculo antigo
frente ao ferido mar onde transmígra a morte,
canción de névoa e vento para os vellos navíos
que pulsan unha lua perdida no horizonte.

Digamos nos teus ollos unha cor de soedade

entre o fogo e a espuma deste mar misterioso
onde latexa un eco de loucura e beleza.

Oh corpo de sereia, habitarás na noite
as estrelas máis puras! E o corazón amante
será unha illa morta no fondo do teu soño.

MIRO VILLAR [Cee, 1965]*Ausencias pretéritas* [A Coruña: Espiral Maior, 1990]

7

Que lonxe fica o mundo desde o faro de Fisterra
para nós que aprendemos de terras coñecidas,
non pode ser estraño que onde o mar ceifa vidas
no prelude dos tempos fora alma e fin da terra.

Cando nós mesmos temos un vértigo que aferra
as nosas epidermes en cada acometida,
as naos na tempestade son cabalos sen brida
tendo un desequilibrio que oprime veas e aterra.

E os poboadores de antes iluminando o Facho,
con traidor lume acceso nun círculo pedroso
escribindo coas luces historias de naufraxios.

Non máis que era quimera facer da fame
[empacho
en épocas gañadas pola peste en acoso
e coas trabas tinguidas de funestos adaxios.

XELUCHO ABELLA [Malpica de Bergantiños, 1945]*A cidade maldita* [Vigo: Xerais, 1991]

(...)

O navío deixara atrás, pola popa, o picouto de Mal-pic, e enfiaba a proa
por entre a punta do cabo de Ariainn e Sis-aar-gar, a Pedra Sagrada do Mar,
morada da deusa Mariña.

Miro, o albeite, achegouse ó ferreiro e a Naba, e interveu na conversa:

-Debías facerlle unha funda protectora a esa tripa ou mangueira que che
sae do ollo –aconsellou ó chosco-. Mesmo cando andas ás centolas, supón que
un día aparece un congro esfameado e cha adenta. Derva, que é moi mañoso
para calquera cousa, pódelle encargarlle unha funda curiosiña de badana para
cando saques o ollo a paseo. No remate da funda diraslle que che poña un
cristal de vidro para veres, e de paso que estea protexido.

Entrementres, sentados a carón do panel de popa, Cibrán e Glunguel, o
druída, falaban sobre da finalidade da viaxe. Brión, o timonel, de pé, daba
conta da cana do timón.

- ¿En realidade, que é o que imos buscar? –quixo saber o neno do máxico
talismán.

O barco navegaba á altura do Castro de Entretorres, rumbeando en demanda
do cabo Corm ou Roncudo.

- Saberémolo só cando arribemos á Illa de Avalón. Nela está a clave para librar da maldición que caeu sobre as sete cidades confederadas, e mergullounas a todas elas un mesmo día no abismo. Alcaían, na lagoa da Braña Rubia, de Seavia. Casarells, en Casín de Rus. Orzán, no grande porto dos Ártabros. Valverde, onda a illa da Estrela. Antioquía, nas marismas de Traba. A lonxana Duio, na apartada terra dos Nerios. E a nosa querida Calión, nos baixíos dos Baldaíos. As sete penamos a mesma culpa, e salvaranos o mesmo remedio. (...)

XELUCHO ABELLA [Malpica de Bergantiños, 1945]

Gundar e o cabalo de oito patas [A Coruña: Casals, 1991]

(...)

En pouco máis de dúas horas gañou as partes altas de Nariga, e de contado se plantou ante a vella ermida de San Nicolás. Con puntería certaíra deu en tirar miúdos croios contra a campá de bronce, e agardou alí mesmo no campo da Matanza, onde os confrades adoitaban, pola festa do santo, sacrificar os cuxos e repartirse as pitanzas que consumían asadas.

Pouco tivo que agardar. Por detrás do valado do adro asomaron varias cabezas, algúns deles compañeiros de cadea nas mazmorras do castelo, que levaron ós recién chegados ó campamento rebelde nun picouto facilmente defendible, desde o cal os talieiros dominaban de lonxe todas as subidas e, en caso de apuro, permitía o abandono cómodo cara á banda do mar.

En poucas palabras Gundar e Verderolo puxeron os conxurados ó corrente do acontecido na praia de Ceiruga, a descalificación e decomiso de Matani, o enfrontamento final entre o pobo e a mesnada do Conde, a fuxida precipitada sen coñecer o resultado da loita nin a sorte de Rendeiro, Frei Reimúndez e os outros compañeiros.

-Xa non contamos con que chegades a tempo –falou un home coma de cincuenta anos, veciño da freguesía de San Xulián de Brantuas, de nome Gontaz-. Por iso tiñamos planeado asaltar esta noite o castelo, aproveitando a festa que celebran no interior da fortaleza e o conseguinte descoído na vixiancia.

-Tentamos de chegar a un acordo do Conde e seguir sendo os seus vasalos, pero o señor de Mens non se baixou a razóns, tratounos con dureza e despediunos con desprecio –interveu outro dos proscritos do monte.

-¡Cos señores non caben tratos nin arranxos nin componendas! –dictaminou un bravo mozo, baril e impetuoso, veciño de Asalo, lugar da parroquia de Santiago de Mens- ¡Como di Frei Bartolomé, Deus non fixo dúas clases de humanidade, a dos señores e a dos escravos, senón unha soa, toda ela creada á súa imaxe e semellanza! ¡Por iso esta noite vai alumear, no alto das torres, a crista do galo vermello!

(...)

WANDA RAMOS [O Dundo-Angola, 1948 – Lisboa, 1998]

Litoral (Ara Solis) [Lisboa: Editorial Caminho, 1991]

(...)

Outros desses nomes foram corridos de passagem, olhando de longe materializarem-se as terras: todas sempre rés da ria, Carnota, Cee, Corcubión –esta última, há quem afirme saída da colónia grega ou tendo ganho o nome do basco “enseada das boas águas”, desdobra à vista as suas casas brazonadas e um porto de estratégica importância, destruído pelos franceses no princípio do século dezanove. Chegava agora a ponto crucial, perseguindo, ao menos aproximadamente, a rota dos romeiros a caminho do Santo Cristo de Fisterra, o Santo da barba dourada: mas moviam-me outras convicções que, de tão obscuras ainda e pressagas, como que me agarravam por dentro a disponibilidade solta do viajante comum. Aproximava-se o termo dessa forma tão especial de peregrinação que me trazia de terras muito mais ao sul, sem que por mal dos meus (insuspeitados) pecados lhe enxergasse algum prenúncio de bem-aventurança daí para o futuro dos dias próximos: nem sossego, nem paz comigo mesma, nem crença íntima e intransmissível. Assim, nesta península de Quenlle encetaria o caminho para o cabo dos meus trabalhos, com a Costa da Morte sempre ao alcance dos meus olhos, ainda que por vezes se interpusessem os acidentes do terreno.

A tarde ia chegando ao fim e descansadamente ganhava os tons mais quentes do crepúsculo. Não havia, porém, até onde a vista chegasse, assomos de coisas sinistras, perfis tétricos ou sugestões de morte como os tecidos pelas lendas que percorrem estes lugares. Com a estrada levando à concha do porto, Finisterra surgiu risonha e clara, as ruas estreitas cingindo a praceta Ara Solis, altar do sol.

(...)

ALEJANDRO FINISTERRE [Fisterra, 1919 – Zamora, 2007]
Cantos rodados. Antología poética [Madrid: Libertarias/Prodhufi, 1992]

Soy de la mar

Sí, son hermosas las rosas y es el gusano mi hermano. Pero amo más las algas que las rosas y al pez más que al gusano.	quiero dar a luz estrellas de mar. Soy de Finisterre, soy marino: echadme a la mar en submarino de pino de Finisterre (sin pintar).
Soy de la mar.	
Cuando vaya a dar a Luz echadme a la mar:	Soy de la mar.

FRANCISCO JOSÉ VIEGAS [Pocinho-Vila Nova de Foz Coa-A Guarda, 1962]
As duas águas do mar [Porto: Edições ASA, 1992]

(...)

O mundo poderia terminar aqui, há uma baía onde Francis Drake se escondia, os barcos contornavam a Costa da Morte, evitavam o Cabo da Nave, entravam na praia do Mar de Fora, passavam rente à pequena ilha diante do farol, entravam finalmente na baía. Finisterra. As âncoras ficavam à vista da praia da Langosteira, porque a água é límpida e azulada, tem o céu inteiro defronte dela, a encosta de Corcubiión emudece, como se adormecesse sobre esta água do mar. [...]

Os últimos pássaros do dia escondem-se em abrigos invisíveis, uma onda de silêncio invade por instantes os recantos da praia da Langosteira, como se tivesse avançado desde o mar cobrindo toda a Costa da Morte, os pequenos povoados de Malpica e de Corme, mais a Norte, de Laxe, a ligação por uma estrada pequena, estreita e húmida, entre Camele e Camariñas, a baía de Muxía, o brevíssimo planalto que desce depois vertiginosamente para Finisterra. É o silêncio do oceano, disse Filipe Castanheira, o silêncio da terra frente à escuridão. Ara Solis. O altar do Sol. (...)

MARTA DACOSTA [Vigo, 1966]*Crear o Mar en Compostela* [Lugo: Deputación, 1993]

Sete horas de calquera tarde de verán,
os homes, formigas en continuo construír,
ruídos, o mundo total que nos rodea.

Desta xanela vexo con triste indiferencia
os pálidos tellados das casas que me enfrontan,
poemas de Cavafy medran baixo os meus ollos,

as “Juras” agachadas cando chegaba a noite.
Quixera tamén eu escribir os poemas
en que un mundo enteiro reflectido se achase.
Precisarei do Bardo en todas estas tardes
para soñar tamén desde o meu Monte Branco,
ó que o Allóns non chega pero si chega o mar,
o mar bravo e violento das praias de Xaviña.

RAFAEL LEMA [A Ponte do Porto, 1967]*Cemiterio das gaivotas* [A Coruña: Espiral Maior, 1993]

Non achara-la mar
por mais que naceras a dous pasos
do Boi, de Trece, do Vilán.
Herba loira, filla e neta de mareantes,
comesta polo sal a túa pel de arañas.
As negras Eménides están tan soas.
Eu non sei o camiño.
Só sei que non podoo nomear tódalas cousas

ou a lingua se me queima,
agroman ortigas e malas herbas na miña boca,
crecen as oquedades deixadas nos libros de
[historia,
medran, coma pó nos salóns, tímidas bonecas
[cegas.
E a proa enfía ameazante a Ítaca.

XOSÉ MANUEL LEMA MOUZO [A Ponte do Porto, 1974]*Os dentes da noite* [Sada: Edicións do Castro, 1993]**Costa da Morte**

Polas nosas verbas frenéticas,
xunguidas na danza paixoal,
polas viúvas e os orfos marxinais
que camiñan tristes na nosa mesma procesión.
Costa da Morte, amada do vento de sal,
atende o meu canto afiado,
calma o teu asaño.
Venus das miñas veas,

déixame estar onda ti para sempre,
déixame arder na túa lareira de desexo.
Non me expulses do teu seo.
Amada,
non podoo continuar,
as ácedas lambranzas asasinanme o sentir,
esas xeadas tumbas de carne pasiva,
sangue mudo de frío, sen cor.

XOSÉ MANUEL MARTÍNEZ OCA [A Estrada, 1942]

Os culpables [Perillo-Oleiros: Vía Láctea, 1993]

A negra

(...)

Montaron no coche e colleron pola estrada de Fisterra. Pasado Sardiñeiro, no alto, o Lino apagou o motor.

-Olla, ven ver –E collida da man levouna un pouco máis adiante, frente ó mar.

-Oh, bonito, bonito... –exclamaba ela.

-Fíxate: aí tes Fisterra, agora de día. O cabo semella o lombo dun monstro que se afunde no mar, unha balea xigante ou algo así. Ves, alí nesas praias que lle fan como un rabo, ¿gústanche? Iremos aí. A esa que cae alá en fronte. Do outro lado hai unha que é de medo: Mar de Fóra. Mar bravo alí, dígocho eu. Non hai valente que se meta.

Ela premíase a el, cinguida ó seu van, e repetía “*bonito, bonito*”, entre ¡ohs! e ¡ahs! de inxenua admiración. O Lino sentíase anfitrión e *cicerone*.

-Aquí abaixo hai outra praiña, pero nesa de acolá estaremos mellor. Xa verás, nos piñeirais e todo iso...

Volveron ó coche e seguiron as reviravoltas da estrada ata enfiar a recta de Escaselas. Deixaron o coche na entrada do primeiro camiño, pasado o serradoiro, e baixaron a pé entre os piñeiros, de cara á praia.

-¿Non dis que che vai o de estar soa? Pois aquí non verás unha alma, nada máis as gaiotas e nós. E iso que segundo disía un amigo meu de aí de See, noutros tempos seica houbo por estes sitios unha sidade de moito carallo, por Duio, ou non sei onde. Disque sería como A Coruña polo menos. E está enterrada, cousa dos mouros, supoño. Anque eu non lle fago moito caso a esas andrómenas, porque, imos ver: ¿a ti paréseche que aquí puidese haber unha sidade? Non, pero á xente sempre lle priva inventar e en todas as partes din o mesmo. Cando andaba embarcado tamén había un rapás de Corme que disía que na súa terra houbera outra sidade, Valverde seica lle chamaban, e tamén estaba enterrada. Os tesouros e todo iso... Olla que se nós atopasemos un tesouro. ¿Ti que dis?

-Moi fermoso –sorriu ela. E ceibándose del botou a correr entre os cabedelos.

(...)

MANUEL RIVAS [A Coruña, 1957]

En salvaxe compañía [Vigo: Xerais, 1993]

(...)

Esa liña, ben visible para os trescentos corvos, guiounos polo dolmen de Dombate e de alí á cidade castrexa de Borneiro, desde onde baixaron cara as agras de Neaño e toparon o río Anllóns facéndose mar, desesa maneira, señor, que enfeitiza a alma. Vese alí, nas gándaras do océano, como o devalar sereno é posuído por un corazón exaltado.

Habería que poñer no Monte Branco unha escola da beleza, dixo melancólico o rei de Galicia.

E logo, señor, pasadas as xunqueiras do Anllóns por Ponteceso, seguiron cara a parte de Corme, ata a Pedra da Serpe.

¡Serpe con ás!, exclamou El-Rei. ¡Quen puidera ler nese libro de pedra!

Continuaron por Mens. Era digno de ver o cabaleiro ao galope nesa terra romana, os trescentos guerreiros flamexando no alto. Na chaira farturenta, as mulleres saudaban con alados sombreiros de palla encintados en negro. Aínda subiron a Santo Adrián a velo todo de Malpica.

¡As tres Sisargas!, adornou El-Rei. Patria son dos paxaros do mar. ¡Araos, gaivotas, cormoráns!

E foron polo Buño alfareiro, pola paisaxe vermella das barreiras, os fornos das telleiras, o burgo dos oleiros.

¡A nobreza das mans do país!

Pasou a comitiva pola Pedra da Arca, co corredor ao xeito da Bretaña, e xa desde alí, a contra nordés, botouse aos areais de Bergantiños. (...)

PEPE CARBALLUDE [Rubín-A Estrada, 1956]

S.O.S. [Vigo: Galaxia, 1994]

(...)

Rafa, acaso sen dar espabilado de todo a preguiza das primeiras horas da mañá, ía colle-lo autobús. Camiñaba distraído, case sonámbulo. Pero reaccionou axiña ante os numerosos grupos de persoas que non atopaba

habitualmente. Curioseou. O tema éralle coñecido: o buque embarrancado. Desde o primeiro intre aquel accidente sementara o formigueo do medo na zona. Non era un naufraxio máis. As estrañas circunstancias que rodeaban a morte de case a totalidade dos mariñeiros e mailo descoñecemento da carga que portaba o barco ameazaba ás breadas xentes do mar. A experiencia de ducias e ducias de traxedias, lonxe de axudalos, aínda os desacougaba máis. En toda a cangada historia da Costa da Morte non se lembraba outro feito semellante.

Rafa subiu ó bus e disimuladamente comprobou que Eva Caamaño deixara libre un asento á súa beira. Quíxose face-lo duro ó principio, pero non puido. Sentou axiña no sitio reservado.

- ¡Ola! –saudou.

- ¡Ola!

Rafa botou unha ollada para atrás tratando de poñer fin ós comentarios dalgúns compañeiros. Encetou conversa coa primeira cousa que se lle ocorreu.

- Se é certo o que din... ese barco vai acabar coas praias, coa pesca e con todo o demais.

(...)

ARTURO L. REGUEIRO [Caldas de Reis, 1961]

Cartografías [Ferrol: S. C. Valle Inclán, 1994]

Soñando ser Sam Shepard en Soneira

I

Días de ceos abertos, rurais e aristotélicos.

Quixera estar lonxe destas barcias cartesianas,
da gándara de prata e verde, case os teus ollos,
así de grandes son estas chairas.

Non hai presa.

Teño o pan de Vimianzo para lembra-los teus bicos;
teño un cuarto nun motel fronte á longa estrada
crucificada polos ventos que levan á fin do mundo.

Xa teño unhas botas de vaqueiro.

LUÍS REI NÚÑEZ [A Coruña, 1958]

A casa na brétema [1994, incluído n' *A rolda invisible*; Pontevedra: Deputación, 2000]

Fisterra

Abaixo, o tráfico canso dos pesqueiros dos días calmos. Arriba o faro que avisa.	E nós vendo aquí como o mundo é redondo e camiña.
---	---

URSULA HEINZE [Colonia-Alemaña, 1941]

“Entre Santiago e Fisterra” [*Dorna* nº 21, Santiago de Compostela, 1995]

O espertador non soa. Lóxico, porque o atranquei con anterioridade. Disfruto estalicándome na cama. Bocexo con sumo goce mentres cambio de postura para o lado oposto.

Teño ganas de face-lo amor.

Non de me erguer.

O cuarto arrecende ó erotismo perfumado dunha noite movida que xa pasou.

Para hoxe, luns, acordamos unha viaxe improvisada a Fisterra, na costa atlántica. Fisterra, a perla de Galicia; a fin do mundo, como pensaron os romanos.

Desde onte estanme a roldar pola cabeza unha chea de impresións: o casco histórico, o Museo do Pobo Galego, a Praza do Obradoiro, a catedral de Santiago, cidade medieval que conserva un ambiente de placidez incomparable.

Os pés agradecen o descanso merecido debaixo da colcha suave e lixeira.

Hermann quere ir a Fisterra.

(...)

ENRIQUE LABARTA POSE [Baio, 1863 – Barcelona, 1925]

Contos [Vigo: Galaxia, 1995]

A romaría da Barca

(...)

-¡Carafío –berrei-; esto mata a un caballo!

-¡Mata a dous! –contestoume meu sobriño, tamén coa língoa fóra-. Pro xa estamos chegando á Ponte do Porto, i alí descansamos un pouco, e mollamos a palleta. ¡Eiqué élle a metá do camiño!

-¿Eínda? ¡Ai, ricoiro! ¡Esas condanadas catro légoas, sonche de repitiçión!

-¡Mire pra aló embaixo! ¡Xa se ve o mar!

-¡Alabado sea Dios! –berrei eu ó ver tanta auga xunta encanada antre aqueles montes tan grandes que se perdían de vista, e tan altos que parecía que tropezaban nas nubes-. ¡Que largo é o mundo, sobriño! ¿El verase dendes de eiqué Buenos Aires? ¡Como din que está o outro lado do mar!

-Pra eso había que trager un anteollo moi longo, que non ten sitio máis que pra un ollo só.

-¡Entón, solasmente se podrá ver astra a metá do camiño!

Nestas e noutras conversas, baixamos á Ponte do Porto, e dimpois de botar un par de netos na taberna de Perna furada, seguimos, todo costa arriba, astra o alto de Cereixo.

[...]

Ibamos nesta conversa cando veu unha lamarada que alomeou primeiro todo o monte, logo a vila de Muxía, que xa estaba tan preto como a carreiriña dun can, e dimpois o mar.

-¿Que raxo de lus é esta tan grande que tantas voltas dá? –perguntei eu.

-Élle o faro de Camariñas, que nas noites escuras de cote lle está andando ó redor pra que o vexan os barcos que van pola mar.

-¡Carafío! ¡Que cousas enventan os señores! ¡Como non teñen que facer!

-¡Ben din alí, contestou a vella, que o lecer fai culleres!

-¡Tío Farruco!, berrou meu sobriño dende aló adiante, sin soltar a moza-. ¡Xa estamos chegando!

-¡Alabado sea Dios! ¡Érache tempo!

Nesto, escomenzamos a baixar a costa que vai á praia de Muxía, onde está o santuario da Barca, i enantes dun coarto de hora entrábamnos todos na vila, onde estaban as campás tocando as vísporas da festa.

(...)

XOSEMARÍA PÉREZ PARALLÉ [Ferrol, 1909 – Barallobre-Fene, 1987]

Poemas, cantigas [Sada: Ediciós do Castro, 1995]

Mar

(...)

Cara ô mar de Bergantiños
 en soños de volanteiro,
 antre Cospindo e Cabana
 vou na dorna mar adentro:
 na lonxanía da brétema
 vaise esvaíndo o Borneiro;
 nas fondas vagas da ría
 rebulen peixes morenos:
 ¡ai, pescadores de Laxe,
 ai, de Corme mariñeiros!
 os das mans encalecidas
 d-escumas os ollos cheos,
 e nos labros os sorrisos
 d-amoríos salgadeiros;
 un canto de caricola
 zoa na rosa dos ventos
 i houbo no praia de Laxe
 coruscada de luceiros:
 unha vaga longa, branca,
 no areal sorrí, morrendo.
 Brinca, miña dorna, brinca,
 n-armuñía dos salseiros
 e cantigan avalares
 nos ribeiráns areeiros:
 as nenas sorrín en Laxe,
 i en Corme sorrín os nenos;

âs mozas a mar tendida,
 trailles cunchiñas a cheos;
 prôs mozos a mar arfada
 nunha barquiña de remos.
 En Laxe e Corme a fartura
 está nos sucos mareiros
 que argullante frolece
 na festa dos calamentos:
 mar da vida, mar da morte,
 mar ledío, mar sorteiro.
 ¡Ai, pescadores de Corme,
 ai, de Laxe, mariñeiros!
 o mar da vosa saudade,
 o mar dos vosos anceios;
 bruante, belido, forte,
 namorador, feiticeiro,
 que na punta do Roncudo
 noite e día loita fero,
 e nas costeiras da Insua
 anda escachar os penedos.
 Mar dos mortos, mar dos vivos,
 ai, mar dos outos arelos;
 ai, mar das rosas maruxas;
 ai, mar dos lilios mareiros;
 mar de fondas singraduras,
 ¡ai, mar dos fondos mistéreos!

LUÍS REI NÚÑEZ [A Coruña, 1958]

Imán Fisterra (Cadernos da Costa da Morte) [Vigo: Ir Indo, 1995]

(...)

A igrexa parroquial de San Xoán de Calo, enlousada no seu adro coas lápidas de remotos defuntos, ten un campanario que intúo coma o máis privilexiado belvís da posta, que está a un par de horas do Monte Sangue. Vexo que un rapaz suxeita o arame que dá ó badalo da única campá, e pregúntolle a Mouzo: “¿Non rifará o cura se subimos?”

-¡Non, oh! –salta o pícaro, unhas velas asomando polo seu nariz-. Xa subín eu a tira de veces...

Outros rapaces aparecen, para seguir a unha beata (¿fará coas súas mans deliciosos confeitos?, ¿xelará co seu canto a atmosfera do templo?) que lles indica o camiño á catequese. E nosoutros volvemos anda-lo val do río Grande. Agora a tardiña fai do bosque, cos seus xogos de raios declinantes sobre a vertical dos piñeiros, un taboleiro de xadrez. Sorteamos uns muros de croios carrexados polos peóns da dura partida da vida, e aventurámonos por un monte pelado.

Bostas de vaca, xesta non menos olorosa, e carrizas que pisamos con decisión. Milleiros de penedos, e gromos dun toxo que afortunadamente non é moita cousa. A nena só para de queixarse cando alcanzámo-lo Alto da Punta do Cabezo, e aínda aquí nos critica por non traérmo-los prismáticos.

Onte choveu, e por esta razón a atmosfera está moi limpa. Á nosa esquerda vense a riña de Camelle, en primeiro termo, e Arou, coa súa praia. Máis aló vémo-la Santa Mariña e mais Trece, a onde nos toca ir mañá. É o territorio do solpor, e os curutos siluetados contra o sol que nos cega (temos que face-la viseira coas mans) parecen esculturas de Henry Moore.

Non menos grandioso é o espectáculo que a Natureza propón á nosa destra: Traba, con dunas que escorren pola eternidade co seu enigma, e a lagoíña de parrulos, ánades e, ás veces, garzas. Á súa beira, as cuadrículas das cercas que delimitan o minifundio. E na súa extrema, a cala dunha comuna de tipos rapados e azafráns, talvez budistas. Máis alá, a praia de Calas, chamada así pola orxía de cartuchos que a primavera fai estourar nos seus bordos; e ó fondo, pero con toda a afastada claridade do mundo, Corme, a punta do Roncudo e un mar de cobre e... mollado (o moi cismón sempre está mollado).

(...)

MANUEL RIVAS [A Coruña, 1957]

Costa da Morte Blues [Vigo: Xerais, 1995]

Bravo país

Val de Soneira,
duro fogar senlleiro,
terra e ceo nun puño,
ventre xobreiro,

non é a luz do amencer
a que como vidreiro
fecunda a flor.
Son as cálidas veas do teu solpor.

A memoria da auga

A carón da fonte de Vimianzo,
as campesiñas de Traba
venden as trenzas loiras da terra
engarzadas de allos
miúdos coma pérolas dun val mariño.
Hai tamén limóns bravos,
atlánticos,
caídos dun solpor salgado.
E pementos verdes
con lapas do poente na pel.

A carón da fonte de Vimianzo,
a peixeira de Santa Mariña
estende un brazo que remata en dourada
de ollos transparentes.
No prato da balanza,
pousa a loriga da xarda.
Hai nun cesto un planeta afogado.
Polo cano da fonte de Vimianzo,
canta o cego das feiras
a saudade do mar.

XANDRA TEDÍN [Lexas-Carantoña-Vimianzo, 1976]

[*Luzes de Galiza* nº 26, Sada, 1995]

E unha lúa
puta e prostibularia
un doce
na barra de tódolos borrachos
a Costa da Morte
vencimento

e entrega
ó pasar de mareas
reputando
con esta tinta nas unllas

e roupa de entretempo.

CONSUELO XIMÉNEZ DE CISNEROS

Aínda quedan piratas na Costa da Morte [Zaragoza: Edelvives, 1995]

(...)

-Así que este domingo faremos unha excursión pola costa. Non podes marchar de aquí sen coñecer Camariñas, o cabo Vilán, Muxía...

O tío era un apaixonado daqueles lugares. Ademais, coñecía moitos datos e anécdotas sobre naufraxios sucedidos por alí.

Xunto ó faro de Cabo Vilán, un promontorio que se internaba no mar cortando en dúas partes a costa, golpeadas por un húmido e bravísimo vento que facía imprescindibles as roupas de abrigo a pesar de estaren en xullo, oíron clamar ó tío, loitando co bruar das ondas:

-Neste lado afundíronse o “Vilaboa”, o “Carolo”, o “Yale Hermoso”, o “Brignetti”... E, neste outro, o “Banora”, o “Black Arrow”, o “Cantabria”, o “Luz”... Máis abaixo, o “Delfina”, o “Franlla”, o “Constancia”...

-Vamos, vamos –interrompeuno a tía-, que aquí non se pode estar. Cóntanos todo eso no coche.

Antes de partir, Carolina recolleu unhas pedriñas redondas, pulidas pola auga, que lle pareceron tan bonitas que pensou en decoralas e convertelas en pisapapeis. Era moi afeccionada ás manualidades relacionadas cos elementos que a rodeaban, vexetais, ou marítimos. Na súa casa había grandes cunchas pintadas que servían de cinseiros, xaboneiras, bandexas... todas elas preparadas por Carolina nalgún tempo de lecer das longas tardes de chuvia. Heitor axudoulle a recoller pedras e incluso se preocupou de buscar as que lle pareceron máis curiosas pola súa feitura ou polo seu tacto. Habíaas lisiñas e rugosas, cerradas e porosas, de color uniforme e con vetas...

Era un pequeno mundo máxico no que Heitor, de seu, nunca repararía. Carolina gardou tamén varias pedriñas pequenas, moi lanchiñas, coas que asegurou que facía broches pegándolles un prendedor por detrás. Heitor quedou admirado da súa inventiva e habelencia.

-Ti poderías poñer un posto no “mercadillo”, no meu barrio de Madrid, e forrábaste...

Carolina sorriu e prometeulle facerlle algunha cousa para que a levara de recordo.

Pararon en Camariñas, onde Heitor mercou un pano da man feito de encaixe para súa nai; nos portais aínda se vían velliñas palilleiras facendo marabillas. De alí foron a Muxía para visita-la célebre ermida da Virxe da Barca cos seus exvotos de naves salvadas e brazos e pernas de cera. Fronte ó mar abalaba unha enorme pedra pendurada, por debaixo da que había que pasar para librarse de non sei cales enfermidades... Toda aquela costa parecía unha máxica sucesión de insólitos lugares.

(...)

MARILAR ALEIXANDRE [Madrid, 1947]

Lobos nas illas [Vigo: Xerais, 1996]

De avoas e avós

(...) Discutiamos latitudes, dos finisterres que hai por outros mundos adiante, a confusión que levou atribuír Fisterra e toda a súa carga de lendas a un cabo situado ó leste de Touriñán, o verdadeiro Fisterra. De repente o avó preguntounos, ¿queredes ir a Fisterra? Meteunos no coche —é unha das últimas veces que o recordo guiando- e para a nosa sorpresa colleu, non cara ó Sur, senón cara ó Norte, ata chegar ó cabo Vilán, deserto coma sempre, sen turistas armados de cámaras, autobuses de dous pisos, nin moito menos eses postos de caracolas tropicais que de aí a pouco tomarían posesión de Fisterra. Calou un momento e todos os que tomamos parte nesa viaxe lembramos nidiamente o cabo, lembramos como baixamos do coche batallando contra ese vento que sopra continuamente en Vilán varrendo o po, a foula e todo canto podería enturbar a luz, lembramos a proa rochosa do cabo e a beleza do mar, intanxible e esquivo como un amante desdeñoso, os laios das gaiivotas, que soaban a choros de recéns, e as palabras do avó. E a voz proseguíu, alí de pé xunto ó faro, ollando o mar, o avó díxonos: este é o meu Fisterra, a miña fin do mundo, onde non hai nada senón o mar, a pedra e eu. Fisterra non está onde din os mapas, cada un ten que procurar a súa. (...)

MÓNICA GÓÑEZ [Fisterra, 1977]

VV.AA.: *De mar e vento. Cinco poetas de Fisterra* [A Coruña: Espiral Maior, 1997]

Puta libidinosa
que fa-lo morto eternamente;
berro de sal
que estoupa en pedra sacra
mollada de luxuria.
Aberta sobre o mar
escúlpeste firme e rexa
invadindo ondas acesas
que ti prendes
en noites de lúa chea,
envexosa do teu seo,
ela preña.

Asasina dun sol
que morre en ti
por desexarte cada noite,
puta vella,
húmida coma ó principio;
seducindo dende sempre
en pedra e auga,
anunciada brevemente
en fina area,
orgullosa do teu corpo,
triste e salvaxe Fisterra.

SUSO DE TORO [Santiago de Compostela, 1956]

Calzados Lola [Vigo: Xerais, 1997]

Pasamos ó pé da desembocadura do Xallas, pola ladeira de pedra rosada do monte baixaban os tubos que encanaban a auga que sobrava ao encoro do río, no alto do monte. O auto de Felipe seguía alí detrás nosa.

- Que lugar máis bonito. E o fermoso que podía ser se non constrúsen esas casas tan horrorosas –queixouse Susana.

- A xente fai o que pode. Se puidese tamén había construír chalés coma o voso –dixen eu.

- Tamén é horroroso –contestou ela ollándome algo ofendida.

- Si. Quen che mo dera.

- O Xallas é o único río de Europa que nacía vello, como un regato manso, que aceleraba pouco e pouco o seu curso e que morría novo, caendo nunha ferverza. Era un río ao revés –relatou Miguel.

- ¿E agora non? –preguntou ela. [...]

- Agora aí tes o río, encerrado no encoro e baixando uns fíos de auga domesticada polos tubos.

- ¿Logo ti que preferías? ¿Que houbera unha fervenza moi bonita para vir a facerlle fotos e non houbera encoros para fabricar luz eléctrica? ¿Todos alumándose cun candil, era mellor así, ecoloxista?

- Ui, ui, que Manolito está de mal xorne. Está desgustado –burlouse Susana.

- Total, aquí prodúcese a electricidade mais á xente que vive ao lado nas aldeas da montaña e abaixo na ribeira fáltalle a luz día si, día non. Como se nota que non vives por aquí, non che acorda.

- Cada un ten o que merece. Será que a xente non merece outra cousa.

(...)

RAFA VILLAR [Cee, 1968]

[*Feros Corvos* nº 3, Vimianzo, 1997]

o mar
é unha bágoa esvaída
que a penas cae
sobre a tarde
en Cee

aquí,
onde o sol espella
o seu adeus

detrás dun monte cego
e roto

e os que somos fillos
desta terra riscada
quixéramos
perdurar no argazo
infinitamente

XERVASIO PAZ LESTÓN [Serantes-Muxía, 1898 – Buenos Aires, 1977]

A poesía galega de Xervasio Paz Lestón [Sada: Edición do Castro, 1998]

Muxía

Do cantábrico mar, n-un regaciño,
feito entre cons, de escintilante area,
bicada pol-a espuma da marea
i ao barudo agarimo do Corpiño,

cal somida n-un soño manseliño
repousa entre un cendal de paz, serea,
mentres a meiga tradición pasea
sobre o polvo da lenda e do camiño.

Vive a Fe no santuario milagreiro,
a grave, diña i abacial Monxía
n-o ensono fía mazarocas d'ouro.

O mar, enamorado cabaleiro,
sen pés bica, en rendida pleitesía,
co donaire xentil d'un gran Rei Momo.

O Vilán

Como un xigante de leenda,
n-a veira do mar deitado,
sua rexa mole semella
dormichar n-os días calmos...
Dín, non embargo, as historias
que, fai d-esto moitos anos,
n-as noites de vendaval,
iban a escacharse os barcos
contra os seus feros cantiles,
entre as ágoas agochados.
Agora, a mau do progreso
pûxolle n-a testa un faro
que coma un moderno cíclope
seu ollo revira airado.
Cando o sol marcha a deitarse
n-as ondas do mar Cantábrico
i as meigas fadas da noite
tecen seu mantelo máxico,
danza inqueda seu ollón
fitando n-o mouro espacio
e dalles bicos de luz
aos barcos
que saben de cen países
os misteriosos engados...

Bailan refachos de luz
n-as ágoas do mar Cantábrico.
A noite escura e segreda
escoita, dos tombos tráxicos
que baten contra os cantiles,
o seu medoñento canto...
Medra a furente borrasca,
cascras de noces, dos barcos
o ronco son das sirenas
fire o espacio:
a esperanza dos mariñeiros
pende anguriosa do faro...

Coma un xigante soberbo,
n-a orela do mar deitado,
revira o locente ollón
n-un baile extrano, fantástico
xa non acexa, treizoeiro,
a ruita dos probes barcos
n-as noites que brua o vento
e dormen n-a sombra os astros:
xa deixou de ser vilán
aquele Vilán lexendario...

ISOLDA SANTIAGO [As Paxareiras-Coiro-Mazaricos, 1960]

Berce das estampas [A Coruña: Espiral Maior, 1998]

No Pedregal viven os lobos e as meigas

Cun pé póñome no Cabo o outro pé calca na brétema
Abebento prófugos
no centro

Dende arriba
a praia semella un gran bosteiro
o río é o cuspe dunha lesma
E non cheira a xurro
nin a peixe

“Papaie, ¡lévame ó mare!
Papaie lévame e pérdeme”

MIRO VILLAR [Cee, 1965]

Equinoccio de primavera [Ferrol: S. C. Valle Inclán, 1998]

Costa da Morte

Co mar rizado veñen motoras mariñeiras
deixando atrás os tombos das horas máis amargas,
as de Malpica buscan o sinal das Sisargas,
as de Fisterra queren abrazar as Lobeiras,

outras, de Camariñas, escrutan as cimeiras
por veren, entre nubes escuras ou descargas,
cabo Vilán e as luces, protectoras adargas;
todas a procuraren o abeiro das ribeiras.

Non é tempo de loita senón de moratoria,
de mollarse en cervexa triscando algunha historia,
simplemente agardando que vire para o norte,

que o vendaval amaine. Do vendaval herdamos
a afouteza, do norte nace a fala que amamos,
fillos deste mar bravo somos, Costa da Morte.

LINO BRAXE [Mugardos, 1962]

A cor do ceo [Vigo: Xerais, 1999]

Eduardo O’Duran, un pirata na costa da morte

(...)

O’Duran chegou á Costa da Morte, mais concretamente a Muxía, no ano 1885, e alí, xunto cun holandés, Uxío Enda van Horn –parente remoto do célebre pirata da Tartaruga-, dedicouse ao contrabando e a provocar os naufraxios dalgúns barcos da súa graciosa maxestade. Iniciados na loita pola independencia na Irlanda, de onde ambos procedían, aprenderon axiña o idioma galego e sostiveron en disputas de tascas e salóns a diferenciación do noso pobo a respecto do resto de pobos da Península. Algúns pensan, e entre eles é de supoñer que o mesmo Pondal así o cría, que O’Duran e Van Horn eran homes cultos e gostaban da lectura dos clásicos, aínda que fora bastante pobre a súa erudición verbal.

Ao pouco de encontrarse en Muxía, aparellaron un bou de pesca para labores de guerra e asaltaron con el varios navíos comerciais que atravesaban o Atlántico por augas do *Finis terrae*. Ao comezo pensouse que tales barcos foran vítimas dos temporais tan frecuentes nesas latitudes, pero a delación dun traidor advertiu ás autoridades dos concellos da zona que aqueles estraños naufraxios non eran tal. Isto levou o noso amigo e a Van Horn, xunto coa tripulación do seu bou, a se refuxiar, de cando en vez, nas Illas Sisargas, e a pedir axuda aos escasos simpatizantes da súa causa para que lles emprestasen víveres e cartos. O exército da colonia despregou os seus efectivos por calas e praias da Costa da Morte. Tratábase de evitar que o barco pirata se aprovisionase.

(...)

CAMILO JOSÉ CELA [Iria Flavia-Padrón, 1916 – Madrid, 2002]

Madera de Boj [Madrid: Espasa Calpe, 1999]

(...) al río Xallas se le llamó Ézaro o Lézaro, los celtas vivían entre el Tambre o Támara, el río que desemboca en Noia, y el Xallas, al norte quedaban los nerios, el la Torre de Moa hay mucho oro enterrado por los romanos, lo que

pasa es que no aparece, la mar necesita sus conocimientos, la navegación se haría aún más dura si no se precisasen con responsabilidad, la mar exige mucha responsabilidad, la villa de Malpica queda al norte, en el camino de La Coruña, al sudeste del cabo de San Adrián y las islas Sisargas, para algunos la Costa de la Muerte va desde Malpica hasta punta Carreiro, a la entrada de la ría de Muros, hay quien la amplía y hay quien la reduce, quien la agranda y quien la merma, eso va en gustos o en necesidades, la Atalaya es el monte a cuyo pie se agazapan el caserío y el puerto de Malpica, en la dársena construyeron una esclusa para que los barcos se puedan guarecer, los barcos de la flotillas pesquera, que los más grandes no cabrían, hacía el noroeste se presentan las calas de A Barrosa y O Boi con sus playas Area Maior y Seaia, el cabo de San Adrián va desde A Pedra das Areas hasta la punta Boleiros con su farallón del Lobo y el monte con el nombre del mismo santo dándole sombra, la ermita queda a media ladera, está pintada de blanco y se ve muy bien desde el mar, es una buena referencia de marcación, al monte también le llaman Bao y del Castro, las islas Sisargas quedan enfrente, en la bajamar son una sola y en la pleamar son tres (...)

JOSÉ ALBERTE CORRAL IGLÉSIAS [A Coruña, 1946]

Acarom da Brêtema [A Coruña: AGAL, 1999]

Fisterra

mar

trevoada

lua de morte

Costa da Morte

Nuvens escuras

violáceo céu

friento mar no caminho.

ARTHUR HAWKEY

Black night off Finisterre [Shrewsbury: Airlife, 1999]

(...)

The Captain of the Port smiled reassuringly, and said there was one at Corcubion and the *señor* should see him at one o'clock. At one o'clock he promised that the Consul should appear at two o'clock; and at two o'clock he was equally reassuring to the *señor* about the prospects for three o'clock.

May was uneasy and did not trust the man. Somehow he had to get a letter or telegram off to England.

During this delay a drunken Spaniard, apparently overflowing with goodwill, had pressed upon May a dry shirt and cap, for which he was grateful, although preoccupied with his problem. Not content to rely any longer on the Captain of the Port, he found another Spaniard and a Spanish policeman who offered to show the way to Corcubion which, they said, was about three miles away.

May gathered his men together and they set off, barefooted for the most part. As the motley party trudged out of Finisterre the drunken Spaniard lurched up to May, snatched the cap off his head and rudely demanded the return of his shirt. Although a chilly September evening was approaching, and May was left with nothing but a pair of trousers, he did not argue but gave the man his shirt.

The man were about to lay hands on the Spaniard when May ordered them back. He was a mild and simple man who, recalling the incident, said: “I did not feel the insult, my mind at the time being occupied with other and deeper reflections: and soon afterwards I got another shirt from someone who was fortunate enough to possess two. Our guides also lent me a jacket and cap.”

The way led them across the beach of Corcubion Bay and past a fish-curing shed. The curer came out as they passed and advised them to go no farther that evening as the roads were very bad. He offered them shelter for the night. No doubt a fish-curing shed would not have been the ideal place to spend a night, but May had other reasons for not wanting to waste time.

(...)

XURXO SOUTO [A Coruña, 1966]

VV.AA.: *Mini-relatos* [Vigo: Librería Cartabón, 1999]

**Visitación de Santa Mariña
(Historia bonita)**

Visitación, Visi, era unha muller da aldea de Santa Mariña, Camariñas, casas recollidas no monte porque na beira xa zoupa un mar bravío de máis. Era disposta, ía ao mar e andaba aos percebeos.

Naufragou por aló un navío. Visi viu un inglés delicado, camiñando descalzo, sen xeito, polos pelouros. Tanta pena lle deu que baixou aos choutos e lle regalou as súas zapatillas. Regalo de moito valor que nese tempo a xente andaba descalza. O rapaz foi recuperando a saúde e voltou á súa casa.

A ninguén lle acordaba xa o conto. E un día apareceu de novo o inglés guapo e garrido pola aldea da fin do mundo. Viñera ex profeso buscar a Visi dende a Gran Bretaña. Quería casar con ela, tanto lle tocara no corazón a rapaza esa que lle dera as zapatillas no día triste do naufraxio.

Había moita expectación. Visi atendeuno moi ben, iso si. Mais non quixo saber nada de casamento, que unha cousa é darlle o calzado e outra a vida toda. Éche unha historia bonita, certa, abofé, das moitas que son alá pola Costa da Morte.

CONCHA BLANCO [Lires-Cee, 1950]

Quero que veñan meus pais [A Coruña: Casals, 2000]

Non digo que me gustaría morrer. Non. Non o digo porque non é certo. Pero estoupar... si. Xúrovos que si. Gustaríame estoupar. Mellor aínda: gustaríame desincharme. Desincharme ós poucos, como os globos que fan: piif, pif, piiiiff, piiiiff, coma os de Guitiriz.

E cando me petase, pecha-la válvula. Porque a min gustaríame desincharme coma os globos con válvula, modernos, coma o globo de Betanzos, que xa é máis famoso en Betanzos, en Galicia e no Mundo. Porque o Mundo é máis grande aínda que Betanzos, Galicia e España xuntos.

Ademais, daquela, chamaríanme Globi e non Poti como me din os indios da miña clase que xa o pasallaron ós catro ventos e tamén o saben os da miña aldea que se chama Lires. Globi mola máis. ¡Bah! Non sei. Depende como se mire.

[...]

Porque eu son Carlos, Carlos Filgueira Capelo e nacín hai nove anos en Lires. Mentira. Nacer nacín nun Sanatorio da Coruña, pero arre que teño que dicir que nacín alí. Nun libro que teñen meus pais que se chama Libro de Familia tamén di que nacín alí. Logo dinche que non se poden dicir mentiras e ¡aí tes! Pois eu creo que é mellor nacer no Sanatorio porque mamá ata tivo

que pagar pora que nacera eu alí. Entón iso quere dicir que es algo rico, polo menos.

No colexio igual: para cubrir uns papeis que me deu o director houbo que poñe-lo mesmo: Nacido en Lires. Vale. Hai cousas que non entendo. Tanto ten.

(...)

XURXO BORRAZÁS [Carballo, 1963]

Na maleta [Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000]

(...)

Entraron no coche, polo menos acendía e non lle pincharan as rodas. El saíu e botoulle auga de Sousas no radiador. Subiron a rampla do porto e logo toda a costa que os afastaba de Malpica.

O que máis me fode, Carmiña, é o de non poñelo a todo risco. ¿Lémbreste que o faláramos? A este paso axiña habemos ter que restar para saber canto nos queda.

Ela colleu o bolso no asento traseiro. Merquei tabaco no café, ¿queres?

El ollouna sacar o paquete do bolso e retirar o plástico. ¿Negro?, dixo.

Si.

Pois dáme un logo, así polo menos non ha cheirar tanto a mel.

¿Acéndocho?

Fai o favor.

El acendeu un cigarro e pasoullo, repetiu a manobra e baixou a xanela. Ao lonxe, tralas leiras de millo e as torres de Mens, volteaban as aspas dos muíños na punta de Nariga. Aspas de metal, invencibles, de muíños que nunca moerían, silandeiros fronte ao océano. Unha noite nestes muíños fríos e deshabitados, como versaba a cantiga, non era nada, e unha semana enteira era seis veces máis nada.

En realidade esa norma de non fumar no coche era unha trapallada xuvenil coma outra calquera, ¿non che parece?, preguntou el.

Home, tampouco está mal, algunha norma haberá que ter, supoño. De momento podes pensar que isto é unha excepción. Poñerse límites sempre o axuda a un a comportarse, e a rachalos.

Para min non hai límites, tía, iso era antes. Aspirou unha bocalada longa e abandonouse á condución, sen rumbo nin reservas de hotel.

Cando se aproximaban a Carballo ela dixo: ¿Cara a Fisterra?

Cara a Fisterra. O que non vou facer é poñer un condenado pé en Carballo, non quero sorpresas.

(...)

MÓNICA GÓÑEZ [Fisterra, 1977]

VV.AA.: *Narradoras* [Vigo: Xerais, 2000]

un imperio, un imperio

(...)

Porque Pepe xa existía antes da historia. Antes de chegar a sentar diante do televisor e ve-lo sol afogar nun tremendo documental de romanos. A fin do mundo existiu; e os romanos, chegando alí, tiveron medo.

-Ten que ser. Os romanos tiñan un imperio moito antes ca Bill-Gates e Coca-cola, logo algo sabían. E un imperio é un imperio, quero dicir que non era xente que non saíse do lugar, logo algo tiñan que ter visto.

E eu penso que pode ser certo. Fisterra ten que se-la fin do mundo por forza, se non non collían tanto medo. ¿Vistes algunha vez un romano asustado nos filmes? Salvando as distancias, claro. E mira que non lles pasaron cousas... Así que algo ten que haber. Algo ten que haber alí que os aterrase.

Non comparedes; Vigo ten que ser unha auga de caldeirada comparado con Fisterra. Canto máis estando como está na Costa da Morte. Ademais, que a min fêrveme o sangue demasiado para non mirar qué hai de certo nisto.

E vouno facer nas condicións do meu predecesor, o mesmiño Décimo Xuño Bruto, así que pido o ano sabático, libérome da adolescencia por un ano e cambio o coche por unha burra estupenda que faga comigo o camiño. Con vagar e lecer suficiente para recrearme no que fago pode ser unha pasaxe ben agradable na vida.

(...)

F. R. LAVANDEIRA [Taragoña-Rianxo, 1966]

Mar que evita o meu regreso [Sada: Edicións do Castro, 2000]

Amareite
liberada polas vellas aristas do Roncudo
coa túa roupa de leñadora,

ó pé das Sisargas
pedindo se-lo vento que che posúe as meixelas,

aínda zugando o meu sangue ferido
polo gume cruel da navalla que é vida mesma

amareite,
por máis que deba afoga-las caricias
no silencio oculto dos mascatos.

INMA LÓPEZ SILVA [Santiago de Compostela, 1978]

Rosas, corvos e cancións [Vigo: Galaxia, 2000]

A serea canta na Costa da Morte

Coma un clavicordio. O mar de Vimianzo soou de súpeto coma un clavicordio e Gould, Glenn Gould non soubo nin qué pensar nin qué facer; Gould, Glenn Gould só soubo escoitar, só soubo seguir escoitando as cordas do mar da Costa da Morte a baterlle nos pés. É certo que soou coma un clavicordio, coma un clavicordio en notas baixas, en bemois e sostidos que se confundiron co vento. Foi un clavicordio, escoitouno así, pareceullo, a Glenn Gould.

Foi porque se namorou dunha lenda que Glenn Gould, un día que chovía, decidiu deixar o ceo de Canadá para voltar a Europa, para mergullarse no Atlántico e ver se escoitaba aquilo na Costa da Morte, para ver se oía, á serea, a serea fermosa das praias de Vimianzo anainando nas ondas. Glenn Gould foise aquel día e apareceu de pé mirando para os cons, apareceu esculcando o horizonte desde un monte rosa e querendo escoitar todos os sons que lle traía o vento; desexando, Glenn Gould. E por iso ela o viu primeiro. A serea viu desde o seu mar un home escoitando no monte e mergullouse –vergoña de serea- e seguiu pensando, ao son do seu clavicordio máxico, no escoitar envolvente de Gould movéndose ao ar.

A Glenn Gould, en realidade, contáronlle a lenda dous gaiteiros escoceses para rírense del e, como sempre foi inocentón, créullela, ou quixo crela, que iso aínda non se sabe moi ben, e veu para aquel sitio que el pronunciaba

“fimiansou”, porque Glenn Gould tamén quixo oír o cantar da serea. Quixo ser Ulises, Glenn Gould.

Foi difícil mandar un piano de cola negro brillante desde Canadá, sobre todo tendo en conta que non había enderezo no Vimianzo pronunciado ao Gould, pronunciado cun toque de sonata, como se o “o” fose unha guinda, pronunciado coa cadencia da balada de quen aínda non lle escoitou cantar un tango á sera da Costa da Morte. Pois Gould, Glenn Gould, chegou sen casa a Vimianzo e mercou un chalé nun cantil para escribir, para pór nun pentagrama as notas das cantigas que o clavicordio do mar lle tocou polas mañás e polas noites. Escribir a música do mar, Glenn Gould.

(...)

ROSA MÉNDEZ FONTE [Ferrol, 1957]

Poemas anobelados no tempo [A Coruña: Espiral Maior, 2000]

En Muxía,
no verán,
estoupóusenos a noite
coma unha Iroshima vingativa e vergoñenta;

arrodeados de mil silentes lóstregos
agachamos a tenrura nos pechados caixóns
da escuridade;

en Muxía,
no verán,
cando aínda nas areas capitanas
ían e viñan as nosas pegadas
abaladas polas ondas,

cando aínda polas rochas nuecidas
resoaban os minutos dun paseo
envolto en risos;

en Muxía,
no verán,
foi a noite máis ferinte a berros polas rúas,
foi un feixe de friura laiándolle ós ventos;
foi o amor máis amor
agochado tralos erros;

e en Muxía,
no verán,
saldaremos a débeda pendente
ti e máis eu,
o mar e todo.

ROMÁN RAÑA [Vigo, 1960]

“Artur en Fisterra” [*Boletín Galego de Literatura* nº 24, Santiago de Compostela, 2000]

A espada no regazo desta pedra
Non é de claudicante bronce, elo
Subtil do que non vemos, eu anheloo
A súa posesión. A noite medra.

Dormitan sempre trémulas as lanzas
Que non vou empuñar. Nun areal
Sen luz as almas van para outro
[mundo.]

Merlim non aparece e unha révoa
De páxaros de cores é que irisa
A miña espera e esta débil brisa
Que me converte en hóspede da névoa.

Da liña inescrutábel das lembranzas
Ven unha voz transida. É o Graal
Que serpea e se perde no profundo.

REYNALDO VALINHO [Río de Xaneiro, 1931]

Das rias ao mar oceano [Río de Xaneiro: Editora Ágora da Ilha, 2000]

Finisterre, Finisterre

1
Finisterre, Finisterre,
que existe além destas águas:
o céu ou um mar de mágoas?

Sentado á beira do mar,
contemplo o sol em declínio.
Ah, se o pudesse alcançar
e colher da luz o escrínio,
antes que o trague o oceano,
logo em trevas sepultado,
levando consigo o arcano
de todo o tempo pasado.
Aqui tremeram legiões
de cansados campeões
transtornados pelo medo.
O sol nas ondas desfeito
transformava cada peito
em tenebroso rochedo.

2
Finisterre, Finisterre,
pergunta-me a alma sofrida:
fim da Terra ou fim da vida?

Do mar tenebroso, o fundo
temo e evito. Voei léguas
perdidas, correndo o mundo,
montado en aladas éguas.
Das nuvens, sobre o oceano,
não vi o fundo dos mares.
Tive somente, nos ares,
visões do mais puro engano.
A Terra se reduzia
a uma tela verde e fria
pelo mar emoldurada.
O tempo era um potro solto
como o cabelo revoltado
no cio da bem-amada.

3
Finisterre, Finisterre,
 que há, do teu mar, bem no fondo:
 o nada ou um novo mundo?

Para além de *Finisterre*,
 que mundo existe? Há quimeras,
 esfinges, grifos e o erre
 da raiva de horrendas feras?
 Ou o barco naufragado

de um marinheiro defunto,
 entre as pedras encalhado?
 Mas de novo eis que pergunto:
 para além, no mar das trevas,
 em que vale, ó morte, cevas
 o rebanho que roubaste?
 Tu não respondes nem calas.
 No som das ondas, embalas
 o sono mau que plantaste.
 (...)

VICENTE ARAGUAS [Xubia-Narón, 1950]

A canción do verán [Vigo: Ir Indo, 2001]

(...)

- Pero con todo, sendo mala a sensación que tiven, nada semellante ao que me pasou tempo atrás.

- Cóntamo, xa sabes que estou moi interesado no mundo dos sentidos.

- Non sabía. Pois o caso é que casado recentemente andaba eu pola Costa da Morte.

- Con Inés, claro.

- Natural.

- Como decías, andaba eu...

- É un dicir. Non ía andar eu só acabado de casar.

- Certamente, non. Só faltaría. Pois es ti pouco home para facer unha viaxe de noivos sen compañía.

- Pois dicía, corrixo, que andabamos Inés e máis eu pola Costa da Morte facendo cámping.

- Cousa inusitada para os anos sesenta que, se non recordo mal, foi cando vós casárades. De cámping e pola Costa da Morte. Manda chover na Habana. ¿E como non se vos ocorrera ir a Palma de Mallorca?

- Porque a min sempre me amolou facer o mesmo có resto da xente. Así que tiramos para adiante co 4-4 que eu tiña daquela e veña para Vimianzo e despois para arriba e para abaixo. Por certo, qué estradas aquelas. Claro que como tampouco había tráfico, pois entón case que daba gusto andar por elas.

- ¿Notábase moito a diferenza entre aquelas estradas e estas?

- Ti em dirás. Aínda que hoxe a desidia segue estando nun primeiro plano. Por aquí o normal é que moitos sinais de tráfico estean agochados polas silveiras.

- Nunca reparei niso.

- Porque non conduces.

(...)

RAMIRO FONTE [Pontedeume, 1957 – Barcelona, 2008]
A rocha dos proscritos [Pontevedra: Deputación, 2001]

As dez menos dez

Sucedede que converso nunha hora da mañá
Con estas nais de ferro, as mulleres galegas
Que toman un café, antes de ir traballar
Á casa dalgún rico, facéndolle a limpeza.

Sempre a mesma canción: quixeran retornar
Definitivamente á nosa boa terra,
“A ver se teño sorte... Pode que no verán”,
E falan doutras casas que sempre están baleiras.

É grata a súa compañía. Recórdanme ás irmás
Que tamén foron lonxe (levo tempo sen velas)
E sintome culpable por ter vido aquí a ollar
A vida poderosa, nesta cidade inmensa.

Meu *flâneur* melancólico non puido sospeitar
Que nela atoparía máis dun cento de aldeas
Que a nosa xente arrinca, memoriosa, de alá,
Dunha costa que vai de Carnota a Fisterra:

Non podo situalas nos puntos cardinais
Nin nas liñas do metro, pero sei que son certas,
Que todas elas miran un temeroso mar
Que teñen cemiterios arredor das capelas;

Pola zona de Willesden, Kiburn e Kensal Rise,
Caldebarcos, Gurés, Brens e Pedrafigueira,
Nas monótonas rúas viñeron ocultar
Os seus humildes rostros, sen que ninguén os vexa.
(...)

LUÍS FILIPE MAÇARICO [Évora, 1952]
[*A Xanela* nº 11, Betanzos, 2001]

Finisterra

Buscando a luz de um verso
A terra apalpa o mar

Farol de Finisterra

As pegadas do sonho
Começaram nesta rocha
Na dança das gaivotas

CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS [Dandín-O Irixo, 1951]
O rumor do distante [Ferrol: S. C. Valle-Inclán, 2001]

Camiño Compostela - Fisterra

Ponte Olveira

As noites pasan os días na súa Inmortalidade Dourada.
Atraveso o río Xallas na súa quietude, silenciado e calmo
e segredo. Sensitivo carcere do tempo secreto, fuxidios
os arcos no profundo da súa revelación. Nunha parte
do teu todo, estou xacendo só e fico sen saber.

Olveiroa

Demoro-me nas palabras sen sentido.
Na incompresibilidade do universo subimos o camiño
real pola banda do Monte do Sino. Coñezo na súa
propia imaxe, a imaxe que é creación de todas as súas imaxes.
En silencio abro un circulo no canto da ave.

JOSÉ ÁNGEL VALENTE [Ourense, 1929 – Madrid, 2000]
[*Bravú* nº 4, Vigo, 2001. Tradución do autor do castelán “Finisterre”; *La Noche*, Santiago de Compostela, 11-8-1947]

Fisterra

Polos meus ollos romeiros
paxaros buscan a mar.
O Fisterra
O chan extremo
beixo de espuma e de sal.
No máis alá do Fisterra
ceo desfollado a mar
a mar de peixes insomnes
e cansos de mariñar.
Miñas maos destrincan ventos
mareiros baixo o luar.
Os ventos saben as roitas
incertas de San Olaf
San Olaf, santo e pirata
no ceo brigantiñán.
Non engadirei máis nomes
no meu santo santoral.

San Iago, pedra e silencio.
San Columbano, pombal miragreiro
e nauta en grosa mar esgreva
San Brandán.
Polos meus ollos romeiros
paxaros buscan a mar
barco de néboas insomnes
acouga mar terminal.
Feríronme terra adentro
morriñas de me afogar,
de ter os beizos froridos
de tenro e virxen cristal,
de dicer cantigas náufragas
coa boca chea de sal.
Fin da terra, ermo vixía
ládralle ó mar como un can.

ROSA MARÍA VIDAL [Laxe, 1960]
O baile das mariolas [Vigo: Xerais, 2001]

Superstare: O home-sombra

(...) Ese ano non puidera carrega-los tablóns nin xunta-la palla para acolle-las veraneantas do Xallas nin recibira aínda novas da misiva enviada de viva voz ó home emigrado máis alá do Atlántico por unha amiga da nenez. Ficou así durante uns segundos, ó cabo dos cales, como se quixese adianta-los pensamentos, baticou a cabeza contra o aire colocando unha mecha indomable e pasou a man pola fronte deténdose enigmática na *Rosiña*, que apodrecía a rentes da praia. As aves amontoáronse co peteiro cara a Baleeira e un brado de corno, longo e harmonioso, atravesaba a vila dende a atalaia ata o alto

do Castelo espaventando unha cuadrilla de lavadeiras, que fuxiron cara ó abrigo dos varizos de Espiñaredo.

En tanto o sol araba mansamente no orballo ata o cumo de Nariga, a cala da Jurita enchíase de rapaces novos que tentaban o seu esmolamento e o atordar das augas para colle-la vía. Esperaban enriba dos bolos brancos, que asolagaban a area da furna, alentados polos máis vellos que sentaban na beira do monte. Cando comezou a quentar mañigón, espíronse e mergullaron preto da orela. A competición barallada entre risas e berros amainou no momento en que alguén se decatou dun saco á deriva e pasou irremediabilmente ó silencio da conquista. O triunfo quedaba sinalado polo prezo do contido, que os máis crían puntas, anque podía ser calquera resto das moitas navegacións, que a costa de Soneira comprometía. Na primeira metade do século calquera cousa tiña o valor dunha *libreta* de pan branco en Nariga. Dous rapazotes acadárono e tiraron del cara ás rochas, onde se anenaron para abrillo sentando supetamente cos ollos escarranchados e os beizos nun aceno de desconcerto. Ó momento, na órbita do marmurio da mañá, unha frase foi facendo rego ata o cuartel da Garda Civil.

“¡Un neno morto!”

“¡Un neno recién parido!”

“¡Un neno fedento xa!”

(...)

FRANCISCO DOMÍNGUEZ ROMERO [Ferrol, 1939 – La Ribera-Murcia, 2005]

“Finis-terrae (Costa da Morte)” [*Dorna* nº 28, Santiago de Compostela, 2002]

Dobrou Fisterra,
a Arnela contornou cara a Muxía.

Restingas de coral e conchas finas,
as praias nebulosas de Camelle...

O tenue azul do leste e Camariñas.
-A flor que o mar coñece-

Nos píncaros das rías avistadas,
un solemne clamor de antigos deuses.

SERXIO IGLESIAS [Buenos Aires, 1966]

Métodos para afogar un cisne [Santiago de Compostela: Ed. Positivas, 2002]

coas trampas e a vertixe

ou perderse costa á morte
no gume dos cons
hai pasos curtos olladas
algo como domingo que se precipita
hai bastantes familias
que saben dos lugares
e calan os dentes

escorregan aires lagartos
barcos pequenos
anacos de tormentas
un home sentado pensa en brighton
e estamos todos

afirma fisterra e chove

* * *

rostro

un lugar chamado aquel sitio
con secretas pinceladas nos recantos
voces que veñen e van na travesía
e bramidos nus nos buratos
das esponxas

unha praia chamada rostro

na amnesia dos vivos
perdura o sal dos labios tolleitos
ollares de esguello
e roupas de gato
naquel sitio alcumado lugar
a vella pousa o cu octoxenario
no tallo de mirar cara á fóra
no mar do rostro

EDUARDO PONDAL [Ponteceso, 1835 - A Coruña, 1917]

Poesía Galega Completa. Poemas manuscritos [Santiago de Compostela: Sotelo-Blanco, 2002]

A costa da morte

De Traba ao Villano
esténdese informe,
cal negra serpente,
cal caimán enorme,
a costa de ferro,
a costa de bronce:
manchada d'areas,
qu'a trozos a cobren,
somella unha besta,

unha besta enorme,
plagada de tiña,
de lepra deforme.
O fero Britano,
cruzando do norte,
de medo tembrando,
escrama de longe:
“¡A costa do pranto,
a costa da morte!”.

As libres gaivotas,
 que da altura volven
 e nas altas cimas
 d'altos fachos dormen,
 voando, voando
 nas alas do norte,
 cand'esta sublime,
 fatal reconocen,
 en longa ringleira

seu camiño torcen,
 que tanta esquiveza
 as repele e tolle;
 e voando, voando
 s'apartan ao longe,
 e parez que digan
 co seu canto forte:
 “¡Fujamos, fujamos,
 a costa da morte!”.

XOSÉ H. RIVADULLA CORCÓN [A Coruña, 1962]
...do mar e a noite [Vigo: Ir Indo, 2002]

Costa da Morte

A Costa da Morte é unha terra ó final do mundo, onde ós homes, ó mar e ás pedras sempre se lles esquece que o resto do planeta existe.

Na Costa da Morte inventouse o mar.

A Costa da Morte non é unha terra, é un mar. Os seus homes e mulleres tamén son mar.

Lembra que alí naceu a maldición. [...]

Chenel chegara á estación de autobuses e preguntara para onde saía o primeiro coche de liña que o levara a algunha vila con mar; a amable señorita de información respondeulle que para Muxía, e Chenel comprou un billete e embarcou no coche de liña.

Para recompoñer o tempo perdido, Henrique ía buscar un sitio onde estar máis só aínda, se é que iso era posible; lonxe da lembranza de Rita, alí pensaría, recompoñería as ideas e volvería para recuperar os antigos amigos, a súa irmá, e emprender de novo a vida. A Sofía era mellor aparcala tamén coma unha lembranza do tempo vello.

Henrique chegou á pequena vila mariñeira no corazón da Costa da Morte, a Muxía.

XOSÉ H. RIVADULLA CORCÓN [A Coruña, 1962]

Taberna á deriva [A Coruña: Espiral Maior, 2002]

Costa

Na Costa da Morte
hoxe o mar
ten unha cor prateada.

O seu silencioso son
chámame coma un peregrino

somnábulo.

Sei que a auga silenciosa
contén a túa fragancia
e soñarei contigo.

PACO DE TANO [Petín de Valdeorras, 1962]

Xanela ao bío [Malpica de Bergantiños: Ed. de autor, 2002]

O doce sabor da morte
chegou co temporal
sen aviso das Sisargas

Dábanlle a benvida
á comitiva defunta
os cons

endomingados

Morre o vento
na porta das tabernas
a vinganza comía unllas
con viño tinto

MARILAR ALEIXANDRE [Madrid, 1947]

Desmentindo a primavera [Vigo: Xerais, 2003]

Touriñán

nada resiste ao vento que humilla a herba
só eu cabalgando no día
na noite a lombos do negro
neste cabo do mundo
son deus ou anxo
tirando o neno dun ventre dunha boca
que non cede a presa
desfacendo nós da embigueira como

[vincallos da resaca

a voz dos tombos
saúda á recén nacida ofrecéndolle
o amargo leite do mar
marcándoa con sal na fronte
atándoa a estas penas herba ruín
ventos de loucura
sen remisión

ESTEVO CREUS [Cee, 1971]*Decrúa* [A Coruña: Espiral Maior, 2003]

(...)	I	e dos días
E entón chove		
e na lareira o lume.		cando os petos levaban
		baleiros
E quizais pense no lume tres segundos		o aire salvaxe e doente
e nos días		das Lobeiras.
e nese xeito incomprendible		
de terme desfeito		E entón chove
ós poucos		e un sinte unha dor terrible por dentro do
do sexo e das viaxes		[seu peito
		e xa non sabe o porqué desa ferida
do lume		
daquela forma de mirar que sabía a auga	(...)	

MARÍA LADO [Cee, 1979]VV.AA.: *Sempre mar: cultura contra a burla negra* [Santiago de Compostela: A. C. Benito Soto et alii, 2003]

os ollos cansos e o babi azul e branco
 genoveva mírase na fiestra do coche de liña
 na bolsa do claudio van un plátano e dúas laranxas

mírase e cóntase en mareas genoveva,
 nas mans batidas leva a dor das navallas
 anos de moluscos mortos trábanlle nas puntas dos dedos
 desfánselle en area da ribeira os xeonllos
 e o salitre dos algazos cómelle das pupilas secas

con todo
 genoveva ten o mar aniñado no peito
 arrólaio entre os brazos as mañás de temporal
 e gárdalle respecto polos fillos que leva na carteira

e porque sabe
 que a súa vida toda

cabe nunha bolsa de rede
e vale o que unha boa mañá de lonxa

o coche para
e roda unha laranxa ata os pés do conductor
genoveva baixa
do outro lado
o día érguese por detrás de fisterra

ALEXANDRE NERIUM [Fisterra, 1960]

Vogar de couse [A Coruña: Espiral Maior, 2003]

Coas costelas crebadas do mal tempo

Enche na vida o mar para afogarte; avézate
de seu da estacha ó roce no meirande fondío
onde te xulga. ¿Acórdaste da ceifa?, é a quen pertences;
quen che desvela, ó escoito, o seu segredo ou xeme
coa calada o concerto de outono dun baixío.

O vello cuncharedo deixou de ser palaxa,
descubriuno a serea do mascarón furtivo
do galeón ‘Beluca’ cabo do Tremosiño
co Berrón ó Castelo, coa Lobeira á Regaña
cando rompeu de súpeto de Bufadoiro o limpo.

Malia que todo pasa decontado; ás sandalias
do trinque do Tordeiro; á camisa engurrada
da Xestosa; á chaqueta de pana das Enchousas;
á gravata celeste do Mañoto; á xeitosa
faldriña das Arrosas, sobreenténdese, alfáialas.

Todo petón ten nome, todo marca. A candorca
tamén sopesa a adega que, enguedellada, ofega
o maremoto. Encállante na arnela máis angosta,
naquela en que a vellez non ten asilo. ¡Apréixama
nalgures! O sobordo despezará a serviola.

Non obstante profésaa inda que os folgos perdas,
mesmo te fagas noite coma o día e aparezas
na laxa dobregado sen ollos que te ceguen,

coas costelas crebadas do mal tempo e amañeza
no ceo outro coído, silente, coma sempre.

XOSÉ MANUEL VARELA [Malpica de Bergantiños, 1967]
Casa vouga [Malpica de Bergantiños: A. C. Raigañas, 2003]

En Malpica de Bergantiños

En Malpica verás a longura do océano, espreitarás o ronsel da súa Illa. Desde a Atalaia albiscarás chafarices de baleas coma géiseres no horizonte.	Déixate arrandear por estas augas, volve ó berce da túa infancia mentres reparas na morna conversa das vellas falas mariñeiras.
---	--

Río de Vaa

Río de Vaa, meu amigo, de curto calado, de ribeiras irmáns, lévame a canda o teu discorrer de augas, dame a túa compañía de bidos e abeneiros, cólleme da man dos curtos vales de Leiloio ou Cerqueda, Vilanova e Barizo.	¡Quen, coma ti, nacer das entrañas do monte [Neme, en Brión, e, vagariño, render ó Atlántico, as últimas augas, os últimos días, mesmo ós pés das illas Sisargas!
--	---

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR [Melide, 1946]
VV.AA.: *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra*
[Vigo: FLG / Espiral Maior / Xerais, 2003]

Poema Neghro (*Mancamellemar, in memoriam*)

Non sei quen salabarda arestora todo o mal
que cadra neste barco interior dos malferidos
pola historia e os encontros dous outros capitáns
levando a nao na noite de Fisterra en alzas
negras dos océanos que trasbordan a morte.

Non sei quen peta na porta do Roncudo sempre
vindo sellado de corvos e alcatrán e a forza
re- virada cara ás pedras da Costa da Vida.
Por acaso un lobo matarife das especies
que nunca boga e desarma a viaxe do arroás

e a dos alcriques, o vó das aves que se anuncian
no mencer das Illas: recaladas do torbón
que rompe o rostro no narís do Cabo e os Coídos.
Quero para min só o corpo e alma do delito
nesta tarde de esperas, cando a furia me atende

tamén en Cabo Home co bichero para a ardora:
veñen os marraus de setetraxes no bidón
do ghalipote para arder: que antes beban lóstregos
da Terramar mancada e se afoguen na ardentía
e no profundo os teña o barco consigo, amarre

as culpas no estribor da fenda e tisne de vez
as fauces da soberbia se é que aboian cabezos
da usura e o desleixo e a rapiña... ¡Agora sei!

ROSA ANEIROS [Meirás-Valdoviño, 1976]

Veú visitarme o mar [Vigo: Xerais, 2004]

(...)

En chegando ao cabo Vilán resultaba máis doado sentir as poutas descarnadas da tolemia.

-¿Que? -preguntou Lola.

-¿Nunca oíches falar da Síndrome do Noroeste? Os médicos do hospital téñena catalogada dende hai moito tempo.

-Xa pareces galega con tanta reviravolta. Que en que consiste.

-É o vento. Din que nesta fin do mundo existe unha doenza estraña, un andazo estendido sen compaixón que acaba afectando mesmo ás mentes máis cordas. Non hai antídoto contra esta tolemia que converte aos homes e ás mulleres en loucos que fan barbaridades á beira do mar. As causas son tamén as consecuencias: soidade, alcolismo, miseria e vento, sobre todo o vento do nordés. E nesta fin do mundo ninguén pode asegurar que estea libre da loucura. O vento cóase polos poros da pel e afecta o sentidiño todo. Non hai por onde fuxir porque é o propio aire quen te busca e vai visitarte mesmo dentro dos muros da casa. E o seu asubío acaba por te tolear.

Cando baixaron do coche e bruou o vento en Reira, algo remexeu na conciencia. Talvez a propia demencia.

O mar no cabo Vilán é a néboa atravesada pola primeira raiola estridente da mañá. Os cento setenta e dous cadáveres remexían co seu discurso políglota as terras escuras do Cemiterio dos Ingleses e, ao norte, o alemán de Camelle esculpía figuras gaudianas nun museo abocado a fundación. Lola apertou os beizos. (...)

CONCHA BLANCO [Lires-Cee, 1950]

Sara [A Coruña: Casals, 2004]

A ría da aldea onde nacera e vivira Sara na súa infancia tiña algo especial. Tiña vida. Sara vía a ría como un neno ou unha nena máis da panda. Era o espacio máis visitado de toda a rapazada, preferentemente no verán, aínda que no inverno, se non chovía, tamén se achegaban todos por alí.

A ría de Lires era pequena e xeitosa, por iso se adaptaba tan ben á xente miúda. Cando estaba chea, coa marea alta, aínda resultaba máis bonita, máis viva e imparabile. As poucas lanchas que nela había bambeábanse con garbo sobre as ondas. Os muxes atrevíanse a pasar os ollos da ponte e as anguías serpenteaban polo fondo xogando aos agochos tras as pedras redondeadas. Mentres, desde a beira, polo arró da leira do Fando, Sara e os demais xogaban a descubrilas.

(...)

RAFAEL LEMA [A Ponte do Porto, 1967]

O Club do Corvo Mariño [Zaragoza: Edelvives-Tambre, 2004]

(...)

Un deles foi sobre a lenda negra que pesaba sobre os habitantes da miña costa natal, documentando doce barcos dos que algúns mequetrefes falaban como atacados desde a costa polos nativos, afundidos a propósito. Demostrarei con fotos, gravados, textos da época, relatos de naufragos, testemuños, xornais, datos das compañías de seguros e consellos de guerra a mentira trazada sobre o *Serpent* e outros barcos. Todos caídos pola desgraza dos temporais, as malas manobras dos capitáns e os perigos da costa, non por causa dos candís nos cornos das vacas, unha ocorrencia de tolos e de ignorantes. Non só o famoso acoirazado inglés foi obxecto da lenda negra. Naqueles tempos, cando a

Costa da Morte non viña sendo un reclamo turístico e só chegaba de Corme a Fisterra, o seu nome viña a ser un insulto: patria de piratas e de matachíns saqueadores de barcos, cortadores de mans e orellas de náufragos na procura de ouro e alfaias. A bric-barca inglesa *Adelaide* (non goleta como se di) que afundiou na badía de Laxe o 19 de decembro de 1830 e deixou trece mortos, entre eles a muller e o fillo do pobre capitán Dovell, que rematou vivindo coma un penitente varios anos entre nós, matinando na súa perda e visitando os seus, soterrados baixo unha lápida laxeira. Houbo un vapor inglés mixto de velas e paletas, o *Wolfstrong*, que deu nos Baixos das Lobeiras en Arou, en novembro de 1870, con toda a tripulación desaparecida. No mesmo sitio, afundiou o carboeiro británico *Revanchil* no ano 1875, sen superviventes. E na fatídica Punta do Boi, o carguero inglés *Iris Hull*, un cinco de novembro de 1883 con trinta e sete mortos e o vapor inglés *Trinacria* o 7 de febreiro de 1893 con trinta mortos.

O outro traballo que fixen, seguindo os consellos do finado profesor, foi sobre os galeóns afundidos na zona, recollendo informes orais de lobos de mar, documentación da época, procurando lugares onde se albiscaban restos dos naufraxios. O galeón *Boliños da Fortuna* de Camariñas de fins do século XVI, un barco de carga da Carreira das Indias cheo de barras de broncina. O *San Xerome* ou *Capitana de Ivella* no cabo Cee, unha das vinte e cinco embarcacións de guerra perdidas polo almirante Martín Padilla o 28 de outubro de 1596 e os seus compañeiros de desgraza ós pes do cabo Fisterra, no Petón dos Oídos. O *Turdeiro* na praia de Langosteira. O *Delfín de Olona* en Arou. E outros en Traba, Corme, Sisargas, Suevos de Arteixo, ou Nemiña e Touriñán, en Muxía. Toda a costa para un parque temático sobre os vellos e lendarios galeóns imperiais de España.

(...)

RAFA VILLAR [Cee, 1968]

no ventre da balea [Santiago de Compostela: Concello / Editorial Compostela, 2004]

Costa da Morte

(1)

Hai un mar e unha terra dentro do mar que se crava fonda
como unha espora, e un silencio que ás veces é
un látego escintilante ao corazón da noite inmensa.

Somos esa vida desagrada tras os vidros manchados de
argazo. Os nosos ollos nacen ao inverno e ao espanto
como nós á loucura e ao berro. Perdidos faros
alumean para sempre a nosa rota afundida.

Hai un mar de terra empuñada vomitando lume en nós. Unha
dor antiga que nos queima. Un horizonte cego. Unha
soidade. Somos como a ardora e o naufraxio, e
navegamos calquera vento imposíbel.

Entre a terra e o mar só os nosos corpos
ferozmente amarrados.

(2)

Porque somos tan de medo, tan acabados de vencer, fechamos
portas e convocamos o silencio a golpes de campá
como o recordo do lume baleirándonos,
escarvándonos, se cadra sucumbíndonos, pero sempre
a golpes de campá.

A pequena igrexa, o adro cheo de xente o día da festa, as flores
para o santo e o latexar compasado dunha campá na
memoria. Distinta ao tempo do medo, do rebumbio,
da axitación, do perigo. Porque no mar tamén se arde,
tamén. E temos medo.

Medo á terra negra, á chuvia da terra negra. Medo de todo o
que nos lembre que somos vulnerábeis, ou digo
débiles, ou sexa nada ou case nada para as voltas do
mundo. Un vira-vira atolado que nos leva á súa
vontade, case contra nós.

De aí o medo. De aí o silencio rescatado. De aí nós, náufragos
dunha sorte maldita. Co frío entre as costelas.

ÂNGELO BREA [Santiago de Compostela, 1968]
O país dos nevoeiros [A Coruña: Espiral Maior, 2005]

O farol de Finisterra

Para além de ti só existe o infinito
e o luar que traça circos sobre o mar.
Como alto ciclope que escruta a distância
banhado na luz branca das estrelas,
surges cada noite livre e renascido.
Cometa terrestre, fugaz como um lírio
de pétalas brancas, uma doce aragem
sulca os teus cabelos feitos luz e brisa.
A lua acompanha os teus próprios ciclos,
onda e rocha e vento, e silêncio aquoso
de vivos lamentos, nome quase eterno
de belos destinos onde acaba a terra

e onde o mar começa a ser oceano.
Espalham-se em ti luzeiros difusos
que abarcam os climas de costas distantes,
noutras belas praias, talvez noutro mar.
As montanhas guardam o eco do teu nome
e dentro de si mesmas levam hinos
de belas palavras, em cada presença
alçam o seu signo de sonhos fugazes,
em cada segundo, em cada rumor
e em cada murmúrio que inflama o presente.
Para além de ti só existe o infinito
e o luar que traça circos sobre o mar.

FERNANDO CABEZA QUILES [Ponferrada, 1953]
Domingo de Resurrección [Noia: Toxosoutos, 2005]

Unha bonita excursión a Fisterra

(...)

Tal como lera Nicanor Lavandeira, en Corcubión houbo que parar. Alí as infusións dixestivas prometidas fixeron a súa aparición, librando a máis dun excursionista de expulsar, dispensando, compulsivamente pola boca o contido gástrico inxerido na vila do Cristo.

Como a expedición chegou completamente durmida á vila de Muxía, a organización, sempre previsora e atenta a calquera continxencia que se puidese presentar, distribuíu café entre o persoal, que unha linda señorita vestida de azafata sacaba dun termo de grandes dimensións.

A visita á igrexa da Virxe da Barca foi, tal como se indicaba no prospecto, guiada. O mesmo señor cura en persoa foi desentrañando, para quen o quixese escoitar, as claves do santuario. Logo de media hora de amena e didáctica charla, a situación xeográfica, as orixes e a arte do famoso templo quedaron suficientemente explicadas.

Despois os compoñentes máis novos da excursión foron abalar a pedra. Entre os maiores foi distribuída unha bonita postal e cando o sacerdote solicitou a vontade, aquela tropa desagradecida mirou para outro lado. Algúns mesmo se atreveron cun hipócrita “Deus llo pague”.

Antes de chegar a Camariñas, o grupo empezou a preguntar pola merenda. A organización da excursión, que non contaba con aquela extrema voracidade, tivo que pechar os oídos e desviou o furibundo colectivo ao museo do Encaixe. Alí, malia os receos de Nicanor Lavandeira, os organizadores da viaxe non lles intentaron vender nada e os excursionistas nada compraron. Só Nicanor, o único membro da incursión ao que lle quedaba algo de vergoña, adquiriu, en conveniencia coa súa esposa, unha fermosa puntilla da nomeada vila da Costa da Morte.

Rematado o percorrido anunciado, os asistentes pediron máis e volveron preguntar a berros pola merenda. O representante da empresa organizadora, logo dunha longa chamada telefónica, decidiu prolongar a viaxe.

Os pasaxeiros, deglutindo con adefasía uns quilométricos bocadillos de tortilla española, foron conducidos, aínda que non estaba incluído no programa, caraa ao norte.

Sobre as oito do serán chegaron a Buño. Na importante vila oleira de Bergantiños foilles servido *un vino español* e o comportamento de boa parte dos membros da excursión cambiou, que mesmo compraron unha chea de cazolas onde gardar as centolas, que dende a hora do xantar levaban de incógnito nas súas faltriqueiras e saias. (...)

MIGUEL A. MATO FONDO [Ponteceso, 1953]

Xope de Lilaina [A Coruña: Baía Edicións, 2005]

O moucho agoreiro

O moucho agoreiro vén sendo coma outro moucho calquera, pois non se arreda deles na forma gris e na cabeza grandota, nos ollos pescudadores, na fina plumaxe e no porte distinguido. Mais este moucho agoreiro é moi laiador e dis que trae o malfado.

Unha vella mestra de Corme contaba que un seu tío, Xan Mosqueira, cazador habelencioso, un deses finos tiradores que por veces se dan entre os

pescos, matara un moucho agoreiro nos fondos e misteriosos piñeirais que se estenden desde Corme pola costa cara á praia de Valarés. Pinares vellos, pouco frecuentados das xentes, con antigos e ben traballados cruceiros perdidos nos cruces de camiños esquecidos, frecuentados en ocasións por pescantinas por atallaren camiño da botica da Ponteceso, ou polas mulleres da Aldea de Corme que levaban o leite á vila de Pondal, ou cando viñan á feira de Anllóns.

O moucho que matara o tío da mestra dera en pousar nun alto piñeiro no más fondo do mato, e desde que o día fuxía pola banda de Laxe deica asomar de novo polos montes de Angame, na distante Tella, non paraba de laiar. O seu laio, rouco e prolongado, ouvíase en toda aquela parte e semellaba que nacía en mil lugares diferentes, de tal xeito que parecía talmente que unha santa compañía moucheira e laiadora viñera na procura dos camiñantes. E as pescas, cando ouvían o moucho laiar, semellante a queixa de cristián, apuraban o paso, non deixaban de ollar cara a atrás, e xuntábanse unhas ás outras, que soas xa non andaban por aqueles camiños e atallos.

Do caso falábase nas casas de Corme e nas lareiras da Aldea. E boa foi que o tal Mosqueira botou un serán a escopeta ao lombo, meteu no peto da zamarra uns cartuchos de postas, por se tal, e morra o conto. O moucho non laiou máis.

Contaba Xerome, o criadiño que o acompañara moi armado de vello arpón baleeiro, tateando mais non co medo, que o Don Cazador non trabucara, non, o tiro. Botara a escopeta á cara canto descubriran a pantasma laiadora, e o estoupido ouvírase mesmo nas casas de Valarés. E logo, cada vez que alguén contaba o caso nas tabernas do fin do mundo, o moucho laiador era máis grande e máis laiador, e a noite era máis obscura e medoñenta, e o cazador disparaba con máis tino.

E o arpón baleeiro do tateo Xerome brillaba no luar como brillan pola noite as casas de Laxe, deitadas ao longo do areal na outra banda da ría.

BRANCA VILELA [A Coruña, 1964]

A faciana das augas [Noia: Toxosoutos, 2005]

Esvaeceu a fin da terra!

As brétemas cortexan os cumes
o mar fecunda os ceos
nada se divisa e sei que se atopa
o promontorio onde repousan
as linguas soltas, as pedras,
os loitos, os carrexos,
os barcos amarrados coas sereas
e o seu ouvear de morte.

As brétemas reflicten o cansazo,
o abatemento dos corpos
cansos de abriren nas entrañas do mar.
As brétemas un tres de xuño
devoran os pobos

por riba dos ousados tellados,
por riba do Monte da Nave.
E sinto a Nada máis preta.
Dez homes migraron coas ondas
sen equipaxe e coas mans
cheas de súplicas.
Esvaeceu a terra.
As brétemas da alma son as mesmas
brétemas do silencio,
do pranto, dos rogos
do sentir que de novo somos fillos
nesta auga da Costa da Morte.

MARÍA ROSA LOJO [Buenos Aires, 1954]

A Fin da Terra [Vigo: Galaxia, 2006]

Hai quen realiza os seus destinos nun circuítro modesto de distancias: unha aldea, unha cidade, un monllo de ferrados na terra orixinaria; esas son as extremas que se lles marcaron para debuxaren, en aparencia sen maiores traballos, a traxectoria plena dunha vida. Outros, en troques, demorámonos no deseño dunha imaxe complexa e serodia.

Eu tiven que cruzar o océano, adquirir outra lingua, mudar de traxes coma se fosen os disfraces dun teatro, ou as caras descoñecidas que aparecen nas transformacións do soño, para completar o camiño. Mais teño para min que todos nós, Elizabeth, tanto o que non saíu xamais da súa casa e da súa vila, como os que nos perdemos primeiro nos labirintos do espazo, todos, antes ou despois, algunha vez chegamos a Fisterra. Ao Finis Terrae: ao límite do mundo familiar, da realidade que cremos coñecer; por dentro ou por fóra de nós mesmos. Como Decio Xunio, o capitán romano que hai tantos séculos arribou ao cabo máis estremeiro de Occidente na Costa da Morte, sobre o

mar de Galicia, ficamos estantíos e case cegados pola luz dun sol que cae a cachón sobre as augas desmesuradas, sobre as rochas mudas da fin da terra. E seica coma el tamén, fincamos os xeonllos e baixamos os ollos, sen nos atrever a seguir máis alá, a dar o gran salto sobre o abismo do Mar Océano.

Así comezaba a derradeira das cartas que Elizabeth Armstrong estivo a recibir con regularidade ao longo de meses, cando aínda non cumprira os vinte anos. Con elas comezou o seu propio camiño de Fisterra até acadar os bordos do mundo seguro e acoutado que coñecía. Debruzouse no lado cego da súa vida, o da memoria negada dos que a precederon.

A primeira destas cartas chegou pouco antes da primavera, nunha mañá neboenta cun ceo que non deixaba pasar luz nin calor. Ese día o seu pai veu á casa moi tarde e dun xenio intratable. Elizabeth agardaba por el a carón da ventá, sen decidirse a abrir o sobre de textura grosa, selado con lacre. Non adoitaba recibir correo só ao seu nome e menos aínda de lugares semellantes. O remitente non acusaba persoa ningunha, só unha indicación xeográfica: Fisterra, Galicia, España. (...)

ROSA VILLADA [Albacete, 1954]

El Camino de los Locos [Albacete: Ediciones Que Vayan Ellos, 2006]

(...)

La extraña sensación de plenitud duró sólo unos instantes. O quizás una eternidad. El tiempo no contaba en aquellos momentos, se había detenido, pero el profundo sentimiento de euforia y paz que Paula había experimentado, le daría fuerzas para llegar a Olveiroa.

Una vez en el albergue, se duchó y se arrastró como pudo a tomar un cola—cao caliente y una magdalena en un bar cercano. Después, a pesar de que no eran más de las 8 de la tarde, se acostó en la litera, se metió en su saco y se quedó dormida casi al instante. No se despertó hasta doce horas después.

Con ánimo vitalista emprendió la última jornada del Camino, para recorrer los más de 30 kilómetros que la separaban de Fisterra. Cuando salió estaba nublado, pero después el sol se dejó caer a plomo, a pesar de que era el mes de noviembre.

Hacia mitad del Camino, al pasar por un lugar llamado Hospital, la ruta se bifurcaba

para ir a Fisterra, o a Muxía. Ella siguió las flechas amarillas que la conducían hacia su destino: el fin de la tierra.

Al cabo de unos pocos kilómetros, se quedó paralizada y, emocionada, empezó a llorar. A la vuelta de un recodo, en el alto de O Cruceiro da Armada, divisó el mar. Eufórica, supo, sin lugar a dudas, que allí estaba su origen como ser vivo en esta tierra.

Con fuerzas renovadas, bajó hasta la localidad de Cee y allí, en un bar frente al mar, engulló un inmenso bocadillo de tortilla recién hecha, bebió una cerveza que le supo a gloria, y después del café continuó en dirección a Corcubión, pasando por un bonito paseo marítimo.

Desde allí hasta Fisterra, se le hizo muy cuesta arriba. El cansancio podía con ella cada vez que adelantaba un paso. Al llegar a un bosque, bajó por unas escaleras que la conducirían a una playa: la de Langostera. Fisterra estaba ya a un tiro de piedra.

(...)

MARILAR ALEIXANDRE [Madrid, 1947]

Mudanzas [Santiago de Compostela: P.E.N. Clube de Galicia / Editorial Danú, 2007]

a constelación da xuvenca

(...)

quen sabe a que tabáns ou furias
a que deusa destemperada
a que deus incontinente
guindou Ío o leite costro
escribindo unha pegada
a través dos meteoros

brúa, Ío, brúa como a vaca de Fisterra
non temas á túa voz,
uns mareantes han tomala por sinal
de escollos e baixíos, rachas de nordés e borraxeira
outros virán
atraídos polo seu canto

aos inseguros tombos de leite
brúa desde o alto, entre o castrón e os xémeos
que unha vaca non é tan pouca cousa
diremos as nacidas en maio
baixo a constelación da xuvenca

MODESTO FRAGA [Fisterra, 1974]

Derrotas con raíces [Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2007]

Do Xeito

De costas ao Berrón coa negra branca néboa a lle cubrir os ollos	desde o Cabo da Nasa ao Gavoteiro entre os cantís de Rostro e Mar de Fóra
a <i>Vaca</i> anuncia ausencias vendavais enganosos de oito a nove	ducias de voces orfas ecoan a estribor
voraz fatalidade repetida nos ósos	enxaugados silencios na rompente

ALBERTO LEMA [Bamiro-Vimianzo, 1975]

VV.AA.: *rexoubeo literario* [Vimianzo: A.X. Cherinkas / AXVALSO, 2007]

Museo de Pedra

quixera escoitar a voz dos penedos en pasarela
agardar alí calado por unha das súas insólitas palabras
pronunciada en intervalos tan longos
que confundimos co silencio, pezas
dunha conversa iniciada antes do tempo dos homes
e que rematará despois dos homes.
Tamén quixera contemplar a escultura rematada
que o tempo vai librando nos penedos
co brazo do vento e o martelo da choiva,
nestas formas que hoxe nos parece definitivas,
e até vagamente humanas, pero o seu modelo foi outro
que a nosa mirada de expertos en arte contemporánea

non sabe identificar. E así rondamos por este inmenso
Museo de Pedra coma esos monos que habitan
templos esquecidos cubertos pola selva,
turistas por completo alleos ao sentido do lugar
e á súa beleza remota que non se fixo para os nosos ollos.
Quixera escoitar a voz dos penedos en pasarela.

XESÚS RÁBADE PAREDES [Seixas-Cospeito, 1949]
Poemas do aire [2007; incluído en *Lugar do canto*, Poio: Litoral das Rías,
2008]

Fisterra

Mellor quixera verte levantisca.
Temida por rebelde. Vivamente inconforme.
E véxote varada. Evadida na brétema.
Batida polas ondas eternas que te dormen.

MARTA RIVERA DE LA CRUZ [Lugo, 1970]
El inventor de historias [Barcelona: Planteta, 2007]

(...)

Cada inverno, las olas devolvían a la playa los cuerpos de una docena de ahogados, y todo el mundo entendía que aquellos cadáveres tendidos en la arena como muñecos rotos eran el precio inevitable de la vida en Vilabranca. El riesgo de ser tragado por las aguas gélidas era simplemente una especie de tributo a la subsistencia, y por eso aquellos muertos se lloraban de otro modo, con igual intensidad pero mucho menos dramatismo que los producidos por la gripe o por una epidemia de tifus: eran muertos esperados, muertos que cualquiera podía anticipar y de los que era obligado llevar cuenta: nunca eran menos de nueve ni más de dieciséis, y todos lo sabían al empezar la temporada de pesca. Sólo faltaba conocer los nombres de los malhadados que contribuirían a incrementar la crónica obligadamente luctuosa de la vida en el mar.

Cuando un Rolls Royce amarillo entró traqueteando por las calles sin asfaltar de Vilabranca, algunos creyeron que había llegado el fin del mundo y que el diablo en persona, todo de azufre y negro, pilotaba aquel ingenio cuyo ruido no se parecía a ningún otro que hubieran escuchado antes y que despedía un humo pesitilente por la parte de atrás, seguramente producto de las partículas infernales que ardían en su interior. [...]

Hubo un silencio que pareció durar horas. La gente miraba a los pasajeros del Rolls Royce del mismo modo en que hubiesen mirado a un fantasma, con la curiosidad clavada en los ojos y el gesto expectante del que se enfrenta a un misterio. Fue entonces cuando se dieron cuenta que, en efecto, la venida de Fernando Castro era un hecho cierto y no una mentira orquestada por el alcalde para distraerles de las penurias diarias y la amargura de la escasez. Entonces alguien, nunca se supo quién, inició el aplauso. Un aplauso sincero que secundaron todos, que duró mucho tiempo y cuyo ruido pudo escucharse en todos los rincones del pueblo y puso en fuga a las gaviotas que anadeaban por la playa. Cuando escuchó aquel aplauso cuyo significado no acertó a explicarse del todo, Linus Daff tuvo por fin el absoluto convencimiento de que no había sido un error suplantar a Fernando Castro de Lema para hacer realidad el sueño del indiano y, por qué no, también los sueños de todos los vecinos de aquel pueblo perdido de la Costa de la Muerte.

(...)

PACO DE TANO [Petín de Valdeorras, 1962]

Con sangue nos beizos [Malpica de Bergantiños: Caldeirón, 2007]

Saín do ventre nai
nas laxes do Caldeirón
mamando tetos percebeiros
comín carroadas de lapas
en noites de xeadas salgadas
nunca naceu primavera
nos bíos do Caldeirón
rabuñados polo mar famento

camiñei polos carreiros da Lúa
co cobizoso Sol
mais pesquei a morte

no peito das Sisargas
fartas de defuntos

o silencio agóchase
detrás do bruar das ondas
das gaivotas
dos ruxidos das furnas

sangra o mar
lañado polas navallas
nas miñas mans

chega o tempo co nordés
de oxidarse
de notar a emigración
nos latexos dos peixes
no meu corazón

axexo sentado na cadeira dos ventos
no Caldeirón
bágoas de areas mouras
das mulleres mariñeiros

J. ANTONIO ANDRADE [Seavia-Coristanco, 1957]
Reválida de sexto [Autoedición, 2008]

(...)

Erguín moi cedo para coller o *Autos-Finisterre* das oito até Vimianzo. Alí estaban agardando por min na parada, tal e como conviñeramos, Amador e seu pai. Cando iamos meternos no Simca Mil deste, ¡vaia sorpresa levei! Tamén viñera a canda eles, dende Camelle, Xurxo, O Debuxainas.

Foi un día increíble, que non hai esquecer na vida. De tanto oír lle falar diso aos camariñáns do internado, eu quería, por riba de todo, ver o Cemiterio dos Ingleses. O señor Abelardo, pai de Amador, que andou ao mar moitos anos e coñece ben esa paraxe litoral, suxeriu que podíamos facer unha marcha a pé dende Camelle até alí, pasando por Arou e Santa Mariña, ofrecéndose para irnos recoller pola tarde co Land Rover da conserveira onde agora traballa, a través das pistas forestais. Levaba eu anos (dende as primeiras buscas de minerais para a clase de Ciencias) argallando facer unha cousa semellante e velaí que ocasión tan bonita de convertela en realidade, nunha mañá envolvente e luminosa que convidaba a camiñar.

O señor Abelardo achegounos aos tres no Simca Mil até o pequeno porto de Camelle. Lembrei as viaxes de vacacións no 4-L de papá até o santuario de Muxía, Corcubión, mesmo Fisterra; pero non recordaba ter chegado con meus pais até aquela vila costeira afastada da estrada xeral. [...]

Foi *O Debuxainas* quen marcou o paso e quen ía facendo a escolla dos múltiples camiños que en cada encrucillada aparecían, retomando a dirección por aquel que había de levarnos até o camposanto dos náufragos. Amador, pola contra, era quen me instruía dos acontecementos históricos ocorridos naquela franxa de costa, tan salvaxe como extraordinaria. Ao longo de todo o treito rochoso que vai dende Arou á Pena Forcada, Xurxo e el non deixaron de se gabaren das maiores habelencias e precisións cartográficas, xa fora respecto de onde empezaba o Cabo Tosto, xa fose sobre da dirección ou a altura á

que debía quedar a Punta do Boi, na que se escangallara o barco de guerra inglés. Polos retoques lixeiramente fantásticos que lle ían engadindo a cada acontecemento e pola ausencia dunha mínima precisión cronolóxica (“hai moitos anos que...”) pareceume que cantas cousas contaban os meus amigos lle foran transmitidas oralmente por veciños e familiares, cousa que ao meu entender non lles facía desmerecer interese, senón máis ben enriquecer os seus relatos. Comprobei a relación de parentela e consanguinidade que tanto se dá nos perfís da nosa costa cando pasamos unha “Pedra do Sal”, que debe ser a irmá máis vella da que hai en Razo, fronte á casa de Regueira, e cando baixamos a costa de Santa Mariña, que debe ter unha prima carnal do mesmo nome casada entre Arnados e a punta de Malpica. (...)

ALEXANDRE NERIUM [Fisterra, 1960]

Nocturnidade do sal [Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2008]

Monte Branco
poseso
entebrecido

acércote
até a min
o meigallo
que arrían as milpéndoras!

* * *

Eshoróome

estércome co pélogo

as Sisargas
debrúzanme

a deshora virás a relingarme

ALEXANDRE NERIUM [Fisterra, 1960]
VV.AA.: *No lombo do Atlántico* [Vieiros.com, 2008]

Á quedada do mal tempo

Oírase falar aqueles días que un barco azul de maior arboradura que un trincado, ben estivado no castelo de proa de caucho e madeira de ébano, ó seu paso por terra do Mañoto, cara á estribor corréraselle a carga e, para endereitar a goleta, tiveran que desprenderse dunha parte de fardos de aquela tan prezada goma virxe.

Ombreaban as Albas e a Carraca apenas esfolaba.

Íase quedando o mar a ollo e os mascatos auguraban o bo tempo.

Sáíran a tentar –acaso a travesía fixera atracar algún róbalo ós secos-. Tomaran rumbo ó sur, ó socairo do Cabo e, ó pasar o Tordeiro ameazante e o infausto Socabo, arrostraban a vil Costa da Morte e a buceta suspiraba entre as rutías.

As mulleres erguéranse ben cedo a habilitar os chismes: as sedelas: torcidas e anoadas crinas de cabalo que trouxeran de véspera de Chaín e Certeghuas. Eles, á procura dalgún patelo ou urola que a resaca guindara cara á praia e que, ó fin, servirían para iscar os anzois fortemente atalingados ás grupas.

-Teremos que vogar contracorrente, dicía o máis sabido de abordo, -a auga corre a sur cando o mar baixa-.

-Emproaremos ese azoute infernal dos xaramiños aínda que nos cubran os salseiros, até alcanzar o Roque (un baixío ó noroeste do Centulo), pode que alí asomase algunha chasca.

Ó chegar ó destino, trala longa e pausada singradura; Chuco, o do Marragho, que vogaba dacarto, tomou os remos e Ramón, o de marior baquía, que portaba nas mans o guión de couse, aseverou as marcacións e ordenou lanzar os estrames polo costado de sotavento. Non se sentiu trabada, nin se asinara peixe.

Escrutou o horizonte. Subitamente, co seu lene aceno, moveu a gorra dunha banda a outra, apertou o cello para que o sol no reflectise a dor na súa vista, mirou ó lonxe e, ó pé da espuma sólida, na flor da auga, aboiaba o recendo da cálida incerteza. Devagar, fóronse aproximando e as pupilas abríronselle como saín no pélogo, como as ovas de polbo que espellaron da fondura o infortunio.

Retomaron o rumbo, e case ó recalar na arnela da Ribeira, xunto á Pedra do Rei, escóitase a voz sinistra do patrón.

-Agochade os chalecos que alumean, no tambucho de proa, a ver se don Luís, o contrameste, váínoos comisar.

DIANA VARELA PUÑAL [Corme, 1981]

Fíos [A Coruña: Espiral Maior, 2008]

Fisterra

Á fin do camiño quero chegar ó teu lado.
Levamos un ano pensando na nosa viaxe a Fisterra,
percorrendo cada día un pouco,
facendo o listado dos sitios que queremos ver.
Acurtaría os pasos que me foron dados
se con eso poidese andar os restantes contigo;
abrazados nesa posta de sol, represéntase o ceo
do que falan os evanxeos, non se precisan
daqueles poetas para entendela.
Prolongaremos no tempo esta lucidez
e diluiranse as rochas deste último precipicio,
fronte a fronte con el, resistentes.

Os teus pés, dous barcos nas ondas do meu peito,
preciadas xoias de tanto esforzo que veno
cubrindoos de bicos e de aceites.
Quen lle puxo nome ó ouro non sabía do teu corpo.
Se a algunha fin da terra a que ir houbera,
a morte e os medos rematarán con ela,
vencidos pola forza das nosas mans entrelazadas.

MARÍA CANOSA [Cee, 1978]

Fáiscas [Vigo: Galaxia, 2009]

Dende o alén

(...)

Veú verme un día. Quería coñecer a Costa da Morte. E visitamos Muxía, Lires, o faro de Fisterra, Nemiña... Bulía polas estradas “queimando roda”, en contra dos meus consellos, que o facían rir. Quería ver o mar, as ondas, a espuma escachando contra os penedos... non se saciaba de paisaxes mariñeiras. Quería ver todos os mares do meu contorno e saborear o solpor mareiro. Ao final da tarde confesoume que estaba decepcionado. O mar bravo e fero que agardaba non aparecera, só puidera ver un océano quedo, paralizado, trazado con tiraliñas, e el quería un mar de inverno que fíxese honor á súa sona. Prometín ensinarlle o próximo temporal, avisalo con tempo para que os salseiros o mollasen... sentíndome defraudada por non atinar no día da visita.

-Agarda un chisco –dixo mentres se afastaba.

Descendeu polo acantilado, perdéndose da miña vista. Sentei nunha pedra a agardar polo seu retorno, coñecía, e cando dicía que o agardase era mellor non seguilo.

Volveu ao pouco tempo, sorrindo con ganas.

-Sabes? Hoxe é o mellor día que puider vir aquí.

Respondín abrindo os ollos en silencio.

-Si, si.

-Pero se estabas a protestar porque dicías que este non era o mar da Costa da Morte, que era unha estafa.

-Iso era antes. É que agora xa sei porque o mar está tan quedo.

-Por?

-Porque hoxe viñeron tamén de visita as sereas.

(...)

PEPE CARBALLUDE [Rubín-A Estrada, 1956]

Xogares dun tempo novo [A Coruña: Everest, 2009]

(...)

Aquel contratempo ocupou moitas conversas no futuro e reafirmou en nós a idea inicial das Misións Pedagóxicas de darlle cultura á xente para cambiar o país.

Lembro con especial agarimo aquela misión de Fisterra non só por este detalle que che acabo de contar, senón tamén porque alí puxemos en práctica a vella idea de Sánchez Barbudo de aprenderlle á xente a valorar o propio para que así tamén soubese valorar o alleo. Había que descubri-lle a súa terra, a historia, a arte, as lendas... todo aquilo que moitas veces non se aprecia porque non se sabe ou porque se ten moi preto. Nada mellor que Fisterra para ensaiar aquel proxecto. Nunca esqueceré o teu discurso á xente reunida no centro da vila. “Estamos no cabo do mundo, no santuario do sol, peregrinaxe obrigada dos ollos que fican abraiados ante o milagre do solpor. Tedes, amigos fisterráns, o mellor espectáculo natural do mundo, o sol apagando as súas lapas de lume nas augas do mar que se transforma en deus, o deus da luz feita arte, o Apolo de cabelos dourados que cada tarde vén durmir no seu leito salgado”. ¡Fermosísimo!

¡Que ben o pasamos en Fisterra, Agustín! Fixeramos unha chea de excursións por toda a zona que os veciños ían descubriendo coma se fose a primeira vez que a vían: a ermida de San Guillerme, a onde antigamente ían as mulleres estériles na procura de fertilidade; a igrexa de Santa María das Areas co Cristo que disque lle medra a barba como o de Ourense e moitos sitios máis que se me esqueceron. (...)

MODESTO FRAGA [Fisterra, 1974]

Mar de ausencias [Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, 2009]

Mar de Fóra

En Mar de Fóra
a penas se percibe a luz do día

e todo fica estraño
e silencioso

e o frío arde
nos tombos da mudez máis arraigada

como unha sombra
enxoiada de paisaxes.

En Mar de Fóra
adoito se mesturan
as artes do tributo máis efémero:

ese traballo inxel
de remendar nas redes de encaixe máis
[absurdo.

herdanza de salitre
-a nosa-
de homes e mulleres salitrosos

porque levamos no silencio
o rostro e a palidez salgada do traballo

En Mar de Fóra
as redes son o berce
onde aniñamos, nós,
alén da luz escura
que nos sinala o día.

LUÍS LAMELA GARCÍA [Corcubión, 1945]
Escapado [Vigo: Xerais, 2009]

(...)

O ceo prometía outro día claro, pleno de sol, cun azul ininterrompido. A agradable airexiña da mañá amortecía a sensación de esforzo que provocaba o ascenso. Acadada a Laxe dos Cabalos, cando o carreiro empezaba a revirarse entre penedos, próximo ao Rego das Canas, O Cantolo observou o sol a espreguizarse ao lonxe, polo Oriente, e o mar a recobrar o azul verdecente da súa beleza, salferíndose cos ronseis, que axiña esvaeían, das numerosas embarcacións que se dirixían aos caladoiros habituais. E, no aire, o ruxerruxe atenuado dos motores dos barcos que procuraban as Lobeiras, o cabo fisterrán, a punta da Nasa, os baixíos de Duio ou as Arrosiñas...

Era consciente O Cantolo de que durante o traxecto previsto ata acadar o cumio do Peñafiel debería sentar a descansar en varias ocasións. Fíxoo por primeira vez durante uns minutíños xunto dun pequeno manancial que corre lixeiro monte abaixo entre seixos, carriza e un piñeiral cativo. Pola dificultade prevista, calculara a necesidade de acometer o ascenso en hora temperá, evitando así que as raiolas do mediodía minasen as súas gastadas enerxías. Restaurado o folgo, proseguíu o camiño con vagar. A rentes do denegrado penedo do Outeiro Negro, fitou ese final próximo: a Portela Ventosa, xa case no cumio.

Con cada interrupción, O Cantolo sentaba nunha pena e ollaba admirado a paisaxe que espallaba a súa largueza monte abaixo. No alto sentía enlentecer a vida. O mesto silencio convocaba a memoria e poñía o ceo a unha cuarta da man. Dende os 600 metros do cumio do monte Peñafiel enxergábase todo

canto precisaba: o azul atlántico infinito, a acolledora ría corcubionesa –cor da pedra augamariña, allea aos pontóns carboeiros da súa mocidade no primeiro terzo do século XX-, os brancos e rechamantes areais de Carnota, de Ézaro, de Gures, da Langosteira, Sardiñeiro, Estorde e Quenxe, e máis lonxe, tras do cabo fisterrán, ao final do istmo peninsular, o de Mar de Fóra.

Nada mudara. Aos seus pés, o espello multicolor do río Xallas na súa aperta co mar receptor, interrompido pola pontella de pedra que o atravesa. Máis lonxe, as localidades de Cee, Corcubión, Fisterra e Carnota, que medraran notablemente entre panorámicas ilimitadas. E, aboiando e enguedellándose entre a feble borraqueira da mañá, un ascendente recendo a iodo e a ourizos de mar que lle permitía restaurar ausencias venturosas.

(...)

LOIS OREIRO [Pudenza-Brandomil-Zas, 1966]

Uns ós outros [Santa Comba: tresCtres, 2009]

IV

Hermes fala

-Terma barqueiro destes que che traio,
o cónsul da Hispania Ulterior
conquistador de lusitanos e galaicos
fuxiu co medo ó sol vermello de Fisterra,
rende as lexións contra ninguén en ningures,
o outro...

é un xogo floral, unha pena
antecedente doutras mágoas.

Caronte responde

-Xa tardaban estes dous

en ficar a pé de Hades;
covardes hanlles reزار
de camiño na gamela
ós deuses pagáns
inzando de réquiems
o mar de fóra, de Fisterra
e torpe o rezo será responso;
encresparán á escuridade
pero sen arredar dela.
Amolecerán sen luz,
iranse desfacendo.

XOSÉ ANTONIO PET POSSE [Tella-Ponteceso, 1941]*O náufrago* [Santiago de Compostela: Sotelo-Blanco, 2009]

(...)

Cando saían da taberna do Birollo, pola banda de Laxe o ceo empezaba a clarexar. Os estreitos camiños da aldea estaban solitarios: a xente de Camelle tragáara a terra. Na pequena igrexa, unha ducia de anciás, reproducindo o son dun enxame de abellas, salmodiaban o rosario facendo compañía a uns dezaoto cadáveres doutros tantos indios malabares, cuxos corpos, ríxidos coma as mesmas táboas de piñeiro sobre as que repousaban, amosaban facianas azuladas, mans escravas e cabelos dun negro acibeche. O señor cura da Ponte do Porto, en resposta ás preguntas das precavidas beatas de Camelle no referente ó rezo do santo rosario polas ánimas daqueles indios malabares e musulmáns, dixo que, aínda que eran un fato de infieis, o Noso Señoríño, conmovido polas pregarías das piadosas freguesas, quizais consentise en leva-las súas almas para un cornecho do purgatorio.

Ó John remordeulle a conciencia cando viu aqueles corpos inertes, estirados no chan baixo a teitume da igrexa, alumeados pola luz feble que traspasaba as vidreiras de cores duns fachinelos abertos nos muros. Cos ánimos acougados naquel sosego que segue á tempestade, lonxe dos horrores do naufraxio, afastado daqueles momentos nos que fora vítima dunha loucura momentánea ou presa dunha cobiza enervante, que todo hai que dicilo, sentiuse avergoñado. O cheiro que soltaban os cirios acendidos; a monotonía e mailo murmurio dos rezos; o fedor a humidade; as fúnebres vestimentas das ensimesmadas beatas, cuxas cabezas cubertas con negros panos acentuaban as concas dos ollos e as prominencias do nariz, obrigárono a saír do templo.

Na orela do mar, nos confíns da rada de Arou, a xente da bisbarra xa recollera os feridos e os mortos, que foran transportados en carros de bois e con cabalerías ata Camelle e Arou. Os avezados buscadores de obxectos, coa experiencia doutros pretéritos naufraxios, rastrexaban a zona co propósito de atopar algunha cousa de valor. Foron eles os que informaron ó escocés dos pormenores do salvamento. Algúns superviventes vagaran baixo o manto da noite ata Camariñas. Dixeron que os veciños do contorno lles facilitaran roupa e alimentos. O John preguntou polo capitán, mais ninguén lle puido dar novas del. Un concelleiro do termo municipal, que por alí andaba tomando notas nun caderno, informouno de que só vira dúas persoas de raza branca vivas: unha señorita, que dixo chamarse Bocker, e un señor, ó que a señorita

chamaba míster Gordon. Estes dous superviventes chegaran polo seu pé ata Camariñas. O John acordábase deles: a señorita Bocker era a camareira do barco, e o señor Gordon, o terceiro oficial de máquinas.

(...)

ALOIS JIRÁSEK [Hronov, 1851 – Praga, 1930]

Desde Bohemia ata a fin do mundo [Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2010. Tradución de *Z Cech az na konec sveta*; Praga: *Jarý vek*, 1889]

(...)

De súpeto, vimos nun outeiro unha igrexa espectacular cuxas paredes brancas chamaban a atención desde lonxe. Debaixo desta igrexa, na mesma beira do mar había unha aldea que se chamaba como a igrexa do outeiro, Stella Obscura. Esta era a fin do mundo máis afastada... Sen descansar o suficiente, dirixímonos ao mar. Alí, de pé sobre unha rocha alta que sobresaía do mar, miramos cara adiante sobre unha interminable e ancha chaira de auga. Como xa vos dixen, as nubes perseguíanse sobre as nosas cabezas cara ao oeste, cruzando o mar que se revolvía con forza. Se ata entón rebordabamos de alegría, nese momento fôisenos toda a risa. Quedamos mirando e pensando na marusía do mar infinito, especialmente cando un velliño do lugar nos dixo a través do noso intérprete, e sinalando cara ao mar:

“Aquí está a fin da terra firme, a fin do mundo, porque diante non hai máis que o mar e o mar. Onde está a súa fin, só o bo Deus o sabe!”.

Logo ese velliño contounos unha estraña historia sobre uns valentes navegantes que non crían que aquí estivese a fin de todo e que decidiran cruzar o mar pensando que alén del atoparían algunha terra.

[...]

“Enton, onde chegarades vós, avó, non era a fin do mundo!”, exclamou Jaroslav.

“Naqueles tempos si o era, queridos nenos, daquela en todas as partes así o dicían, e crían que este rochoso lugar xunto ao mar, Stella Obscura, era o punto máis afastado do mundo, e que detrás del non había máis nada que un mar completamente baleiro”.

“Pero eses navegantes chegaron a unha illa chea de ouro”, discrepaba Jaroslav.

“Si, pero iso era só unha lenda, como vos contei. Con todo, debía de ter algo de verdade, porque máis ou menos trinta anos máis tarde, despois de ter estado en España, na fin do mundo, varios barcos emprenderon outra vez o rumbo cara ao oeste por ese mar descoñecido e deron con terra firme. E agora viaxan alí continuamente, como se sabe; e segundo din, detrás do mar hai varias illas e terras cheas de ouro, pedras preciosas, xente e animais estraños, e especias e medicinas prezadas”.

“Si, o párroco falounos o outro día diso”.

“Entón, queridos nenos, *Stella Obscura*, é dicir, como lle chaman tamén a fin do mundo *Finis Terrae* en latín, non é a fin do mundo; pero nese momento estiven alí”, engadiu o vello nobre cun sorriso.

“E como seguistes?”, preguntaron os netos.

“Non puidemos seguir adiante porque estabamos nesa fin do mundo”, respondeu o avó con alegría (...)

EDELMIRO VÁZQUEZ NAVAL [Toubes-A Peroxa, 1949]
As luces de noutrora [Culleredo: Espiral Maior, 2010]

Mar de Fisterra

Láíase o mar na brava penedía.
Bradán os ais do vento enfurecido.
Mar de Fisterra!, abismo presentido
de *Beleza*. Convulsa marusía.

Quebran ondas azuis no acantilado
en balbordo de espumas e zunidos.
Tamén quebran os soños incumpridos
como as ondas dun mar esnaquizado.

Cada día, en incerta singradura,
tamén suca o destino tempestades,
pola *Costa da Morte* aventureiro.

Tamén vai pola mar a arboradura
do meu soño sucando soedades,
na mar crespada vida mariñeiro.

ÍNDICE

1. ANTONIO RIOBOO E SEIXAS: *La barca más prodigiosa*.
2. GEORGE BORROW: *The Bible in Spain*.
3. ROSALÍA DE CASTRO: *La hija del mar*.
4. ROSALÍA DE CASTRO: *Cantares Gallegos*.
5. MÁXIMO LEYES POSSE: “Sacar o aire”.
6. ANTONIO LÓPEZ FERREIRO: *A tecedeira de Bonaval*.
7. EDUARDO PONDAL: *O dólmen de Dombate*.
8. ENRIQUE LABARTA POSE: *Millo miúdo*.
9. FRANCISCO SUÁREZ SALGADO: “Un encanto”.
10. PEPE DE XAN BAÑA: “A Soneira”.
11. EVARISTO MARTELO: “As aigas”.
12. VÍCTOR CASTRO RODRÍGUEZ: “Nosa Señora da Barca”.
13. SALVADOR GOLPE: “Un rogo”.
14. VICTORINO ABENTE: “Lembranzas”.
15. FRANCISCO TETTAMANCY: “Á pedra da Virxe da Barca”.
16. FAUSTINO LASTRES PAZOS: “Muxía”, “Camariñas”.
17. EVARISTO MARTELO: *Landras e Bayas*.
18. EMILIO WALDOMAR: “Corcubión”.
19. JOSÉ CAMPOS NÚÑEZ: “Camariñas”.
20. FRANCISCO SÁNCHEZ GARCÍA: “Brumas viaxeiras”.
21. LOIS FERNÁNDEZ GÓMEZ: “De Camariñas á Ponte do Porto”.
22. PABLO DELLA COSTA: “El labriego de Vimianzo”.
23. GONZALO LÓPEZ ABENTE: *Buserana*.
24. TERESA JUEGA: “A Lage”.
25. RAMÓN SUÁREZ PICALLO: “Aturuxos en el mar”.
26. JOSÉ MAS: *La Costa de la Muerte*.
27. MANUEL CAAMAÑO DEVESA: “¡Fisterráns!”.
28. GONZALO LÓPEZ ABENTE: *Nemancos*.
29. RAMÓN OTERO PEDRAYO: “O pinal de Tella”.
30. MATÍAS M^a ESCARIZ: “O panillo”.
31. FEDERICO GARCÍA LORCA: *Seis poemas galegos*.
32. EDUARDO PONDAL: *Queixumes dos pinos y Poesías Inéditas*.
33. ÁLVARO CUNQUEIRO: *Rogelia en Finisterre*.
34. RAMÓN REY BALTAR: “Finisterre”.
35. XOSÉ COLLAZO MARTÍNEZ: “Adeus Val de Vimianzo”.
36. EUGENIO MONTALE: *Finisterre*.
37. ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS: “Poema da lua e do mar”.
38. EMILIO LEMA: “A Vimianzo”.

39. ANTÓN ZAPATA GARCÍA: *A roseira da soidade*.
40. MANUEL CANOSA PUENTE: “Muxía”.
41. XOHANA TORRES: *Do sulco*.
42. GERARDO DIEGO: *Ángeles de Compostela*.
43. TEODORO MORGADE: *Cartafol*.
44. JOSÉ ÁNGEL VALENTE: *Breve son*.
45. XOSÉ SESTO: “A soma do Fisterre”.
46. HANS CHRISTIAN ANDERSEN: *Uma visita em Portugal em 1866*.
47. DORA VÁZQUEZ: *Bergantiñá*.
48. VÍCTOR LUIS MOLINARI: “Finisterre”.
49. XOÁN BERNÁRDEZ VILAR: *Un home de Vilameán*.
50. XAVIER SEOANE: *A caluga do paxaro*.
51. NÉLIDA PIÑON: *O calor das coisas*.
52. MANUEL RIVAS: *Libro do Entroido*.
53. XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO: *Herdo e alucinación en Fisterra*.
54. VÍCTOR F. FREIXANES: *O triángulo inscrito na circunferencia*.
55. MANUEL MARÍA: *Versos do lume e do vaga-lume*.
56. MANOEL RIVEIRO LOUREIRO: “O Pau”.
57. CRISTINA AMENEDO: *Mar aberto*.
58. DARÍO XOHÁN CABANA: *A fraga amurallada*.
59. MIGUEL A. MATO FONDO: “*Em Corme hai noites infindas...*”.
60. JOSÉ ANTONIO POSSE: *Memorias del cura liberal don Juan Antonio Posse...*
61. XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN: *Arnoia, Arnoia*.
62. CARLOS PENELAS: *Finisterre*.
63. MARÍA XOSÉ QUEIZÁN: *O segredo da Pedra Figueira*.
64. DICTINIO DEL CASTILLO-ELEJABEYTIA: *O espello das brétemas*.
65. FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL: *Pabellón habitado*.
66. CÉSAR ANTONIO MOLINA: *El Fin de Finisterre / O Fin de Fisterra*.
67. X. H. RIVADULLA CORCÓN: “Muxía. A cidade do mar no país do vento”.
68. XOÁN BABARRO: *O dragón de Gondomil*.
69. MIGUEL ANXO FERNÁN-VELLO: “Ofélia en Fisterra”.
70. MIRO VILLAR: *Ausencias pretéritas*.
71. XELUCHO ABELLA: *A cidade maldita*.
72. XELUCHO ABELLA: *Gundar e o cabalo de oito patas*.
73. WANDA RAMOS: *Litoral (Ara Solis)*.
74. ALEJANDRO FINISTERRE: *Cantos rodados. Antología poética*.
75. FRANCISCO JOSÉ VIEGAS: *As duas águas do mar*.
76. MARTA DACOSTA: *Crear o mar en Compostela*.
77. RAFAEL LEMA: *Cemiterio das gaivotas*.
78. XOSÉ MANUEL LEMA MOUZO: *Os dentes da noite*.

79. XOSÉ MANUEL MARTÍNEZ OCA: *Os culpables*.
80. MANUEL RIVAS: *En salvaxe compañía*.
81. PEPE CARBALLUDE: *S.O.S.*
82. ARTURO L. REGUEIRO: *Cartografías*.
83. LUÍS REI NÚÑEZ: *A casa na brêtema*.
84. URSULA HEINZE: “Entre Santiago e Fisterra”.
85. ENRIQUE LABARTA POSE: *Contos*.
86. XOSEMARÍA PÉREZ PARALLÉ: *Poemas, cantigas*.
87. LUÍS REI NÚÑEZ: *Imán Fisterra (Cadernos da Costa da Morte)*.
88. MANUEL RIVAS: *Costa da Morte Blues*.
89. XANDRA TEDÍN: “*E unha lúa...*”.
90. CONSUELO XIMÉNEZ DE CISNEROS: *Aínda quedan piratas na Costa da Morte*.
91. MARILAR ALEIXANDRE: *Lobos nas illas*.
92. MÓNICA GÓÑEZ: “*Putá libidinosa...*”.
93. SUSO DE TORO: *Calzados Lola*.
94. RAFA VILLAR: “*O mar...*”.
95. XERVASIO PAZ LESTÓN: *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón*.
96. ISOLDA SANTIAGO: *Berce das estampas*.
97. MIRO VILLAR: *Equinoccio de primavera*.
98. LINO BRAXE: *A cor do ceo*.
99. CAMILO JOSÉ CELA: *Madera de Boj*.
100. JOSÉ ALBERTE CORRAL IGLÉSIAS: *Acarom da Brêtema*.
101. ARTHUR HAWKEY: *Black night off Finisterre*.
102. XURXO SOUTO: “*Visitación de Santa Mariña*”.
103. CONCHA BLANCO: *Quero que veñan meus pais*.
104. XURXO BORRAZÁS: *Na maleta*.
105. MÓNICA GÓÑEZ: “*un imperio, un imperio*”.
106. F. R. LAVANDEIRA: *Mar que evita o meu regreso*.
107. INMA LÓPEZ SILVA: *Rosas, corvos e cancións*.
108. ROSA MÉNDEZ FONTE: *Poemas anobelados no tempo*.
109. ROMÁN RAÑA: “*Artur en Fisterra*”.
110. REYNALDO VALINHO: *Das rias ao mar oceano*.
111. VICENTE ARAGUAS: *A canción do verán*.
112. RAMIRO FONTE: *A rocha dos proscritos*.
113. LUÍS FILIPE MAÇARICO: “*Finisterra*”, “*Farol de Finisterra*”.
114. CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS: *O rumor distante*.
115. JOSÉ ÁNGEL VALENTE: “*Fisterra*”.
116. ROSA MARÍA VIDAL: *O baile das mariolas*.
117. FRANCISCO DOMÍNGUEZ ROMERO: “*Finis-Terrae (Costa da Morte)*”.
118. SERXIO IGLESIAS: *Métodos para afogar un cisne*.
119. EDUARDO PONDAL: *Poesía Galega Completa. Poemas manuscritos*.

120. XOSÉ H. RIVADULLA CORCÓN: *...do mar e a noite*.
121. XOSÉ H. RIVADULLA CORCÓN: *Taberna á deriva*.
122. PACO DE TANO: *Xanela ao bío*.
123. MARILAR ALEIXANDRE: *Desmentindo a primavera*.
124. ESTEVO CREUS: *Decría*.
125. MARÍA LADO: “*Os ollos cansos e o babi azul e branco...*”.
126. ALEXANDRE NERIUM: *Vogar de couse*.
127. XOSÉ MANUEL VARELA: *Casa vouga*.
128. XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR: “*Poema neghro*”.
129. ROSA ANEIROS: *Veú visitarme o mar*.
130. CONCHA BLANCO: *Sara*.
131. RAFAEL LEMA: *O club do corvo mariño*.
132. RAFA VILLAR: *No ventre da balea*.
133. ÂNGELO BREA: *O país dos nevoeiros*.
134. FERNANDO CABEZA QUILES: *Domingo de Resurrección*.
135. MIGUEL MATO FONDO: *Xope de Lilaina*.
136. BRANCA VILELA: *A faciana das augas*.
137. MARÍA ROSA LOJO: *A Fin da Terra*.
138. ROSA VILLADA: *El Camino de los Locos*.
139. MARILAR ALEIXANDRE: *Mudanzas*.
140. MODESTO FRAGA: *Derrotas con raíces*.
141. ALBERTO LEMA: “*Museo de Pedra*”.
142. XESÚS RÁBADE PAREDES: *Poemas do aire*.
143. MARTA RIVERA DE LA CRUZ: *El inventor de historias*.
144. PACO DE TANO: *Con sangue nos beizos*.
145. J. ANTONIO ANDRADE: *Reválida de sexto*.
146. ALEXANDRE NERIUM: *Nocturnidade do sal*.
147. ALEXANDRE NERIUM: “*Á quedada do mal tempo*”.
148. DIANA VARELA PUÑAL: *Fíos*.
149. MARÍA CANOSA: *Faíscas*.
150. PEPE CARBALLUDE: *Xograres dun tempo novo*.
151. MODESTO FRAGA: *Mar de ausencias*.
152. LUÍS LAMELA GARCÍA: *Escapado*.
153. LOIS OREIRO: *Uns ós outros*.
154. XOSÉ ANTONIO PET POSSE: *O náufrago*.
155. ALOIS JIRÁSEK: *Desde Bohemia ata a fin do mundo*.
156. EDELMIRO VÁZQUEZ NAVAL: *As luces de noutrora*.

